A Santiago

A Santiago

Relatos infanto-xuvenís para o Camiño

Blanca-Ana Roig Rechou e Carmen Franco Vázquez
(Eds.)

XUNTA DE GALICIA

A SANTIAGO
Relatos infanto-xuvenís para o Camiño

ANTOLOXÍA

Blanca-Ana Roig Rechou
Carmen Franco Vázquez
(Eds.)

A SANTIAGO
Relatos infanto-xuvenís para o Camiño

Redactoras:

Eulalia Agrelo Costas
Pilar Bendoiro Mariño
Mar Fernández Vázquez
Carmen Ferreira Boo
Carmen Franco Vázquez
Esther de León Viloria
Isabel Mociño González
Marta Neira Rodríguez
Blanca-Ana Roig Rechou
Isabel Soto López
Universidade de Santiago de Compostela/ELOS/LIJMI

Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura / ELOS (Asociación Galego Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil / LIJMI (Rede temática de investigación "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano")

Deseño da cuberta: María Jesús Agra Pardiñas

Imprime: *Nino*-Centro de Impresión Digital

Maquetación: Miguel A. Suárez

DL: C 1283-2010

ISBN: 978-84-693-1193-6

ÍNDICE

1. Introdución 7

2. Antoloxía 13

Joaquín Aguirre Bellver..... 15
O bordón e a estrela: de Roncesvalles a Náxera
O Camiño de Santiago de Compostela: o bordón e a estrela

Darío Xohán Cabana 35
O milagre das estrelas
(Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago)

Pepe Carballude 39
De como o Santo dos Croques se fai peregrino

Fina Casalderrey..... 50
Lúas de nácara

Paulo Coelho..... 63
O peregrino a Compostela. Diario dun mago

Juan Farias 70
A pousada do sétimo día

Rafael Fernández Lorenzo 76
As flores do meu amigo

Francisco Fernández Naval..... 82
Suso Espada. O misterio do Grial

Agustín Fernández Paz 91
O único que queda é o amor

Concha López Narváez 107
Endrina e o segredo do peregrino

Gonzalo Moure..... 120
O bocexo do puma

Antonio Reigosa 153
Resalgario

Gloria Sánchez..... 160
A Galiña da Paz

3. Referencias bibliográficas 167

1. Introdución

Como se recolle no *Diccionario de termos literarios (a-d)*[1], unha antoloxía concíbese como unha recompilación de textos de un ou varios autores, elixidos segundo un criterio autorial, temático, cronolóxico ou formal, que pode ser de grande utilidade informativa como conxunto representativo dunha época, tendencia ou literatura determinadas.

Atendendo a estes parámetros, ofrécese nesta antoloxía unha mostra de textos en galego, provenientes de obras escritas en lingua galega ou traducidas a ela, que tratan o Camiño de Santiago dentro do canon potencial da Literatura Infantil e Xuvenil (en diante, LIX).

Calquera proposta selectiva entendida como antoloxía dá a coñecer o que o seleccionador considera mellor, o que merece resaltarse, preservarse e ensinar de entre todo o que conforma o canon potencial, é dicir, un canon selectivo que contribúe aos procesos de canonización dun sistema literario. Seguindo o dicionario citado, as antoloxías manteñen unha estreita interrelación coa historia da literatura, dado que o historiador literario precisa ter en conta o canon potencial e indicar o accesíbel, a produción dispoñíbel nun momento determinado, para que o antólogo ou seleccionador poida estabelecer os canons selectivos, xa que logo, saber cáles son as mellores obras dentro da produción. Neste sentido, tanto as antoloxías como as historias da literatura seleccionan e canonizan cunha finalidade: a instrución, a pedagoxía e a educación.

A estas potencialidades hai que engadir o seu grande aproveitamento para que o mediador realice con éxito a súa función de educar literariamente, ademais de se converter nunha inestimábel ferramenta didáctica na transmisión de coñecementos e valores, na promoción dun espírito crítico e de opinión, na

[1] Equipo Glifo (1998: 114).

consecución dun ambiente lúdico nas aulas e na motivación para introducirse na produción dos autores.

De centrarse no sistema literario infantil e xuvenil galego, constátase que se publicaron moi poucas antoloxías e que as existentes amosan pouca variación nos modelos adoptados, dado que na década dos anos oitenta prevaleceu a atención a entidades autoriais canónicas, como é o caso de Rosalía de Castro[2], Manuel Curros Enríquez[3], Daniel A. Rodríguez Castelao[4] ou Celso Emilio Ferreiro[5], mentres que, dende finais dos anos noventa, se publicaron seleccións[6] que acolleron a produción de diferentes autores, que se considera deben formar parte do imaxinario dos máis novos. Estas propostas responderon á situación de emerxencia do propio sistema literario, no que cada vez se contou cun corpus máis consolidado e diverso. Chama a atención que na práctica totalidade dos casos os antólogos optasen por ofrecer seleccións de carácter poético e, nunha única ocasión, de literatura dramática[7]. A pesar de ser o xénero narrativo o máis abondoso da produción de LIX, hai que esperar ao ano 2004 para ver a primeira antoloxía de carácter temático, tal é o caso d'*A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega* (Agra e Roig, 2004), único prece-

---

[2] *Rosalía cos rapaces* (Xunta de Galicia, 1985), *Cantando cos nenos. Escolma de poemas para que canten os nenos* (Ediciós do Castro, 1985), *Rosalía para rapaces (Escolma de cantares gallegos)* (Galiza Editora, 1985), *Rosalía Castro e os nenos* (Everest, 1985), *Rosalía de Castro para nenos* (Ediciones de la Torre, 1988) e *Escolma poética. Rosalía de Castro* (Faktoria K de Libros, 2008).

[3] *Curros Enríquez para nenos* (Ediciones de la Torre, 1988).

[4] *Castelao para nenos* (Ediciones de la Torre, 1988) e *Castelao e os nenos* (Nova Galicia, 1988).

[5] *Celso Emilio Ferreiro para nenos* (Ediciones de la Torre, 1988) e *Escolma poética. Celso Emilio Ferreiro* (Faktoria K de Libros, 2008).

[6] Como é o caso d´*Os nosos versos*, de Antonio García Teijeiro (Anaya, 1997); *Antoloxía da Poesía Galega para nenos*, de Celia Ruíz Ibáñez (Susaeta Ediciones, 2000); *O libro dos cen poemas*, de Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez (Espiral Maior, 2002); e *Poetízate*, de Fran Alonso (Edicións Xerais de Galicia, 2005).

[7] *Teatro nas aulas* (1987), na que se recompilan dez textos pensados para o seu uso na aula, seleccionados da colección "Cadernos da Escola Dramática Galega", que abrangue un amplo abano temporal, dado que inclúe textos tan distantes como o *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1671), de Gabriel Feixó de Araúxo; *Fedra* (1982), de Manuel Lourenzo; e *O pauto* (1983), de Xesús Pisón.

dente, polo de agora, de antoloxía de textos narrativos dirixidos á infancia e mocidade.

Esta situación é debida fundamentalmente a que as condicións socio-político-culturais impediron o desenvolvemento normal do sistema literario infantil e xuvenil galego, que, como é sabido, non se consolidou até a década dos anos oitenta do século XX, ademais de que adoeceu durante moito tempo dunha crítica e investigación seria e rigorosa[8], imprescindíbel para abordar os traballos con criterios e metodoloxías ao uso, cos que se sitúe a LIX ao mesmo nivel cá literatura institucional ou de adultos.

Conscientes desta eiva e da importancia que o Camiño de Santiago ten como elemento configurador identitario, como itinerario complexo de diálogo e intercambio cultural e de estímulo xerador de universalidade ofrécese esta antoloxía temática, *A Santiago. Relatos infanto-xuvenís para o Camiño*, recompilación selectiva de textos narrativos publicados en obras de autoría única. Unha guía instrumental pensada para pais, nais, docentes, bibliotecarios ou interesados en xeral nesta temática, coa que poden contar no seu labor de mediación entre o libro e a lectura, especialmente idónea nun ano no que se conmemora esta efeméride e no que a súa presenza nos medios de comunicación a revelan como de plena actualidade na sociedade na que día a día vive a infancia e mocidade.

Todos os textos seleccionados teñen como eixe temático o Camiño de Santiago e a peregrinación a Compostela ao longo deste itinerario europeo, de modo que conforman un pequeno escaparate de historias, discursos, estilos e enfoques diversos, que posibilita un achegamento máis concreto á temática. Un conxunto de textos que invita o lectorado máis novo, en cola-

---

[8] Como se pode constatar no informe *Docencia, investigación e crítica* (LIJMI, 2008) e que se reflicte tamén na tardía constitución de entidades específicas de investigadores nesta materia, como os grupos de investigación (LITER21, da Universidade de Santiago de Compostela, e "Literatura Infantil e a súa tradución", formado por varios grupos de investigación das Universidades de Vigo e de Santiago de Compostela), redes temáticas (como LIJMI. "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano") ou asociacións de investigadores (como ELOS. "Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil").

boración co adulto, a ler e non só a ser lidos, pois a través da lectura poderá experimentar a aventura, a fantasía, o misterio, a intriga, as experiencias oníricas ou sobrenaturais que viven os personaxes. Estas temáticas recréanse a través de novelas de carácter histórico, como *Endrina e o segredo do peregrino*; outras con trazos detectivescos ou policiais, como *Suso Espada. O misterio do Grial*; así como algúns relatos fantástico-realistas que xogan con aspectos sobrenaturais, de misterio ou de ultratumba, como "Unha historia de fantasmas", d'*O único que queda é o amor*; sen esquecer aqueloutras propostas nas que os trazos sinalados se combinan co ludismo, a aparente inocencia e o riso, como é o caso de *Resalgario* e *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*, por citar só algúns exemplos.

O marco temporal que máis atraeu os creadores para recrear esta temática foi a Idade Media, sen deixar de optar tamén pola indeterminación temporal, permitindo situar o narrado en calquera momento da historia. Son menos os casos nos que os protagonistas son coetáneos do lectorado, mozos da sociedade actual que viven experiencias iniciáticas, de autocoñecemento e busca interior, onde o Camiño é lugar privilexiado de encontro con outros e con eles mesmos. En todo caso, mozos e mozas de diferentes procedencias e nacionalidades, que logran transmitirlle ao lectorado agardado toda a forza das súas experiencias e a ilusión e esperanza que sempre dominan as narracións, nas que a loita pola xustiza, a verdade e a solidariedade acaban por triunfar. Este carácter realista combínase coa fantasía naquelas obras que, tomando como personaxes referentes propios da tradición xacobea (Mestre Mateo, Demo, sombra, anxos, Galiña que cantou despois de morta, etc.), recrean as súas peripecias ao longo do Camiño de modo lúdico e desenfadado, con grandes doses de humor, converténdoos en símbolos de loita pola xustiza, o afán de superación e a defensa da bondade.

Entre as oito rutas xacobeas predomina como escenario o chamado "Camiño francés", itinerario elixido por boa parte dos creadores, unha das vías máis coñecidas e transitadas de Europa, pola que chegaron innovacións culturais e ao redor da

que se configurou un dos referentes arquitectónicos máis rendíbeis e rico do noroeste peninsular, o Románico.

É probábel que o tratamento dunha temática tan vizosa estea de fondo na elección de tramas complexas, dirixidas na maior parte dos casos a un lectorado adolescente ou mozo, no que se adoitan chamar novelas de fronteira, volumes con escasas marcas específicas que acenan cara a un amplo abano de potencial lectorado, aínda que non faltan tampouco propostas que parten de lendas asociadas a esta temática, como é o caso d´*A Galiña da Paz*, dirixida aos máis novos.

En definitiva, un conxunto de carácter heteroxéneo no que se tentan privilexiar mostras representativas que dean conta da ampla variedade de estratexias literarias coa que aparece tratado o Camiño de Santiago, que en todo caso se ampara en criterios de selección fundamentados na calidade literaria, na recepción crítica que estes títulos tiveron no momento da publicación (premios, recensións, reedicións, etc.), nas traxectorias autoriais e na innovación que introduciron no tratamento da temática.

Antológanse catorce obras de autores recoñecidos nos respectivos sistemas literarios, como é o caso dos galegos Darío Xohán Cabana, Pepe Carballude, Fina Casalderrey, Rafael Fernández Lorenzo, Francisco Fernández Naval, Agustín Fernández Paz, Antonio Reigosa e Gloria Sánchez; dos casteláns, Joaquín Aguirre Bellver, Juan Farias, Concha López Narváez e Gonzalo Moure; e do brasileiro Paulo Coelho. Cada fragmento escolmado vai acompañado da ficha descritiva do volume no que se atopa, ademais dun resumo argumental e unhas notas biobibliográficas dos escritores e ilustradores, para fornecer datos relevantes e de contextualización da obra pensados para o mediador. Na selección dos fragmentos óptase pola inclusión de relatos ou capítulos completos que presentan certa homoxeneidade, coa finalidade de salvagardar a coherencia interna dos textos, dar unha idea precisa do ton xeral das obras nas que se insiren e suscitar o interese do potencial lectorado para que lea as obras completas.

Esta publicación foi concibida como complemento do *Itinerario de lecturas. De camiño a Compostela pola LIX* (Agra e Roig coords., 2010), un repertorio bibliográfico de carácter xeral no que se recollen tanto as obras que tratan a peregrinación a Compostela nas súas máis diversas vertentes (relixiosa e sociocultural, fundamentalmente o patrimonio inmaterial como as lendas, tradicións, correntes filosóficas e artísticas, ideas, etc.), coma aqueloutras que tratan a cidade e a súa contorna, os seus símbolos e os espazos asociados á peregrinación, converténdoa nun enclave literario irradiador dunha historia lendaria, na que se perciben as pegadas dunha tradición de acollida aos que durante séculos chegaron ás súas portas.

Espérase que estes dous volumes axuden a que os máis pequenos se acheguen ao Camiño de Santiago, un feito sociopolítico-cultural que marcou a historia da cultura occidental, e dende el a outras obras e creadores cos que descubrir novos mundos e vivir experiencias inesquecíbeis, que pasarán a formar parte do seu imaxinario e enriquecerán a súa enciclopedia persoal, revelando a importancia da literatura na educación literaria e cultural do ser humano dende a infancia.

2. Antoloxía



Título: *O bordón e a estrela: de Roncesvalles a Náxera*
Escritor: Joaquín Aguirre Bellver
Ilustrador: Nivio López Vigil
Tradutora: Xulia Fernández Fernández
Editorial: Edelvives
Colección: Ala Delta; 26, serie verde
(a partir dos 10 anos)
Ano de publicación: 1993
Núm. pp.: 92

Título: *O Camiño de Santiago de Compostela: o bordón e a estrela*
Escritor: Joaquín Aguirre Bellver
Ilustrador: Nivio López Vigil
Tradutora: Xulia Fernández Fernández
Editorial: Edelvives
Colección: Ala Delta; 27, serie verde
(a partir dos 10 anos)
Ano de publicación: 1993
Núm. pp.: 72

A OBRA

Novela en dúas entregas baseada nas lendas que, ao longo dos séculos, se foron forxando á beira da ruta pola que "rezou e peregrinou Europa nos seus tempos de unidade espiritual", como sinala o propio autor no limiar. Ten como protagonistas o escultor Geraud de Saint Gilles, que está a facer o Camiño de Santiago para alcanzar o perdón por un crime do que foi acusado inxustamente, e un neno orfo, Mateo, que vive nun convento de Roncesvalles, lugar que abandona para acompañar a Geraud durante o traxecto a Compostela. Nesta viaxe ambos viven distintas peripecias nas que se teñen que axudar mutuamente, así como a outros cos que se atopan. Na primeira entrega, o maior dos perigos nos que se ven involucrados é o enfrontamento cuns ladróns que secuestran o fillo dun nobre alemán, facendo parecer culpábel a Geraud. Ante esta situa-

ción, Mateo loita por demostrar a inocencia do seu amigo, polo que mesmo pon en perigo a súa vida, acción que se ve recompensada coa intercesión milagreira do Santo.

Seleccionouse este capítulo porque é un dos momentos álxidos da novela, onde o que prima é o suspense e a acción dos personaxes. Ao mesmo tempo, a incerteza do que lle vai acontecer a Geraud é un estímulo para que o lectorado agardado continue a súa lectura. No medio da trama o autor aproveita para describir o ambiente e a solidariedade que se vive entre os camiñantes.

No segundo volume continúan as aventuras de Mateo e Geraud no Camiño a Compostela, enlazando no punto exacto no que remataran na primeira entrega: a aldea de San Domingos da Calzada. Neste lugar, os protagonistas coñecen os planos do ermitán para construír unha ponte sobre o río Oxa que lles facilite o paso aos peregrinos. O escultor comprométese co ermitán a volver e axudarlle na construción, para logo continuar camiño cara a Vilafranca, Burgos, Terra de Campos, Sahagún, León, etc., lugares nos que os peregrinos cos que se atopan van narrando as súas vivencias ou as de personaxes relevantes na tradición xacobea, como San Bento ou Carlomagno. A medida que se aproximan a Santiago de Compostela, os peregrinos manifestan a ledicia e o entusiasmo por alcanzar a meta, esperanza que se ve tronzada polo ataque duns ladróns, que feren de morte a Mateo. Finalmente, este logra chegar ao Monte do Gozo, lugar no que atopa a razón da súa peregrinación a Santiago: reunirse con súa nai morta, mentres que Geraud, liberado do seu castigo, regresa a San Domingos da Calzada para cumprir a súa promesa.

As ilustracións figurativas nos dous volumes mostran xa dende a cuberta a caracterización dos personaxes e o contexto no que discorre o relato, co que se complementan. Están realizadas en acuarela pero a impresión está feita en gama de grises.

O capítulo deste segundo volume que se reproduce escóllese por amosar o clímax da narración, posto que é significativa a importancia que a obra outorga aos valores espirituais e relixiosos, os cales alcanzan o seu punto álxido na resolución do

conflito presentado. Relátanse os tráxicos sucesos que finalmente se verán resoltos grazas á fe depositada na peregrinación.

O ESCRITOR

Joaquín Aguirre Bellver (Madrid, 1929), debuxante e pintor, é licenciado en Filoloxía Románica e Xornalismo. A súa produción dirixida ao lectorado infantil e xuvenil ten recibido diferentes galardóns, entre eles o Premio Lazarillo ou o da Comisión Católica Española de la Infancia (CCEI), este último outorgado a *El bordón y la estrella* en 1962. Algunha das súas obras mesmo foron levadas ao cine con grande éxito, como ocorreu en 1964 co filme *Miguelín*, que gañou en Cannes o Gran Premio Mundial de Cine para a Infancia e a Xuventude. En 1967 comezou unha segunda etapa da súa produción e nos últimos anos dedicouse por enteiro á LIX.

O ILUSTRADOR

Nivio López Vigil (A Habana, 1957) estudou Belas Artes e Oficios, é historiador e arqueólogo. Fixo traballos para diversas editoriais e participou en exposicións individuais e colectivas. Publicou máis de cen obras, algunhas delas merecentes de recoñecementos nacionais e internacionais como o galardón da Bienal Internacional de Lannion en 1990, o Premio CCEI de Ilustración 1997, o Premio Concurso Libro Infantil y Juvenil ANILIJ 1998 e a Lista de Honra do Premio CCEI de Ilustración 2004. En galego ten ilustrado *Compañeiro de soños* (1992), de Fernando Lalana, ou *Aínda quedan piratas na Costa da Morte* (1995), de Consuelo Jiménez de Cisneros.

CAPÍTULO IV [9]

Outra vez o camiño, cun alto en Irache

1 Foron unhas horas terribles para Mateo, pola idea de que o seu compañeiro estaba en perigo certo e a incerteza da forma en que debía axudalo. Lembrando amargamente as súas xornadas tranquilas de Roncesvalles, saíu ó camiño, e alí sentouse, a un lado, disposto a espera-lo paso de alguén que por caridade quixese levalo.

Correron as horas sen que Mateo encontrase unha cara con xesto de amigo. Chegado o momento de parar un camiñante, asaltábanlle temores de ser rechazado, de infundir sospeitas, de recibir burlas e retrocedía. Pero era preciso emprende-la busca do seu amigo, e sen tardanza. Non sabía onde o levarían. Só viu marchar aqueles truáns camiño romeiro adiante, e a súa mirada perdeunos en seguida.

Agora cruzaba a ponte un grupo de peregrinos montados. Púxose de pé e tendeu a vista. Si, eran os que chegaran a Roncesvalles xunto con Geraud. Encheuse de ledicia. Cando os tivo cerca, saíu ó camiño co brazo levantado e a palma aberta, pedíndolles que parasen.

Viñan en cabeza o xastre e o escudeiro; e tivo que apartarse porque non detiveron os seus cabalos, como ignorantes da presencia do cativo. Foille falar á señora, á dona e á mesoneira, que formaban a seguinte fila, pero marchaban tan dignas e tiveron un xesto tan altivo ó velo que se retirou, desalentado. Os labradores provenzais cruzáronse falando animadamente, sen reparar nel. Mateo sentiu entón que lle subiu á garganta un impo e rompeu en lágrimas.

–Oe, pequeno, ¿de onde te coñezo eu?

Era un dos comerciantes xenoveses.

–¿Por que choras?

---

[9] Este capítulo IV, que ocupa as páxinas 50-65 da novela *O bordón e a estrela: de Roncesvalles a Náxera* (1993), preséntase coma os seis capítulos que a conforman, subdividido en partes mediante numeración arábiga.

Os últimos do grupo detivéronse. Mirando a Mateo estaban o monxe e os dous italianos.

–Tamén eu coñezo esa cara –dixo o monxe.

O cativo explicouse entre impos.

–Eu son o que se acercou a buscarvos en Roncesvalles. O que saíu ó camiño coa campá para que non vos perderades.

Entón lembráronse.

–¿Que fas aquí?

–Vou peregrino tamén, pero o meu compañeiro perdeuse. Estou só e…

Neste punto, os saloucos derrotaron as palabras en toda a liña. Consultábanse entre si os romeiros a cabalo.

–Penso eu –estimou o monxe– que é o momento de corresponder á súa axuda de entón. Nas ancas do meu cabalo irá ben.

–De ningunha maneira, padre. Eu levo un animal máis resistente –obxectou un dos mercadores. E dixo a Mateo–: Ven aquí, rapaz. Vamos, dáme a man e monta.

–Eso é. Así.

Apertaron o paso das súas cabalgaduras para pilla-lo resto do grupo. O xenovés que levaba a Mateo era home alegre, bromista, rebordando de optimismo. Cantaruxaba: *Camín del signor San Iago*…

E interrompía a súa canción continuamente para preguntarlle ó cativo:

–¿Como te chamas? ¿De onde es? ¿Por que vas a Compostela?

Mateo andaba con moito tino nas súas respostas. Temía que do demasiado revelar puidese saír dano para o seu amigo Geraud.

–Oe –dixo en chanza o xenovés–, ¿sabes que non es precisamente un charlatán? Se chego a sabelo antes de ofrecerche o meu cabalo, quizais o pensara máis. ¡Fala, fillo, fala, que só polo gusto de falar merece a pena vivir no mundo! Fálalle a quen queiras de verdade, fálalle sen parar; dese xeito faslle ver continuamente que non se atopa só.

–Deixádeo estar –terciou o monxe–, que penas ten, e din que penas piden silencios.

–Eu diría mellor que penas piden compañía, padre.

–Tede en conta que silencio pode ser compañía de Deus.

–Se se vai por eses camiños, nada teño que replicar. Xa estou convencido.

E volveu cantaruxar: *Camín del signor San Iago*…

A pouco dirixíase con grandes voces ós demais compoñentes do grupo:

–¡Eh, amigos, mirade que peza cacei! A mellor que capturei na miña vida, e a máis rara!

Pero a vista de Mateo ás ancas do xenovés non pareceu caerlles moi en gracia ós demais. Mesmo houbo quen rosmou descontento.

–Ti non te preocupes, ¿eh, Mateo? É xente que sae cazar e antes de volver cunha peza que non esperaban prefiren volver coas mans baleiras. Nin caso. *Camín del signor San Iago*… ¿Coñeces este cantar?

–Oínllelo moitas veces ós peregrinos xenoveses.

–¡Canta entón comigo, rapaz! *Camín del signor San Iago*… ¿Cómo segue a letra? Porque eu só sei ata aí, pero gustaríame aprendela enteira.

Interrompeu a toada o outro xenovés, que parecía bastante máis sensato:

–A todo esto, ¿que sería do noso amigo o cabaleiro alemán? ¿Pagaría o rescate? A vostede, padre, ¿que lle parece?

Mateo tendeu o oído para escoita-la resposta do monxe, que marchaba lixeiramente atrasado.

–Xusto neste intre –respondeu– estaba acordándome del e do seu fillo. Rezaba por eles… e polos raptores.

2 Cabalgaran sen descanso, e saíndo ó camiño o menos posible. En canto sabían outro terreo apto para as súas monturas afastábanse da ruta peregrina. Sempre que lles foi posible deron de lado as cidades e os hospitais e mosteiros. De noite non fixeron máis altos que os necesarios para o descanso dos cabalos, fatigados por aquel esforzo sen medida.

Geraud non recibira resposta a ningunha das preguntas que fixo. Foi ignorado. Únicamente se ocuparon de que cabalgase sen atraso e de que se soubese vixiado en todo momento. Cando o xefe necesitaba comunicarlles algo ós seus compañeiros, afastábase o suficiente e facía a súa voz o bastante baixa para que o forzado non puidese oí-lo que falaban. Geraud pensou aflixido naquela nova tropelía da súa triste fortuna. Decatábase de que estaba en mans dunha xente sen piedade, aínda que non acertaba a comprender para que lles era necesario el, un home sen máis caudal que unha suma inmensa de desgracias.

E pensaba en Mateo. Aquel cativo, co que convivira unhas curtas xornadas, estaba misteriosamente penetrado no seu afecto. Tentaba explicalo. Quizais Mateo fose para el unha repentina ilusión de fogar, de familia. Quizá Mateo estivese dalgún xeito ligado co recordo grato dos seus anos de nenez. Ou quizais cun desexo oculto, nunca expresado, de prolongarse nun fillo. Pero todo aquelo era absurdo. Nunca volvería ver a Mateo, nunca regresaría á súa terra, nunca quizais vería amencer, nunca, nunca, nunca…

Porque dunha soa cousa estaba certo: aqueles homes pensaban quitarlle a vida. Adiviñábao nos seus xestos, no xeito de miralo, na frialdade penetrante dos ollos do xefe. Non comprendía as súas razóns, pero aquela decisión dos raptores estaba moi clara para Geraud. Nalgún momento rebelouse contra esta idea tentando achacala ó seu medo, pero remataba por ceder definitivamente a ela.

Fixeron alto nun pequeno bosque, ó pé duns montes costentos. Faltaba pouco para a alba. Na escuridade só alcanzou a distinguir un arroio que corría cerca, polo fondo do val.

Fixéronlle apearse do cabalo. Un dos arqueiros conduciuno ó pé dunha árbore e ordenoulle que se sentase. Geraud estaba rendido. Tendeuse de lado, aínda sen ceder na alerta. Temía que dun momento a outro aqueles malfeitores viñesen contra el. A pouca distancia de Geraud sentárase un arqueiro; o outro permanecía xunto ó xefe, afastado uns cen pasos, falando con sixilo. Amenceu.

Ó pouco tempo soaron pisadas de cabalos ó fondo do val. Alzáronse inquietos os tres salteadores, co oído moi tenso e as mans moi cerca das armas. Sentíase crece-lo ruído de cascos en avance. Namentres o sol ía espallando cores sobre os montes veciños. Geraud esforzouse por localiza-lo sitio onde estaban. Á medianoite oíra, illada nunha frase que non comprendeu, a palabra «Náxera». Quizais se encontrasen cerca da cidade. Por outra banda, parecíalle demasiada distancia cuberta no seu cabalgar daquelas horas.

¡Por alí veñen!

O arqueiro que gardaba a Geraud estaba sinalando cara á espesura do val. Certamente víase move-la maleza. Non tardaron en distinguir uns xinetes. Geraud incorporouse para mirar.

–Ti estate quieto –ordenoulle o gardián.

Eran tres os que chegaban. O primeiro en facer alto xunto ó xefe coñecíao Geraud. Ceara na mesa do hospital de Pamplona. Era aquel home metade peregrino, metade mendigo, que chegou o último á hospedaxe. O segundo cabalo ocupábao Sigfried, que viña atado cunha grosa soga ó ventre do animal, de forma que non puidese escapar. Sigfried chegaba derrubado sobre a crina da súa montura. Parecía esvaecido. O terceiro xinete non o vira nunca Geraud de Saint Gilles. Pero cortoulle o alento ver que sobre o ombro, fulxente ó sol a súa folla xeada, levaba un machete afiadísimo.

3 Os peregrinos cruzaron o río Ega pola ponte Navarro. Alzáronse logo por unha costa que levaba a Zarapuz, bordeárono pronto, e, cinguidos á aba do Montejurra, chegaron ó mosteiro de Irache.

–É mellor parar en Santa María de Irache que en Estella –dixera o xastre–. Aínda que en Estella fixo o rei grandes obras e levantou un grande castelo, Irache ten avoengo; ten anos, que é o que dá valor ós viños e ós mosteiros. Ademais, en Estella a poboación é case enteira de francos e andan sempre á greña entre as súas confrarías. Mellor faremos noite aquí.

Mateo preguntou, contrariado, ó xenovés:

–¿Imos deternos xa?

–Eso parece.

–¡Pero se fixemos moi pouco camiño!

–Oe, que nosoutros vimos desde Pamplona. Cando te atopamos, xa cubriran os cabalos unhas cantas leguas. Ademais, ¿a que esas présas?

–Quería pilla-lo meu amigo.

–Pero, ¿non dixeches que te perderas? ¿Como sabes entón que el non está aquí?

–Saíu de Puente la Reina e coido que chegaría máis alá de Irache.

Ía Mateo posuído por unha inquietude que non lle deixaba repouso. Apercibiuse de que aínda a hora da cea quedaba lonxe e saíu pasear polas proximidades do mosteiro. ¿Que sería de Geraud? Camiñou un bo pouco polo campo, buscando que a fatiga acougase os seus nervios. Logo entrou a rezar na igrexa de Santa María la Real. Era a Virxe toda ela de prata e lucía á luz da tardiña. Saíu máis consolado despois de dicirlle as poucas oracións que sabía. Entón decatouse de que estivera mordendo as uñas durante a camiñada polos arredores.

Chegou a tempo de cear. Non había moitos máis hóspedes que os compañeiros de Mateo. No refectorio sentáronse dezasete. Unha vez feita a bendición da mesa polo monxe que con eles viña, iniciouse sen pausa a conversación. E sobre un tema único: a desaparición do fillo do cabaleiro alemán.

A xulgar polo moito que falaba, quen máis sabía sobre o sucedido era a pousadeira francesa. Contoulles ós alleos ó seu grupo tódolos detalles daquela noite en Pamplona. O interese con que era escoitada prestáballe alento e a súa conversa ía facéndose cada vez máis elocuente, máis altisonante, máis declamatoria. Só un entre os seus novos compañeiros de mesa permanecía con xesto aburrido, como se xa soubese a historia. Esto molestáballe moito á señora Toupet, pero pensou que se trataba dun maleducado e prescindiu del. Chegado o momento da súa narración, o peregrino tentou interrompela para dicir algo.

A señora Toupet levantou a voz o suficiente para que non se oíse a petición daquel home de condición baixa e baixos modais, como saltaba á vista. Por tres veces tentou interpoñerse no relato, e ás tres atopouse sen ponte pola que cruzar aquela avenida torrencial. Pero ó cabo conseguiuno. E foi para dicir:

–Xa se sabe quen é o culpable.

Tódalas miradas esqueceron á señora Toupet.

–Pois si, xa saben quen é o raptor dese rapaz. Ademais, polo que vos oín, debeu de vir na vosa compañía.

Foi crecendo a intriga de todos.

–Dixéronme, os que teñen razóns para sabelo, que se trata dun asasino tolo que facía a peregrinación forzado.

Mateo torgouse ó oír aquelo. O refectorio enchérase de sorpresa e discusión, repentinamente.

–Non é posible –dixo o pousadeiro–. E non o é porque ese saíu do hospital cando xa Sigfried faltaba da súa cama.

–Estaba neso –replicou o hóspede descoñecido–. Pero eso non é inconveniente. Parece que un cómplice o fixo saír do hospital e logo o forzado foi ó lugar que acordaran de antemán.

Cesara a discusión e só quedaba en todos a máis absoluta sorpresa.

–Sería unha vinganza por aquel lapote que o cabaleiro Haze lle deu no refectorio –suxeriu a dona.

–Seguramente. ¿Lembrades con que ollos o mirou?

–Desde logo, tiña cara de asasino. E adiviñáronselle os desexos de vinganza.

–¿Dicides que está tolo?

–E ten o frenesí máis perigoso: cumpre condena por un crime horrible, a machadazos.

Mateo xa non puido seguir oíndo. Levantouse e saíu do comedor a toda présa, cun desacougo que o torturaba. Foi ó cuarto dos homes e deitouse na cama. Zumbáballe nos oídos a acusación dos hóspedes, repetida unha e outra vez. Imaxinaba a Geraud asediado polas ameazas dun tribunal no que as caras eran as dos peregrinos do refectorio, implacables nas súas

afirmacións, esixentes das máis crueis penas para o seu amigo. Mateo, afundido o rostro no cabezal, como se con el quixese vela-los seus ollos e os seus oídos a unha visión que, en realidade, se desenvolvía dentro do seu cerebro, escoitaba o latexar das súas vidallas nun golpeteo febril. Vía a Geraud gritando a súa inocencia a voces sepultadas polas voces crueis dos seus acusadores. Geraud reclamaba unha testemuña, a súa única testemuña, a Mateo, pero Mateo non estaba, a Mateo tíñano aferrado, tapada a boca por unha man xigantesca, aquel peregrino que dixo saber quen era o culpable. E Mateo tentaba soltarse inutilmente, desgarrábase a si mesmo no intento, afogábase a si mesmo ó tratar de separar da súa boca aquela man inmensa.

Espertou, sacudido polo seu propio pesadelo. Estaba saloucando, medio asfixiado, frenético de angustia. Volveu á realidade. ¿Levaría moito tempo alí tombado? Unha cousa lle parecía clara ó espertar: tiña que buscar a Geraud, tiña que atopalo, como fose. De súpeto asaltouno un presentimento. Quixo desfacerse del e non puido, porque inmediatamente retornou con maior forza. Levantouse do leito e saíu do dormitorio, aínda baleiro. Desde a porta do refectorio escoitou a animada conversación dos hóspedes. Entón –pensou– non estivera adormecido moito tempo: aínda os seus compañeiros permanecían de sobremesa.

Esperou a que se levantasen, escondido nunha volta baixo os pasos da vella escaleira. Non tardou moito en abrirse a porta, e ata el chegou, quente, unha tufarada a fonducho e algazara. Os peregrinos cantaban e rían á calor do viño das vides monásticas. O que saíra do comedor era o home que acusou a Geraud. Por certo que non se dirixía ó dormitorio, xa que, en vez de subi-la escaleira, tirara cara ó portalón de entrada.

Mateo seguiuno, co corazón apertado pola inchazón do seu presentimento, que xa tomara corpo enteiro de sospeita. Seguindo ó peregrino, foi acercándose á corte. Agardou cerca da entrada, retirado de xeito que non puidese ser descuberto. Pouco despois escoitaba unha inquietude de cascos no interior, e en seguida o descoñecido aparecía a cabalo. Levaba présa,

porque aguillou brutalmente a súa montura, que se levantou de mans e pateou o aire enfurecida, a poutadas, para logo facerse a unha carreira ansiosa de vento.

Non o dubidou Mateo. Entrou á súa vez na corte e desatou un cabalo, un calquera, o primeiro que atopou. Botou sobre o animal unha sela, tamén a primeira que atopou á man, e saltou sobre ela. Logo aguillouno con golpes repetidos, impacientes, dos seus calcaños, e o cabalo saíu veloz da corte.

Entón comezou a esvaerse en Mateo o fervor do pesadelo, a lava-la cara co aire fresco do galopar na noite. Dubidou. Realmente non era razoable o que estaba a facer. Roubara un cabalo para perseguir a un home a quen só acusaba un presentimento á saída dunha visión en soños.

–¡Eh, detéñase! ¡Ladrón!

Atemorizouse ante aquelas voces que o perseguían, e arreciou o impulso ó seu cabalo. O hospital e o mosteiro e a igrexa de Santa María la Real de Irache quedaron atrás moi pronto. Diante aparecíanselle unhas tebras cegas, abertas como fauces dunha cova sen fondo. Botouse a elas pechando os ollos a toda razón, deixándose abrazar polo silencio da terra durmida. Naquel silencio distinguiu de pronto o ruído distante duns cascos de cabalo. Aguillou. Si, cada vez oíaos máis cerca. Volveu repetirse a si mesmo, dicir en voz alta a súa certeza de que aquel home que cabalgaba diante del o levaría onde estaba Geraud.

CAPÍTULO V[10]

O final está cerca

1 Agora o camiño metérase entre unhas montañas descarnadas, agrestes, ameazadoras. Ían os peregrinos seguindo a marxe esquerda do Valcárcel.

–Ben está o nome –exclamou Pietro–, porque se diría que este é un val en prisión.

Perexe, Trabadelo, Ambas Mestas.

–Nun punto deste camiño din que o abade de Santa Mariña rompeu con axuda de Deus unha enorme pena que estreitaba o paso dos peregrinos –contou o monxe.

–¿Estreitábao máis aínda? ¿Pois queredes saber que a min estas montañas xa se me están caendo encima?

Amencera bretemoso o día e aquela paisaxe tiña unha tristeza torva que escurecía e amedrentaba os ánimos.

Traspasando a néboa cara ós peregrinos viñan varios homes a cabalo. A certeza do encontro naquela paraxe non produciu satisfacción en ningún dos compoñentes do grupo.

–Traen armas –anunciou o xastre.

–Serán portaxeiros.

–Deus o queira.

Presentáronse como portaxeiros. Fixeron apearse ós peregrinos e reuníronos afastados das súas cabalgaduras, ás que dous daqueles descoñecidos se puxeron a rexistrar detidamente. Mentres, os restantes enfrontáronse cos camiñantes.

–Ben, xa sabedes que se nos debe a portaxe. Vamos, dádevos présa, que temos moito que facer esta mañá.

Mentres os peregrinos ían sacando as bolsas e rebuscando nelas as moedas, un dos portaxeiros ía arrincándollas sen miramentos de entre as súas mans. Protestaban todos, pero tropezaba a súa protesta coa xordeira atemorizante daqueles rufiáns.

---

[10] Este capítulo V, que ocupa as páxinas 49-62, da novela *O Camiño de Santiago: o bordón e a estrela (2ª parte)* (1993) preséntase, como os seis capítulos que a conforman, subdividido en partes mediante numeración arábiga.

–¿E ti? –a pregunta ía dirixida a Geraud.

–Eu só levo encima o que vedes.

Golpeárono na cara co cabo de freixo dunha lanza corta.

–¿Por que facedes eso? –gritou Mateo, traspasado de indignación.

–Déixaos. Portaxeiros se din, e non son senón salteadores raspiñeiros dos peregrinos pobres.

Un novo golpe cortou as palabras de Geraud. Entón Mateo non puido conterse. Arremeteu a puñadas contra o verdugo que maltratara ó seu amigo, e derrubouno.

–¡Quieto, Mateo!

Pero Mateo, no seu ataque por sorpresa, fixera unha lanza, que puxo no peito do caído.

–Deixádenos segui-lo camiño ou atraveso o voso compañeiro –dixo, con palabras cargadas de decisión.

Todo fora tan rápido que aqueles rufiáns tardaron un pouco en decatarse do que sucedía. Tamén nas caras dos peregrinos había asombro e temor.

–Solta esa lanza, Mateo –rogou o monxe–. Será mellor para todos.

Pero o cativo apertou a punta de ferro contra o portaxeiro desarmado e cheo de terror. Foron os demais bandidos cedendo terreo e separándose dos peregrinos.

–¡Coidado, Mateo!

O grito dérao Geraud. Mateo deu a volta de contado, para recibir en pleno peito o golpe terrible dunha maza, lanzada por un dos verdugos que se quedaran roubando os cabalos. O cativo sentiu unha dor que lle penetraba punzante, moi afiada, e de seguida uns latidos que golpeaban con violencia as súas vidallas. Foron dobrándoselle as pernas mentres unha néboa turbia lle velaba os ollos. Antes de que o seu corpo caese a terra estaba suxeito polos brazos de Geraud.

Logo todo foi moi rápido. Recobrados da sorpresa, os portaxeiros terminaron de facerse con todo o que de valor levaban encima os peregrinos e ordenáronlles subir ós cabalos.

–¡Vamos, xa podedes segui-la vosa marcha! ¡Dádevos présa!

Geraud montou levando nos brazos a Mateo, desmaiado, en gromo dunha palidez de cirio.

–Respira con moita dificultade –díxolles ós demais.

Pietro resolveu:

–Hai que levalo de seguida ó Cebreiro. Vamos. Emparellade o voso cabalo ó meu. Aínda queda un cacho, polo que me dixeron en Vilafranca.

Ían aguillar cando se lles achegou a señora Toupet.

–Eu acompáñovos.

–Temos que ir moi á présa.

–¡Pobre! –e apartou cariñosamente os pelos despeiteados, caídos sobre a cara de Mateo. Logo bicouno.

–¡Vamos! –dixo Pietro.

Partiron, mentres a pousadeira comezaba a saloucar con desconsolo.

Pouco despois Pietro e Geraud perdíanse de vista, lanzados a un galope impaciente. Os peregrinos seguiron, abatidos, cabalgando o camiño do Bierzo. A dereita tiveron pronto o castelo de Autares.

–Esa é a gorida dos portaxeiros –dixo, cunha ira lívida, o xastre aragonés. E lanzou contra a fortaleza roqueira a súa maldición máis envelenada. A señora Toupet non deixaba de chorar, chea de angustia, sen que os consolos do seu home aliviasen a súa dor. Eran as súas bágoas de congoxa, como ante unha perda moi sentida.

Entre pendóns de brétema, o castelo roqueiro lanzaba ó aire desde os seus torreóns o voo rapaz dunhas aves negras, armadas de torvos picos de aceiro, sempiternas vixiantes crueis da comarca.

2 A cabalgada ata o Cebreiro fixérona os peregrinos cunha ansiedade que se expresaba sobre todo polo seu silencio. Diríase que todos eles foran rezando oracións durante o camiño de costas violentas, de grandes rodeos, de vaos e afluencia de camiños, a través daquel territorio ermitán onde en cada risco se abría unha cela de soidade penitente, en cada cova unha longa oración solitaria.

–*¡Deus, adiuva, sancte Iacobe!*

O saúdo fixéronllelo xubilosos outros peregrinos que diante deles avanzaban en grupo, e ó lanza-la consigna universal dos romeiros a Compostela levantaban os seus brazos dereitos sobre as cabezas e axitaban os bordóns.

–*¡Deus, adiuva, sancte Iacobe!* –responderon eles.

Pero non foi xubiloso o seu grito. Non podía selo, cando sobre os seus ánimos pesaba a inquietude por Mateo, o bravo rapaz que se enfrontou ós rufiáns salteadores da ruta peregrina.

Arremeteron a costa aguilloando os cabalos e non tardaron en sobrepasar ós do outro grupo, que ó cruce gastáronlles bromas pola présa que levaban. Ó xastre parecéronlle, polo acento, xente estremeña que, procedente do sur, enlazaba no Bierzo co camiño francés.

O Cebreiro, coas súas casas de tellado cónico e planta ovalada, coas torres do mosteiro erguéndose señoriais sobre o poboado de estatura minguada, aparecéuselles por sorpresa, á saída dunha revolta do camiño. No mosteiro déronlles pronta noticia de Mateo, o neno ferido. Estaba no hospital, había dúas horas escasas que chegaran os que o portaban en brazos. Encontraron a Pietro paseando inquieto polo corredor, diante da enfermería.

–¿Que tal está?

–Mal. Agora van traerlle a comuñón.

Quedaron todos oprimidos polo pesar, e rompeu a señora Toupet nun novo pranto pesaroso.

–¿Pódese ver? –preguntou a Pietro.

–Espero que si.

Entrou a boa da pousadeira na sala de enfermos. Mateo encontrábase ó final, xunto a unha fiestra pola que chegaba unha luz violenta. Na manta que o cubría resaltaba unha mancha de sangue. El estaba moi pálido, moi esmorecido, pero axiña distinguiu á señora Toupet e saudouna cun sorriso. Geraud permanecía sentado á cabeceira do leito, tentando tamén sorrir.

–O Monxoi está cerca, ¿verdade? –preguntou Mateo.

–Si, bastante cerca. En canto te poñas ben –dixo Geraud– aproximámonos, en xornada ou xornada e media. Pero agora non te preocupes. E procura durmir.

A señora Toupet bicou a Mateo, pero ó facelo conmoveuse moito e Geraud fíxolle sinais de que saíse para non impresiona-lo cativo. Mateo tiña entre as mans as cadeas rotas do seu amigo e xogaba distraidamente con elas.

Entrou entón na enfermería un sacerdote ancián, moi ancián, moi engurrado de pel, moi cano de pelo, moi rastro de andares e incerto de mans. Buscou a Mateo e chegou ó seu lado, polo oposto ó que Geraud ocupaba na cabeceira.

–Poden quedarse. Non vou facer máis que contarlle unha cousa antes de traerlle a comuñón.

Era unha voz débil e cascada a do vello sacerdote. Falou cerca, coa barba a uns palmos tan só da cara de Mateo.

–Agora vouche trae-la comuñón, xa sabes. Pero quero dicirche algo para que o penses. É o corpo e o sangue de Cristo –así, o corpo e o sangue de Cristo– o que vas recibir. Teno en conta, cre eso con toda a túa fe, con toda. Eu sempre lles digo esto ós que lles vou da-la comuñón. Non quero que deixen de pensalo, ¿comprendes?

Logo a súa vociña achacosa crebouse ó inicia-lo relato:

–Escoita. Eu vivín aquí moitos, moitos anos. Cando era novo, empecei un domingo a misa estando só na igrexa. Nevaba, nun terrible día de xistra como por aquí son frecuentes en inverno. Díxenme: «¿Quen vai chegar á misa cun tempo así?». Rematara de le-lo Evanxeo cando oín uns pasos que cruzaban a nave. Na igrexa encontrábase un pastor envolto nunha capa cargada de neve. E naquel intre, non sei aínda como, xurdiron dentro do meu pensamento unhas palabras terribles. Sempre que as lembro fanme tremer. Pensei: «¡Pobre home, que vén ver como levanto nas miñas mans un pouco de viño e un cacho de pan!». Ó chegar á Consagración vin que o cáliz estaba cheo de sangue, sangue, ¿compréndesme?; e en vez de pan... en vez de pan vin diante de min por un momento o corpo mesmo de Cristo. O pastor que estaba oíndo a misa viuno tan ben coma min. Hai non moito tempo que el morreu no mosteiro,

onde se recolleu despois daquelo. Lembra, meu fillo; pensa nesto cando recíba-la comuñón.

Estaba o velliño emocionado, e terminároнselle de afoga-las palabras ó chegar a este punto. Coa súa emoción cargada sobre os ombros curvados levantouse e saíu.

Quedaba Mateo sorrinte, moi tranquilo, co rostro esclarecido pola luz que lle botaba a fiestra da enfermería monacal.

3 Aquela noite, no refectorio coincidiron uns cantos grupos de peregrinos. Excepto o que vimos acompañando desde Roncesvalles, reinaba en todos a euforia máis buliciosa.

–¡Xa estamos en Galicia, amigos!

O cansazo das xornadas a pé e a cabalo, os perigos, as incomodidades, as penas, esquecíanse ó abrazo quente do viño da terra, traidor por aquela aparencia suave que se tornaba iracunda e tiranía ó tomar posesión da praza. Pronto estiveron vermellos os rostros e cantaruxeiras as gargantas. Alí o xúbilo tiña cen idiomas para expresarse ruidosamente.

Geraud baixara cear, pero non estaba o seu espírito adecuado ó ambiente do refectorio. No medio do barullo, da algazara, dos brindes e das cancións, das aclamacións ó Apóstolo, unha pesadume que as súas forzas non bastaban a levantar caera sobre o seu ánimo. E aquel xúbilo non facía senón agrava-la súa amargura. Cando estaban nada máis que mediada a cea, saíu, acometido por unha angustia violenta, do refectorio.

Os seus compañeiros de viaxe cambiaron entre si miradas de comprensión para a dor do forzado. Cando, rematada a cea, subiron ó dormitorio, Geraud estaba tendido sobre o seu leito, cos ollos abertos.

–¿Que tal segue o rapaz?

–Di o médico que non hai esperanza. Agora deixeino só, para ver se consegue durmir un pouco.

Deitáronse todos. Xunto a Geraud tombárase o señor Toupet, que comentou:

–Di a miña dona que o cativo preguntou se estaba moi lonxe o Monxoi. ¿Que ten el que ver con ese monte?

–É alí, á vista de Compostela, onde se conta que o Apóstolo leva ós que morren peregrinos.

–¡Pobre cativo! ¡Delirios da quentura!

Geraud non respondeu. Tardou moito en facerse o silencio no dormitorio dos homes. Todo porque a bastantes dos chegados aquel día ó Cebreiro afectáralles moito o viño da terra, co que era difícil facelos calar. Tan difícil, que a maioría renunciou a intentalo e deixou que atronasen a estancia con voces roucas e músicas desentoadas.

Geraud daba no seu leito voltas e máis voltas, martirizado pola imposición dunha atmosfera que o seu espírito non podía respirar. Levantouse e saíu. Estivo bastante tempo diante da ventá do corredor, contemplando a noite estrelecida, sosegándose co seu silencio confidente.

Logo decidiu entrar na enfermería. Foi ás apalpadas ata o extremo onde descansaba Mateo e buscou coas mans a súa cama. Apalpouna e avanzou cara á cabeceira. Percorreu o leito co tacto impaciente: Mateo non estaba alí. Achegouse á ventá e abriu as follas. A luz da lúa permitiulle ve-lo catre desfeito. E tampouco estaban as roupas do cativo.

Espertou a un vello que xacía febril na cama máis próxima.

–¿Viu a Mateo, o neno que durmía aquí?

–Foise. Saíu...

–¿Hai moito?

–Non sei.

–Pero, ¿onde ía?

–Non sei.

Aquel home estaba amodorrado pola quentura e Geraud comprendeu que non sería posible arrincarlle un dato certo. Pero Geraud estaba cheo de temores. No medio da súa dor, da súa asfixia, Mateo pensara todo o día, obsesionado, na proximidade do final da súa peregrinación.

Baixou á corte e non encontrou nela o cabalo que compartira co cativo. Dentro do peito fixo un nó a angustia do forzado. Mateo fuxira.

–Geraud.

Era unha voz de muller. A señora Toupet estaba alí, sentada sobre un montón de feo. Non choraba, pero parecía traspasada por un pesar feito xa abatemento.

–¿E Mateo? –preguntou Geraud–. ¿Viuno?

–Marchou. Marchou cara ó Monxoi.

–Pero, ¿por que o deixou? Como está non chegará moi lonxe.

–Eu non puiden contelo. Dixo que quería ve-la súa nai. Que ela o estaba esperando alí.

–Teño que saír tras del, pero levou o cabalo.

–Colla o meu.

Pouco despois Geraud saía ó camiño e esixíalle á súa montura o galope máis veloz pola costa abaixo, xa na terra galega. Obrigou ó cabalo a manter aquel esforzo na subida e no descenso dos numerosos portos, e pronto atravesou Triacastela e aparecéuselle o mosteiro de Samos, enorme mole ennegrecida pola noite. Ía Geraud pensando no sentimento de abandono que viu na pobre pousadeira francesa, e ía saboreando a amargura urxente do propio abandono no que o deixaba aquel cativo, peregrino ó encontro dunha sombra.



Título: *O milagre das estrelas (Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago)*
Escritor: Darío Xohán Cabana
Ilustradora: Liliana Vázquez
Editorial: Xerais de Galicia
Colección: Merlín, serie verde
(de 9 anos en diante)
Ano de publicación: 1993
Núm. pp.: 63

A OBRA

Narración en terceira persoa que ten como protagonistas o mago Antón, un trotamundos de Lugo que chegou co seu circo a París, e a súa axudante Güendoline. Relátase como durante a función, e despois de números de maxia que arrincan os aplausos dos espectadores, o mago lles pide que sexan eles os que escollan tres personaxes que lles gustaría que aparecesen no escenario. Os elixidos polo público son o emperador Carlomagno, que instaurou a peregrinación a Santiago de Compostela; o seu sobriño Roldán, o máis valente dos doce pares de Francia; e Don Gaiferos de Mormaltán (Guillerme X de Aquitania), que tamén foi peregrino a Compostela. Debido á intervención do Demo, o mago perece durante un número de maxia, o que provoca que estes personaxes históricos invoquen o Apóstolo para que interceda por eles e poidan volver onde estaban. Realizado o milagre, o Apóstolo convértese en home e ten que regresar a Santiago andando, viaxe na que deciden acompañalo polo Camiño francés como mostra de agradecemento. Durante a peregrinación enfróntanse a diferentes contratempos provocados polo Demo, pero todos son superados pola intervención milagreira do Santo ou polos trucos de maxia de Antón.

As ilustracións de técnica mixta mostran dende a cuberta unha montaxe con fragmentos de fotografías sobre fondos debuxados e traballados con grandes manchas de cores

acuareladas. A cuberta funciona como un indicio de que algo vai suceder e coloca o lectorado en situación de esperar un relato que garda relación con xogos de maxia. As ilustracións dentro do texto achegan moita información ao relato e caracterizan os personaxes, empregando as súas fotografías para conferirlles maior realismo.

Este capítulo seleccionado é o núcleo da trama. A partir del os personaxes, parte deles vinculados directamente co mundo xacobeo (Carlomagno, Roldán, Gaiferos e especialmente o Apóstolo Santiago), iniciarán o Camiño a Compostela acompañando o propio Apóstolo que se ve na obriga de realizalo a pé como humano.

O ESCRITOR

Darío Xohán Cabana (Roás, Terra Chá, Lugo, 1952) é funcionario do Concello de Lugo e autor de obra poética e narrativa dirixida ao público adulto, así como dunha ducia de obras dirixidas á infancia, actividade que iniciou en 1990 con títulos como *Chirlo, Merlo, na figueira*, *Galván en Saor* e *As aventuras de Breogán Folgueira*, aos que logo seguiron outras obras recoñecidas con galardóns como *O Castrón de Ouro* (1994, Premio O Barco de Vapor 1993) até que no ano 2000 publicou *Inés e a cadela sabia*.

A ILUSTRADORA

Liliana Vázquez ademais desta obra ilustrou *A fantástica viaxe de Sabela* (1992), de Euloxio Rodríguez Ruibal; *Polo correo do vento* (1994), de Aquilino Iglesia Alvariño; e *O aniversario de Ana* (1997), de Concha Blanco.

CHEGA O SEÑOR SANT-IAGO[11]

Entón viuse descender unha barca de pedra desde o ceo. Segundo baixaba aquel celestial navío, Güendoline acordouse automaticamente do seu oficio de axudante dun mago, e pasou un grande aro ó redor da barca, pero non había nin corda nin polea, visible nin invisible. E sen embargo, non podía ser meigaría do Mago Antón, que ben morto se vía espetado na espada.

Pousouse a barca no chan, e entón viuse que facía tamén oficio de sartego, porque nela estaba deitado o señor Sant-Iago. O apóstolo levantouse maravillosamente sen dobrar os xeonllos, tal como se ergue o mango dun enciño ou angazo cando se lle pisa o rastro, con perigo de levar un estacazo nos fuciños, sobre todo se quen o pisa esqueceu o idioma do país. Viña Sant-Iago en uniforme de peregrino, non diferente do de Don Gaiferos, senón que ó redor da cabeza brilláballe unha áurea coroa coma as que traen pintadas as estampas de santos. E desta maneira falou Sant-Iago, o bo pescador:

–Meus bos amigos e devotos, este milagre que me pedides só podo facelo coa Vía Láctea na man, e teño que a ir buscar. Ti, Gaiferos, empréstame o teu bordón, que a teño de ir catar aló arriba, onde hoxe brilla en figura dunha estrela que é cifra e resumo das miríadas de estrelas que a forman para mostrar o meu camiño ós peregrinos.

E apoiou no chan os dous bordóns, o seu e o do duque de Aquitania, e subiu milagrosamente deica o ceo, que aquel día estaba moi baixo. Cando se lle acabaron as varas, soltouse delas e seguiu subindo aínda outro pouco, ergueu as mans, e logo baixou con aquel espléndido lume entre elas.

Cando estivo outra vez no chan, colocou a estrela sobre o peito do Mago Antón, que de contado empezou a subir lentamente, descravándose da aguda espada. Entón o mago abriu os ollos, brincou de pés no chan, fíxose cargo da situación coa súa característica intelixencia, e devolveulle a gran espada ó empe-

---

[11] Reprodúcese o capítulo quinto d'*O milagre das estrelas (Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago)*, publicado no ano 1993, que ocupa as páxinas 24-28.

rador da barba florida presentándolla cerimoniosamente collida pola folla. Todos lle deron rendidamente as gracias ó señor Sant-Iago, e o demo, que axexara todo o milagre desde unha esquina, fixo un xesto de moi mala educación e desapareceu nun estoupido de luz.

–Todas esas gracias e cortesías están moi ben –dixo o apóstolo de Galicia, mentres envurullaba a Vía Láctea nun pano e a gardaba no peto–, pero a min fixéstesma boa coa vosa imprudencia. Agora estou aquí varado en París, e polas leis que rexen onde vivo agora, teño que volver a Compostela camiñando coma un home mortal. ¿E non vos aprenderon de pequenos que non se debe xogar con espadas de verdade?

–Aprenderon si señor –dixo Antón un pouco avergonzado–, pero a min sempre me reinou o perigo e esas cousas.

–Pois á conta deso, aquí me tes empendenciado a dous mil quilómetros da miña tumba terreal. ¡Non me vou aburrir pouco polo camiño, andando eu só!

–Por eso nada, señor –repuxo Antón–, Güendoline e mais eu farémosche compañía. Déboche a vida, e non te vou deixar ir só. Cando queiras marchamos.

–Nós tamén imos –dixo Carlomagno–, aquí meu sobriño e mais eu, que moito que facer non temos.

–Eu vou con grande pracer –dixo Roldán–, pois práceme moito a compaña de tan grandes señores, e máis aínda a desta fermosa doncela dos ollos ridores.

–Non quero eu ser menos –terciou Gaiferos–. E aínda vos podo ser útil, pois xa fun unha vez e saberei o camiño, se non cambiou moito en tantos anos.

–Moito volo agradezo –díxolles Sant-Iago–, que para andar só tanta distancia fai falla ter máis paciencia ca un santo.

Título: *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*
Escritor: Pepe Carballude
Editorial: SM
Colección: O Barco de Vapor; 38
(a partir de 12 anos)
Ano de publicación: 2002
Núm. pp.: 143
Premio: O Barco de Vapor 2002

A OBRA

Novela con trazos policiais na que un narrador en terceira persoa relata as diferentes peripecias que vive o mestre Mateo durante a súa peregrinación dende O Cebreiro até Santiago de Compostela. A historia, que está artellada en nove capítulos e na que se bota man da técnica do *flash-back*, recolle como a figura de pedra se converte en ser humano para cumprir a promesa de peregrinar até a tumba do Apóstolo durante o Ano Santo de 1999, traxecto no que é acompañado polo anxo trompeteiro, que xa se dá a coñecer dende a cuberta, e unha sombra negra, que representa o mal e que tenta en todo momento poñerlles atrancos aos viaxeiros. Dende o inicio, os peregrinos provocan o desconcerto de todos aqueles cos que se atopan, personaxes do mundo rural galego que demostran por veces habelencia para buscar favores do que consideran santo e outras cren que se trata dun tolo, pero todos eles acaban sendo testemuñas, ás que interrogan dous policías que se encargan de pescudar as causas da desaparición das esculturas do Pórtico da Gloria, substituídas por dúas réplicas. Unha novela que, con grandes doses de humor, incide en valores de gran relevancia na sociedade actual tales como a tolerancia cara ao outro, a axuda ao próximo, a amizade, etc. É salientábel tamén a mestura de personaxes de carácter histórico como o propio mestre Mateo ou o anxo, cos de carácter simbólico como a sombra negra e con aqueloutros pertencentes á sociedade actual como

o Sarxento Gamallo, o Comisario García ou o sancristán do Cebreiro, que favorecen a mestura de realidade e fantasía que se dá na obra.

O texto seleccionado é o capítulo 5, "Un milagre inesperado", no que se desenvolven dous episodios centrais das investigacións que están a levar a cabo o comisario García e o sarxento Gamallo. A través das conversas que estes axentes manteñen con distintos personaxes, o lectorado coñece algunhas das vivencias do mestre Mateo, o anxo trompeteiro e a negra sombra. Sitúanse no simbólico lugar do Cebreiro, entrada en Galicia, onde os camiñantes solicitan as súas credenciais de peregrinos, e no albergue de Triacastela, onde o mestre Mateo é vítima do roubo do seu manto, que acaba por recuperar para seguir camiño.

O ESCRITOR

Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956) é profesor de Latín no Instituto Neira Vilas de Oleiros. Iniciouse na LIX cunha obra merecente do terceiro Premio O Barco de Vapor 1986, *Os gazafellos* (1987, 2006), á que lle seguiron até o ano 2009, no que publicou *Xograres dun tempo novo*, máis dunha quincena de títulos. En colaboración con Andrés García Vilariño escribiu *O Deus desaparecido*, tamén galardoada co Premio O Barco de Vapor 1990 e publicada un ano despois.

5. Un milagre inesperado[12]

–Polo Cebreiro pásalle moita xente e… un non leva conta de todos –respondeu retranqueiramente o sancristán.

–Dille a verdade, Ismael –pediu o párroco–. Ese home de quen fala o comisario estivo aquí e ademais fixo un milagre.

–¡Por favor, señor cura, non diga parvadas! –contrariou o sancristán.

–¡Non digo parvada ningunha! ¿Ou eu non vin con estes ollos como baixabas polo aire desde o retablo do altar maior?

–Iso non foi cousa do home, senón do anxo trompeteiro que o acompañaba.

O comisario García tentouse coutar, acendendo un cigarro.

–Advírtolles que a mentira que induce a erros, rodeos e perdas de tempo nunha investigación policial é un delicto punible pola lei –dixo ameazante.

–E sobre todo, un pecado –completou o crego a correr.

O comisario García deulle dúas rápidas caladas ó cigarro. «Teño cinco días para atopar a estatua do mestre Mateo que desapareceu da catedral de Santiago», cuspiu con desacougo.

–¿E que ten que ver unha estatua co home polo que pregunta? ¿Roubouna el? –ousou dicir o sancristán no mesmo ton retorto de antes.

–Iso é cousa nosa –interveu agora o sarxento Gamallo.

–Ismael, debemos colaborar coa xustiza –determinou o crego. Ese home parecía boa persoa, pero… nunca se sabe.

Ismael Mouriño, moi no seu papel de sancristán que goberna tanto coma o crego, ergueu e baixou a vista tres veces seguidas e ó remate dixo: «Está ben. Colaborarei, coa condición de que non desconfíen da miña palabra».

–Sempre que diga a verdade, non –matizou García.

–Xuro que así será.

–Diso respondo eu, señor comisario –saltou o crego. Non o deixarei mentir, aínda que queira.

---

[12] O capítulo 5, "Un milagre inesperado", ocupa as páxinas 69-85 da novela *De como o Santo dos Croques se fai peregrino* (2002).

O comisario García, decatándose por fin do lugar no que se atopaba, apagou atropeladamente o cigarro a medio fumar e desculpouse. Despois, tentando abstraerse do forte arrecendo a humidade que desprendía o local en penumbra, principiou o interrogatorio.

–Dígame, Ismael, ¿onde estaba vostede cando chegou ese home?

–Aquí mesmo, na sancristía, onde atendo a xente.

–¿E que lle dixo?

–O certo é que non reparei nel ata que xa o tiña onda min. De primeiras pareceume un pobre de pedir polas portas. Pero fixeime máis e axiña comprendín que me trabucara. O seu penteado e a compostura non eran os dun mendigo. Entón pregunteille qué se lle ofrecía. El ficou un chisco indeciso e coa mesma respondeu: «Vou para Compostela e queríame acreditar». Mandeino sentar. Agarrei unha das credenciais do peregrino que tiña enriba da mesa e, poñéndome a escribir, díxenlle: «¿Don?» El respondeu: «Mestre Mateo». Quedei en suspenso co bolígrafo na man sen saber qué facer. Daquela insistiu el: «Non lle minto. Son o mestre Mateo, autor do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago».

–¡Conso, ¿a ver se vai ser certo o que vén na prensa! –escapóuseme sen querer.

–¿E logo que é iso? –soltoume el correndo e, rispándome das mans o xornal, con medo, dáballe voltas, tocaba o papel, pasaba as follas ó xeito, miraba as fotos... Deixeino estar así unha miga e coa mesma linlle a nova da desaparición das figuras do Pórtico da Gloria que eu acababa de ver. El estivo escoitando atentamente e, ó rematar, exclamou: «¡Santa María do ceo, ¿a que se vai armar!»

–¿Como di? –pregunteille.

»El, firme e sen perder a compostura, respondeu:

–Todo canto se conta aí é certo. Obrouse en min o milagre de acordar para facer o camiño de Santiago, unha vella promesa que non puiden cumprir en vida e que o Apóstolo me lembra a cotío dándome golpes na cabeza co bordón. Principio

aquí, no Cebreiro, a miña peregrinaxe, despois de saír de Compostela o dezaoito do mes andante e visitar en Lugo a casa paterna.

–¿Ve? O mesmo que lle sentín eu na catedral –interrompeu de súpeto o sarxento–. ¿Creme agora?

–¿Por favor, Gamallo, quere deixar falar o sancristán? –pediu o comisario–. Continúe, Ismael.

–Naquel intre veume ó acordo o percance curioso dun home que chegou aquí dicindo que era Rodrigo Díaz de Vivar, o Cid Campeador, tal e como poñía na credencial. Daquela non me complicara. Seláralle a credencial e deixárao marchar. O caso de agora era semellante. Se cadra estaba perante un señor coas facultades mermadas, pero de intencións santas. Do contrario non se poñería a facer o camiño de Santiago. ¿Para que o ía contrariar? A fin de contas era un peregrino e qué importan as manías de cadaquén.

»Continuei a cubrir os datos que pedía a credencial: lugar de nacemento, profesión e demais. O home ía contestando a cada cousa, mais cando lle preguntei polo número do seu D.N.I., respondeu: «Non, non, diso non gasto». Quedei un pouco pensativo e coa mesma coido que me saíu: «Nin falta lle fai». Púxenlle a data do comezo da peregrinaxe, asineilla e, de paso que lla daba, díxenlle que procurase selala nos distintos albergues onde parase e, cando chegase a Compostela, que se presentase na oficina do peregrino. «Agora xa é un peregrino con credencial», concluín.

–¿E a miña? ¿Ou eu non conto? –sentín unha voz que non era a do home.

»Eu, que aínda non me asusta calquera cousa, daquela notei que se me puña un nó na gorxa. O señor, vendo como estaba, apurou a dicir:

–Desculpe o lapso, pero o anxo que me acompaña tamén quere a credencial de peregrino.

»Aquilo deixoume frío. Aínda así fun quen de responder que non podía ser, que unha cousa era darlle a credencial a el que, fose ou non fose o mestre Mateo, tíñao diante, e outra moi distinta era un anxo, un ser celeste que non podía ver.

»Naquel mesmo intre, tal coma se saíse dunha mesta néboa, foi aparecendo de vagariño perante miña unha figura de traza humana. Era un ser alto, de cabelo loiro e rizado, con túnica e ás brancas e cunha trompeta na man. «¡San Silvestre! », exclamei, poñéndome supetamente de pé.

–¿Contento agora? –falou o anxo de camiño que me estreitaba a man–. Vostede coma santo Tomé, cre porque viu. Xa dicía Xesús: «¡Benia os que crean sen veren!».

»Neste punto o comisario García viuse na obriga de intervir. «Lémbrolle que está declarando como testemuña, Ismael, e que, de non dicir a verdade, incorre en delicto». «Comprendo a súa dúbida, señor comisario, pero créame que non minto». «Siga, siga, por favor, ¿que pasou despois?» pediu o sarxento Gamallo, certamente prendido do relato.

Daquela, non me dá medo dicilo –confesou o sancristán–, caín de golpe na cadeira que tiña detrás e, feito un aturullo, non daba apartado os ollos de enriba da mesa. Só despois dunha miga me atrevín a mirar o anxo de esguello e con receo.

–Se quere, desaparezo –propuxo el–. Volvinme visible por mor da credencial, pero pódome esvaer.

–Non, non, déixese estar, pero... é a primeira vez que vexo un anxo de verdade e iso impón –paréceme que dixen ás toas.

–Pois que non lle impoña, que os anxos sonlle coma nosoutros ou peores –interveu o tal Mateo e, levándome da man ata onde estaba o trompeteiro, dicíame–: Tóquelle, non teña medo, tóquelle canto queira.

»Eu, de primeiras fun pasando a man con cautela e de vagar polas plumas impecablemente brancas que caían sobre as costas do anxo coma unha masa de algodón. Despois, xa máis confiado, tamén palpei cumpridamente a túnica, o pelo, o calzado e, picado da curiosidade de saber se era certo o que tiña diante, mesmo cheguei a beliscalo varias veces, intre no que el protestou, dicindo:

–¡Eh, señor, non se propase ou pensa que os anxos non sentimos! Déixese de andrómenas, ande, e cúbrame a credencial de peregrino.

»Cubrina de contado e, antes de entregarlla, aclareille que na profesión lle puxera músico e que deixara en branco o número do D.N.I.

–Correcto –aceptou el–. Agora, se non lle importa, voume volver invisible outra vez. Se cadra aparece alguén por aquí e...

–Si, ho, invisible pódese facer, pero non marche –pedinlle con afouteza e coa mesma, igual que un pensamento, escapóuseme–: Debe ser bonito poderse facer invisible, pero aínda máis bonito debe ser voar.

»Aínda estaba coa palabra na boca cando notei que me collía pola cintura e comezamos a subir de súpeto. Despois fomos percorrendo polo aire toda a igrexa. Eu non podía crer o que estaba pasando e non paraba de dar berros de ledicia. Cando iamos por onda o retablo do altar maior, entrou o párroco, aquí presente.

–Exactamente, señor comisario –interveu o crego–. Eu mesmo vin cómo Ismael se pousaba precipitadamente no sitio da imaxe de san Roque, que fora quitada para a procesión.

Cando me vin alí –falou novamente o sancristán–, a piques de caer abaixo, dei en dicir: «Anxo de Deus, váleme. Non me deixes. Acude. En ti confío». Ante isto o anxo trompeteiro recolleume con moito coidado e, baixándome lentamente igual que unha pluma soltada no aire, devolveume ó chan. Daquela o párroco saíu correndo a berrar cos brazos abertos: «¡Milagre, milagre! ¡Un milagre na nosa igrexa!» Eu fun correndo detrás del para explicarlle todo, pero el non paraba de bourear.

–Este santo lugar está bendito con milagres, señor comisario –concluíu o crego–. De todos é sabido que aquí, hai xa moitos anos, durante unha celebración, a Hostia se converteu en carne e o viño en sangue; e que a Virxe, que presidía o altar maior, no intre da intervención divina, se inclinou, actitude que aínda conserva hoxe.

O comisario García respirou profundamente e, sen retirar a vista dos dous declarantes, inquiriu: «¿E saben onde se meteu o suposto mestre Mateo?». Respondeu o sancristán: «No medio do rebumbio que se armou, vino marchar ás présas. Seguramente se poñería a facer o camiño de Santiago, como dixo». O

comisario García baixou a vista e rosmou: «Habíase poñer, si». E, tras despedirse, marchou co sarxento Gamallo.

* * *

–Sei que non actuei ben, comisario, aínda que calquera faría outro tanto no meu sitio. Eu son o único culpable, non meu irmán. Meu irmán non fixo máis que quedar no albergue, no meu sitio. A min préndame, se quere, pero a el déixeo libre.

–Cálmese, Albino, cálmese, que non imos prender a ninguén.

–Estaba en xogo a vida da miña muller, señor. Levaba quince días en coma e tiña que facer algo.

–Tranquilícese, por favor. O máis importante é que todo saíu con ben.

–¡Benia a hora que pasou ese home por aquí, señor!

O comisario García deixou transcorrer uns segundos.

–¿Leva moito tempo ó cargo deste albergue de Triacastela? –preguntou, tentando cambiar de tema.

–Desde que se abriu. Entre a muller e mais eu ímolo levando como podemos, pero ó darlle o derrame... pensabamos deixar todo. Menos mal que se amañou.

–¿E como tivo a ocorrencia do manto? –inquiriu desta volta o sarxento Gamallo.

O hospedeiro quedou indeciso.

–Debes contar todo, Albino –aconsellou seu irmán Paco.

–¡Si, pero eu non quero prexudicar a ninguén, coidadiño, que Ismael non é cómplice de nada!

–¿Como? ¿Como? –atallou a correr o comisario García.

O hospedeiro Albino Crespo tragou cuspe un par de veces.

–Nosoutros sómoslle curmáns do sancristán do Cebreiro, señor comisario –principiou a falar con medo–. El sabía cómo estaba a miña muller e... chamoume por teléfono para preguntarme por ela. Tamén me contou o que lle pasara cun home que estaba facendo o camiño de Santiago, que dicía ser o mestre Mateo e que tiña poderes sobrenaturais. Pero o Ismael non nos mandou facer nada, ¿eh?

–¿Quen foi logo? –tiroulle da lingua o sarxento.

–Eu mesmo que vin nese home o último intento de salvación –confesou Albino–. Sen pensalo, púxenme á espreita e, cando estaba chegando a Triacastela, fun ó seu encontro para acollelo na miña casa. Pero el non quixo e iso que llo pedín por favor. Non houbo forma. Dixo que era un peregrino e que debía probar todos os atrancos do camiño entre os que estaba hospedarse nos mesmos albergues cós outros peregrinos. O que si aceptou foi que lle curase as vexigas que traía nos pés. Lavouse un pouco, comeu algo e deitouse na única cama que había libre, aló ó fondo do albergue.

–E mentres durmía, vostede marchoulle co manto, ¿non si? –espetoulle directamente o comisario García.

–Non tiña outra, señor. Deixei a meu irmán no albergue e aló fun ó hospital de Lugo coa fe cega de salvar a miña muller e salveina. ¡Foi un milagre, comisario! ¡Poñerlle o manto enriba e abrir os ollos foi todo un! ¡E despois que digan que non hai Deus! Os médicos non daban crido que unha muller, que estaba á morte, se erguese da cama de súpeto e se puxese a falar coma se nada. Tanto é que lle pediron que quedase uns días máis no hospital para examinala.

–¿E vostede díxolles algo do manto? –interesouse desta vez o sarxento Gamallo.

–Non, non, señor, que tiña medo que se risen de min. Xa sabe, os médicos... non lle acreditan máis que na súa ciencia.

Fáleme agora dese mestre Mateo –pediu o comisario García.

–Diso pódelle falar mellor meu irmán que, como xa lle dixen, quedou aquí con el no albergue. Eu só sei que, cando volvín e lle entreguei o manto, disposto mesmo a que me denunciase, rosmou algo así como que a culpa non era miña, senón dun anxo impertinente que nin sequera daba conta das súas plumas.

–Diso sei eu, señor comisario –interveu agora Paco.

–Pois conte, conte –insistiu García a correr.

–A cousa foi que estaba todo o albergue en silencio cando aquel home deu en berrar atoleadamente: «¡O manto, o meu

manto! Malparidos, ¿onde está o meu manto? ¡Trompeteiro, ¿onde te metiches?» Pregunteille qué lle pasaba. Pero el, sen me escoitar, púxose a remirar por todas as camas, espertando a moitos que aínda estaban durmindo. Foi tamén ós aseos e ás outras dependencias, e non atopou nada en sitio ningún. Eu, medio cabreado, insistín en saber de novo qué tiña. Daquela reparou en min e, con bágoas nos ollos, respondeu: «¡Fáltame o meu mantiño, a prenda que máis estimo e que leva comigo varios séculos!». Coa mesma parou un pouco e, como se tivese un trasacordo, rosmou caviloso: «Porque, ¿non será obra desa maldita sombra cabalar?». Eu non sabía qué facer. Non lle quería dicir que fora meu irmán que o levara, pero sentía mágoa de velo tan atristurado. «O manto non lle está perdido, ho. Agarde e verá como aparece», díxenlle. Respondeu que non podía agardar porque tiña que estar de volta en Compostela antes do día da festa grande.

–¡Un momento, por favor! –interrompeu de seguida o comisario García–. ¿Dixo que tiña que estar de volta en Compostela antes do día da festa grande?

–Exactamente. Iso dixo, señor.

–¡Oxalá fose así! –suspirou o comisario. Continúe, Paco.

»Daquela, alá como puiden, funo levando de cara a miña mesa e un pouco para ver a súa reacción e tamén para entretelo linlle o que hoxe trae o xornal sobre el.

–¿Trae algo o xornal? –sobresaltouse o comisario García–. ¡Nin sequera tiven tempo de o mirar!

E, arrebatándollo da man, leu exactamente o que lle acababa de contar o sancristán do Cebreiro.

–Boa falta facía algo así a ver se os políticos se lembran da nosa montaña, que está esquecida de máis –comentou Paco.

O comisario García rematou de ler e coa mesma preguntou: «¿E que dixo o home?».

Quedou parado unha miga sen falar –respondeu Paco–. Daquela comenteille eu: «Uns tipos ocorrentes, ¿eh? ¡Mira que pasaren polo mestre Mateo e polo anxo trompeteiro do Pórtico da Gloria! Nunca tal sentín, ho». El quedoume ollando fixamente e respondeu: «E non me estraña porque nunca se

deu tal nin coido que se dea máis. Cousas así só pasan no derradeiro ano santo do século». Nisto veu correndo por min un dos peregrinos, dicindo que estaba pasando algo raro alí nun recanto. Alá fomos axiña e...

–¿E que? –saltou o sarxento Gamallo.

–Pois que unha sombra estaba arrincando plumas que ó momento desaparecían no aire. O suposto mestre Mateo, cando tal viu, pillou a berro limpo: «Outra vez ti, pécora ruín. Lisca da miña vista. Así me pagas o traballo da túa creación. Arrenégote». Ante estas verbas, a sombra encabritouse no aire coma un cabalo e pillou a correr, deixando detrás súa un cheirume desagradable. De seguido o home, axeonllándose, falaba para si unhas cousas raras.

–¿Lembra algo do que dicía? –preguntou correndo o comisario García.

–Si. Dicía: «¿Esa é a túa axuda, trompeteiro: durmir coma un penedo e deixarte desplumar? Pola túa culpa leváronme o mantiño ¿sabes? E ¿quen o vai rescatar? Estou perdido. Agora si que é certo que non chegamos a Compostela o día sinalado».

Aínda estaba falando isto cando apareceu meu irmán co manto. O home volveuse tolo de contento, abrazando e bicando nel. Ismael quíxolle explicar cómo fora a cousa, pero el non o deixou. Entón, vendo que non tiña qué comer, mercámoslle algo e démosllo, cousa que o home agradeceu con mil reverencias. Selámoslle dúas credenciais e coa mesma púxose ó camiño, intre no que lle sentín dicir: «Menos mal que non te ven, trompeteiro, porque pareces un pito desplumado». Nós quedamos mirando para el ata que o perdemos de vista.

–Así lle foi todo, señor comisario –rematou Ismael–. Non sei se fixen ben ou se fixen mal, pero... despois do que me dixera meu curmán, tíñao que intentar. Compréndao.

–Comprendo, ho, comprendo. Gracias pola colaboración –dixo finalmente o comisario García, disposto a proseguir coa investigación.



Título: *Lúas de nácara*
Escritora: Fina Casalderrey
Editorial: Xerais de Galicia
Colección: Fóra de xogo; 68 [Mocidade]
Ano de publicación: 2003
Núm. pp.: 122

A OBRA

Volume conformado por cinco relatos nos que ten lugar unha simbiose entre o mundo real e o fantástico, e nos que palpitan sentimentos coma o amor, o medo ou a soidade, ademais de contar sempre coa presenza da luz anacarada, que tamén se rexistra nun dos peritextos prefaciais do volume, a dedicatoria: "A miña nai e a meu pai, que con sabedoría e amor pintaron de nácara a miña infancia". De entre os relatos, "Lúas de nácara", "Cita nos xardíns do sur", "Refachos de néboa", "Residencial cero" e "Un xeado para toda a vida", é o terceiro deles o que trata as vivencias ao redor da peregrinación a Santiago de Compostela e os sentimentos que o traxecto fai avivar, expresado mediante unha voz feminina que lle transmite ao lectorado a súa experiencia persoal ao percorrer o Camiño de Santiago, a través do cal non só realiza un traxecto físico, senón tamén interior, ao longo do que se van aclarando as súas leas sentimentais por medio duns encontros clandestinos co seu home ideal.

A ESCRITORA

Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) é mestra e ten participado activamente na renovación pedagóxica. É unha autora moi recoñecida e traducida a outras linguas, que iniciou

a súa produción literaria dirixida ao lectorado infantil e xuvenil en 1991 con *Mutacións xenéticas*. Colaborou en múltiples volumes colectivos e escribiu ao redor duns cincuenta títulos até o ano 2009, no que sairon á luz *1 pulga, 5 amigos e 1 tándem*; *Fiz, o coleccionista de medos*; *Pesadelo no tren chocolate*; *O misterio da casa do Pombal* e *Papá é meu!* Moitas das súas obras foron merecentes de importantes galardóns, como por exemplo, *Dúas bágoas por máquina* (1992, Premio Merlín 1991), *O misterio dos fillos de Lúa* (1995, Premio O Barco de Vapor 1994 e Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996) e *O estanque dos parrulos pobres* (1996, Premio Edebé de Literatura Infantil 1995).

Refachos de néboa[13]

SAIRAMOS cedo de Ribadeo. O sol comezaba a mesturar o recendo da terra húmida coa brisa do mar nunha soa materia, nunha única esencia aínda fresca. Entre todos os membros da empresa que accederamos á proposta sumábamos once. Non demasiados, tendo en conta que no cadro de persoal figurábamos, cando menos, medio cento.

Aquela pronunciada subida ata Celeiros estendeu unha longa alfombra de silencio por toda a pendente. Comezaba a notar a dolorosa sensación de ter un pé aberto. Demasiados días camiñando nos que as chuvias e as néboas ocultaban unha primavera que a penas se anunciaba nos abrochos das froiteiras. Sentín unha esaxerada fatiga que me fixo dubidar da miña capacidade para chegar ó final.

A ond'irá aquel romeiro,
meu romeiro a onde irá?
Camiño de Compostela
non sei se aló chegará.

Laura, a miña única amiga auténtica naquela aventura de peregrinación, decatouse das miñas dificultades.

Colle aire polo nariz e sóltao pola boca.

Non lle contestei. Continuei, sumida en meditacións, co respirar entrecortado e rápido dunha noite de amor.

–¿Adela, que che pasa? Tes a mirada abstraída e quieta coma a dun gato.

Era certo, Laura intuía algo da miña profunda traxedia persoal. Non era o feito de que viñese de cumprir os corenta e o tempo me preñase da temida flaccidez non… Sentíame coma unha escrava, coma un ser absurdo e contradictorio. Casei moi nova… tiven un fillo sen ter consciencia de desexalo e, pola miña conta, programara separarme de Ramiro sen saber moi ben a razón. Foi unha viaxe por territorios íntimos nunca antes

[13] Relato que se insire no volume *Lúas de Nácara* (2003) ocupando as páxinas 61-81.

explorados, ó rescate dunha identidade descoñecida; pretendía subtraerme do pasado á conta da mutilación dos recordos. É máis, comecei o Camiño sen verdadeira vontade de camiñar. Gustábame percorrer mundo e non me movía da casa. Volvinme dura, precisaba que a miña alma se fixese xorda ante a consciencia. O mesmo sol antollábaseme unha pedra branca… Recoñezo o meu espírito desatinado.

Un irracional estado de ánimo levábame a crer que todas as forzas do mal se concentraban na miña contra. A fermosa paisaxe rural, o gando salferindo de cores ocres as campiñas e mesmo as primeiras transformacións que a natureza facía nas árbores que custodiaban os arredores do Pazo de Cedofeita, pasaban inadvertidos para min. O meu alento só se correspondía cos grises das nubes que, de novo, tinxiron o ceo con ameazas de choivas e tormentas nun traizoeiro espectáculo primaveral.

–¡Huuum, cheira a eucalipto! É agradable –Xoán, un compañeiro, achegábase nun intento de me arrincar conversa.

–É o sorriso enganoso dun vampiro –foi todo o que dixen, coma se os eucaliptos fosen culpables do meu remuíño interior.

–Ó chegarmos a Arante buscamos onde recuperar folgos. Tres horas sen parar, despois do que levamos ás costas, chegan dabondo –falou outro compañeiro.

Unha folla seca, case negra, foi debuxando lazos no aire ata caer rendida diante dos meus pés. Pensei nun gato negro que se me cruzase anunciando malos presaxios. Ollei cara arriba. Caeume algunha pinga na cara. As únicas follas que amosaban aquelas árbores eran verdes, e mesmo envolvidas dunha película case branca, coma fetos que estivesen recubertos pola placenta. Comezaba a babuñar coma en días anteriores.

Agradecín a baixada serpeante que nos levaba ata Arante. Estaba cansa. Estaba cansa mesmo dende antes de emprender o camiño. As pedras, cos seus dentes aguzados, daban mordedelas nos meus pés peregrinos. Collín unha e gardeina no peto sen saber por qué o facía. Seguín andando. Cerraba as pálpebras de cando en vez, buscándome por dentro. A pesar das dificultades sentíame máis libre nos camiños de terra.

–¡Veña, que en cinco días estamos en Santiago!

Ten gracia, pensaba, ¿para que quererei facer un camiño que me leve ó lugar en que habito, nunha ruta prefixada? Xa sei o que me agarda…

Entramos nunha taberna que se me antollou agradable. A choiva batía na minúscula fiestra. Sentamos arredor dunha basta mesa de piñeiro. Non tardaron en aparecer sobre ela unhas pratas con chourizos picados, queixo en tacos, rebandas de pan…

–¿Viches, Xoán?, caestes de coitados, tanto ti coma Luís –riu unha compañeira.

–Hom, a min vénme aquel paisano tan amable e dime: «¿Queren estes caxatos? Cóllanos, xa verán como lles fan xeito nas costas». E claro, deume non sei qué non o compracer.

–¡Vaia! E vas ti e empúrrasme cara a el para que tamén picase. ¡Ala! Son seis euros cada un. E soltamos coma paspáns.

Escoitaba só a medias as conversas, as anécdotas… sen poñer vontade de atender. A chuvia deixou de petar na xanela.

–¡Veña, remata! Imos botarlle unha ollada á capela –Laura seguía pendente de min.

–Ide vós. Agardo aquí –dixen.

Alí empezou… empezou aquilo que me fai considerar que debo relatar o que me aconteceu no Camiño.

Alguén retirou as cuncas e as botellas que quedaban ciscadas pola mesa. Reparei nunhas mans fortes e firmes. Erguín a ollada e vin o home máis atractivo que nunca os meus ollos tiveran diante. Semellaba saído dos meus propios soños. Tiña unha poderosa e sutil fermosura. Coma nun relampo fixeime nos seus ollos, nin sequera podo precisar a cor. Eran enormes covas misteriosas que espertaron a miña curiosidade. Unha coidada barba rodeaba un sorrir branco e sereno, de Gioconda. Os seus cabelos aparecían peiteados cara atrás nun aire profético.

–Perdón –pronunciou con voz de poeta.

Observei con máis atención o seu cabelo. Era escuro e brillante; caíalle libre polo pescozo. Por un intre as nosas olladas coincidiron e un calafrío invadiume por dentro. Quedei crava-

da no tallo. Sentín unha súbita afinidade e mesmo aquel proído dos primeiros anos de adolescencia, pero rexeitei a oportunidade de establecer conversa. Erguinme coa sensación de que aqueles ollos de cor indefinida semellaban os de alguén que eu coñecía. Fuxín na procura dos meus compañeiros que xa viñan cara á taberna.

–¿Seguimos? –fun eu quen o propuxo. O Camiño estábase a converter no meu cuarto íntimo, na miña vida.

Agradecín o descanso na taberna e maldicinme por desaproveitar a oportunidade de falar con aquel home extraordinario. Tiven medo de que me considerase inoportuna e non puiden vencer a miña covardía.

Axiña estivemos subindo unha empinada costa de terra. Os meus compañeiros marabillábanse, dende o cume, da espléndida estampa que a paisaxe agraria ofrecía á nosa dereita. Eu non prestaba moita atención, as pendentes déixanme sen forza. Permanecía, ademais, invadida polo desacougo que me producira aquel rostro deliciosamente sorprendido. Mesmo ollaba de cando en vez cara atrás por ver se un milagre facía que volvese contemplar o seu mirar afín. Aqueles ollos alentaban a miña idea de renunciar a ser escrava deste mundo materialista. Quería ser libre e independente para atarme a el. Precisaba liberarme da cadea dos meus prexuízos morais. Sentía a calor dunha rebeldía. Refachos de néboa envolvían a paisaxe.

–Xa estamos en Fórnea, nas terras de Barreiros. ¿Que? ¿Como vas? –a miña amiga devolvíame á realidade.

–¿Por onde cadran? –a pregunta ocultaba a miña real indiferencia.

Laura mostroume nun mapa as opcións de continuar por unha pista asfaltada ou de xirar á dereita por Vilamartín Pequeno e chegar directamente a Lourenzá. Esta foi a ruta escollida.

A medida que os nosos pés ían engulindo camiño, o Cantábrico soaba máis lonxe… ata permanecer unicamente na memoria. O sol axexou tímido por detrás dun nuboeiro e axiña volveu desaparecer. A variedade topográfica, os cambios incesantes na paisaxe da mariña e na do interior influían nos meus

pensamentos. Ás veces o meu silencio facíase contaxioso coma se se tratase dunha comitiva que me acompañaba nunha noite de bruxas.

Non tardamos nin media hora en chegar a unha encrucillada viaria. Alí atopábase a ermida de San Marcos. Fixemos unha parada. O aire fresco e a subida acenderan as miñas meixelas e aceleraran o meu ritmo respiratorio. As costas son válvulas malditas que cerran o paso do osíxeno ós meus pulmóns. Sentamos un intre nun valo baixo. A parada longa, como demos en chamar á do xantar, estaba programada coa nosa chegada a Lourenzá.

Reemprendemos o camiño baixando ata San Lourenzo. Botei unha ollada ó ceo. As nubes adquirían formas caprichosas. Unha mesmo semellaba a sombra gris do rostro que me abraiara na taberna de Arante. Sentín desacougo e non quixen seguir xogando con elas.

Antes de chegar á vila histórica de Lourenzá, decidín arrincar un daqueles paos que agardaban aínda amoreados, para faceren de guías na recente plantación de fabas. Estaba moi cansa, sentía a suor no corpo como unha incómoda pel superposta. A idea de facer o Camiño do Norte como aventura diferente, dende Oviedo, pareceume estúpida. Eu mesma, de xeito paradoxal, perdía o norte a cada paso. Demasiados días para unha reflexión que me confundía máis e máis en cada tramo.

–¿Ves como a axuda do caxato é algo máis ca psicolóxica? –reivindicou Luís.

Houben de recoñecer que, cando menos, aquela inflamación dos dedos das mans minguou ó suxeitar a vara.

Xa en Lourenzá, busquei unha farmacia. Mentres, todos aproveitaron para visitar o conxunto monumental da praza do Conde Santo e o sartego do propio Conde Gutiérrez que aparece na capela de Valdeflores. Xuntariámonos no asador La Unión, onde encargaramos as fabas gandechas con xamón e as troitas do Masma á grella.

Precisaba unha venda que me amparase o pé dereito. A última subida resultárame especialmente dura e crin prudente prepararme para novas dificultades. Dende aquela, a miña

mente sufriu unha especie de alternancia de consciencia e perda de memoria que borra algunhas pasaxes da peregrinación.

Lembro estar sentada nun banco escuro, de madeira nobre, nun reservado da farmacia. Alguén, prostrado de xeonllos, pasaba con maneiras extremadamente delicadas unha venda elástica arredor da planta do meu pé e do nocello alternativamente. O contacto daquela man fixo que me sentise a desexada Cincenta calzada por un príncipe que probase a miña autenticidade. Colleume a propia man e dirixiuma a onde debía premer para que non se soltase a venda mentres el cortaba un anaco de esparadrapo.

–Tes os dedos manchados de nicotina, ¿fumas? –preguntoume.

Erguín a vista. Axiña reparei nos ollos enormes, de cor indescifrable, que atopara na taberna de Arante. A mesma barba coidada, o mesmo pelo brillante, idéntico riso branco…

–Xa non… Deixeino ó comezar o Camiño –e aínda me atrevín–, eu… eu vinte antes…

–Claro –sorriu sen sorpresa.

Observei nos seus ollos luminosos unhas bágoas que brincaban coma chamas dunha fogueira. Foi coma se aquel home descubrise a traxedia do meu vivir, se adiviñase as contradicións do meu espírito. Eu era unha vagabunda e experimentaba o sedentarismo dunha oficina, unha bohemia que vivía coma unha burguesa.

–Vou cara Compostela –dixen.

–¿Que buscas?

–A felicidade –respondín entre risos.

–¿Estás segura? –tamén riu e apertou os beizos–. Terás que fabricala ti mesma.

Saín da farmacia coma se sufrise unha transfiguración. Andei, ata sentar nun daqueles bancos verdes dende o que puiden contemplar a fachada do Templo Monacal de Vilanova. Semellóuseme á fronte do Obradoiro. Á esquerda do templo os carballos enchíanse de follas aínda novas de intenso verde. Uns nenos xogaban e corrían entre os bancos cunha vella roda de coche. Erguinme e entrei. Dei cun pequeno claustro. Sentía a

boca seca e bebín auga milagreira daquel Pozo Santo. Precisaba curar o meu mal de amores.

Durante a comida, á parte dos reproches por botar tanto tempo na farmacia, as conversas versaron sobre a maxestosidade do relicario do século XVII que se conserva na ermida. Eu seguía presa do meu autismo. Obsesionábame o desexo de atopar de novo con aquel rostro. Como todas as mulleres, tiña un ideal de home, cunhas determinadas características eróticas… Dubidaba de se non sería máis animal cás demais… Gustábame deixarme conquistar, que fose el quen me tentase co seu atractivo sensual, cun corpo esvelto e forte asemade, con ollos sorprendidos coma un delicioso animal en celo. Precisaba que me atraesen as súas formas e as súas palabras.

Fómonos. Atrás quedaban as casas brancas de brillantes tellados negros de lousa. Alí comecei a sentirme como aqueles paxaros que, de antigo servían de prenda de vasalaxe que se ofrecían ó abade de Vilanova. Coma eles, con algunhas plumas cortadas, comezaba a respirar liberdade, á fin.

Pasamos sobre unha ponte medieval. A Pontevella, e unhas rúas angostas… mesmo subimos unha escalinata. O meu pé non volveu dar mostras de dor, malia a longa camiñada. Aquela corredoira entre eucaliptos, antes de chegar a Arroxo, reparou o meu espírito. Saboreeina sen atrancos respiratorios. Máis abaixo, na parte chaira, quedaban os maxestosos carballos, os castiñeiros, os ameneiros, os salgueiros… Comezaba a saír daquel círculo en que me movera coma unha mosca de verán arredor dun prato quente.

Na Ponte dos Pasatempos todo o mundo apurou o paso aínda que sen despegar os pés do chan. Se de nós dependese, a vida de Pardo de Cela estaría a salvo.

Foi na magnífica catedral da antiga capital galega, observando as pinturas, cando aquel rostro alegre e aquela voz de profeta emerxeron de novo ó meu carón coma unha aparición.

–Xa coñecías Mondoñedo, ¿verdade? –preguntou sen agardar resposta.

Estaba en pé e puiden comprobar a súa elevada estatura. A min sempre me gustaron os homes altos, de feito casei con un

que mide… ¡eu que sei!, máis ou menos o mesmo. Aquilo estábase a converter nunha especie de aventura secreta, nunha gozosa tortura. Notaba que me namoraba máis en cada encontro.

Ningún dos meus compañeiros de viaxe foi testemuña das citas clandestinas co meu home ideal.

Esa noite, a evocación da súa figura fíxome tirar a conclusión de que o ser humano, sexa home ou muller, ten na súa mente a imaxe doutro ser humano perfecto que provoca conflictos tremendos no seu espírito. El durmía nos meus adentros e a maxia do Camiño espertouno, converténdoo en algo real e fermoso. As súas formas coincidían exactamente coas do meu soño secreto. El era o corpo, eu a súa sombra. O meu pensamento volveuse revolucionario, aínda que as miñas reaccións externas eran as de sempre.

No peregrinar dun novo día, o sol acompañounos madrugador. A brisa espreguizaba as árbores que sacudían a xeada da noite e viña canda nós nun fuxir sen rumbo. Os sons agudos dos cans vixiantes avisaban do noso paso. Dende San Caetano, un manto dourado recuperaba as formas da vila de Mondoñedo nun delicioso plano. A catedral destacaba coma unha raíña de pedra.

Igual que me acontecera coa fachada do mosteiro de Lourenzá, as rúas empedradas que viñamos de deixar atrás lembrábanme a do Vilar, a do Franco... Era coma se Compostela se reflectise nos recunchos de todos os camiños.

–É un xílgaro.

–Non, hai poucos xílgaros, paréceme que é un merlo.

Mentres descifraban os cantos dos paxaros ou falaban das terras de labor que se vían á nosa esquerda, ou escoitaban o canto ledo das augas do Valiñadares que nos acompañou un bo treito, tentaba descubrir de onde me viña o recordo tan entrañable que me producía aquel home.

As pedras batían contra as miñas botas na costa da Xesta, pero o meu respirar xa non era tan afogado. Os toxos tinxían de amarelo as beiras do Camiño. Dende unha leira, ó lonxe, un brazo axitábase no aire a xeito de saúdo. Diría que era unha

persoa alta, de fronte despexada e riso branco… Na voz do poeta da Terra Chá, chegábanme os ecos do meu propio desacougo:

Na soidade sempre viva que fuxía
polo canto ferido da fiestra
sentín o teu ollar entre os labregos…

O pao roubado ás fabas serviume para facer máis accesible aquel camiño de auga e pedras. De cando en vez viraba a ollada atrás, por ver de atopar o meu home ideal.

–Velaquí o cruceiro que aparece na guía –falou Laura.

Baixamos cara a Gontán. Outra subidiña e estariamos en Abadín.

Xa alí, agardamos arredor dunha xenerosa ración de polbo a que outros peregrinos asinasen no Libro do Camiño. Nós tamén queriamos deixar a nosa pegada.

–Veña. Escribe ti e imos –pedíronme–, a ver se damos chegado hoxe a Vilalba.¡Non vos asustedes!, é case todo chairo.

Coa pluma na man, non sabía o que poñer e non quería caer no tópico do «faise camiño ó andar». Tiven a tentación de pasar algunhas follas cara atrás e fixarme no que puxeran outros camiñantes. Unhas palabras escritas en verde chamaron a miña atención.

«Non botes a ollada atrás,
agárdote diante,
xusto no camiño.»

A sinatura era indescifrable, pero aquela letra… A miña alma amnésica comezaba a recuperar a sensibilidade. Unha forza nova empuxábame. Volvía chover e quixen sentir a auga, lavar o meu corpo e a miña alma.

Lembro que na ponte medieval sobre o río Batán aínda sacamos algunha fotografía, apetecíame recoller o instante. Estaba cansa, pero o vento chegábame envolvido en novas palabras.

–Vinde, que nos refrescamos un chisco –foi un dos compañeiros quen descubriu un lavadoiro de pedra ó chegarmos ás Casas do Campo.

Unha curuxa encheu o solpor dun berro afiado. Aquela noite sentinme morrer. Unhas febres de procedencia descoñecida roubábanme o acordo. Ó parecer só dicía incongruencias. Pola mañá entroume présa por chegar a Santiago.

–Por favor, non vos entreteñades.

–¿De onde che vén esa présa repentina?

–Necesito chegar– preguei sen me decatar de que as forzas físicas tiñan un límite.

O meu corazón encollíase dorido e asemade alentaba esperanza.

Na ponte de Saá quixen botarme dende o arco máis grande afogarme nas augas do Labrada. Custoume chegar a Guitiriz. Alí algo me fixeron tomar coa auga. Funme tranquilizando. A piques estiveron de chamar para que me viñesen recoller, pero logo dun descanso nunha daquelas fondas quixen continuar o Camiño. Entroume interese por rematalo, coma se fose a dose axeitada para curar unha enfermidade, o único xeito de chegar ata o final do que comezaba a ser un enigma.

Sobre un plano discutían as posibilidades de continuar por un ou por outro lado. Eu quixen intervir.

–¿Cal é o Camiño auténtico, o orixinal?

–Todos os ollos se pousaron en min, estrañados.

–Si –xustifiqueime–, quero ir polo Camiño…

–Non hai unha única ruta –interrompeu Luís. Todos os Camiños…

–Entón imos a Sobrado e de alí a Arzúa e logo… ¡á casa! É un traxecto máis curto.

Puxen tanta énfase nas miñas palabras que ninguén discutiu sobre a outra alternativa de ir por Friol e Palas de Rei, como tiñan pensado nun principio.

Non volvín mirar atrás, non soportaba a posibilidade de me converter en estatua. Tampouco non volvín dar mostra de canseira nas subidas. O sol non deixou de nos acompañar no

resto do traxecto. Incluso na noite, a lúa mostrábase coma un xigantesco prato branco, nacarado pola luz.

Antes de pisar as terras da Araduca que citaba Tolomeo, fixemos varias paradas obrigadas; pero foi alí, en Arzúa, onde atopamos con centos de peregrinos chegados polo Camiño francés, polo de Fonsagrada e mesmo pola Vía da Prata. Congregábanse na Praza Maior, a carón da igrexa parroquial e da capela da Magdalena. Algúns dos que viñeran canda nós foran na procura doutros compañeiros que decidiran unirse no último tramo do Camiño.

–Mañá vai abrir un día espléndido –Laura mostrábame os sinais laranxa do ceo.

As estrelas facíanme chiscadelas e eu sentín desexos de voar.

–E a bolboreta despregou as ás, baténdoas por riba do tellado dos soños –borboriñoume ó oído unha voz de poeta.

–¡Ramiro! ¿Cómo sabías…?

–Apeteceume unirme a todos… facer este tramo contigo…

–¡Deixaches medrar a barba! –decateime.

–E o pelo –mostrou un sorriso que me pareceu máis branco.

–Estás moito mellor así –confeseille visiblemente enrubescida.

Sentín que se reconstruía o cristal roto da nosa relación. Recuperaba o norte. Metín a man no peto e saquei aquela pedra.

–Toma, é un anaco do Camiño. Non quero vagar toda a vida.

Foi como entregarlle o talismán dos meus pensamentos, do meu camiñar… Sentín unha presión húmida sobre a pube que me facía desexar chegar axiña á casa para volver saborear as caricias recibidas nos anos de vida en común.

No retablo maior da igrexa parroquial de Arzúa, coroado por un medallón que sosteñen dous anxos, repousaba a imaxe de Santiago Peregrino. O xúbilo dos camiñantes, así como o da veciñanza, era supremo. Despois de varios días en que, inexplicablemente, desaparecera do seu entallamento, volveu brillar con esa expresión serena que o caracteriza, e que serve de guía e referencia ós peregrinos de todos os camiños.



Título: *O peregrino a Compostela. Diario dun mago*
Escritor: Paulo Coelho
Tradutoras: Ana Belén Costas Vila e Eva Lozano Carpente
Editorial: Galaxia
Colección: Costa Oeste; 18
[Mocidade]
Ano de publicación: 1998
Núm. pp.: 257

A OBRA

Novela na que se mesturan trazos do libro de viaxes con outros propios das narracións de autoformación. Comeza cun "Prefacio", asinado por Claudia Castello Branco, no que se describe a temática da obra e as características de Paulo, o personaxe central, que vai adquirindo unha progresiva madureza a medida que avanza a narración. Ao longo dos quince capítulos titulados, do prólogo e do epílogo, o narrador protagonista relata en primeira persoa as experiencias vividas durante o seu percorrido polo Camiño de Santiago. Paulo é un brasileiro que se ve na obriga de percorrer este traxecto para atopar a espada que lle permita ser nomeado mestre e cabaleiro da orde de RAM: "R de Rigor, A de Amor e M de Misericordia; R de Regnum, A de Agnus, M de Mundi". Durante boa parte desta viaxe iniciática dende Francia a Compostela, fin que reproduce a cuberta, vai acompañado do seu mestre Petrus, que lle serve de guieiro, ademais de lle dar as instrucións para unha serie de "rituais" e exercicios cos que conseguir a espada e converter os soños en realidade.

A selección do primeiro capítulo d'*O peregrino a Compostela. Diario dun mago* está xustificada por presentarse nel parte dos elementos que orixina a trama argumental desta novela. Así mesmo, por ofrecer unha ollada calidoscópica sobre o fenómeno do Xacobeo: as peregrinacións, a orixe do Camiño de Santiago, a importancia do Apóstolo na historia hispánica, a

súa repercusión no ámbito creativo ao longo dos tempos ou o Camiño como vía de coñecemento dun mesmo.

O ESCRITOR

Paulo Coelho (Río de Xaneiro, 1947) é un escritor que descubriu a súa vocación a idade moi temperá, aínda que comezou estudos de Dereito que abandonou para traballar no mundo do teatro, do xornalismo e da música. Na súa mocidade trasladouse a Londres, onde empezou a dedicarse de cheo á literatura, nun inicio sen moito éxito. En 1987, despois de percorrer o Camiño de Santiago, escribiu o seu primeiro libro, que foi traducido ao galego en 1998 co título *O peregrino a Compostela. Diario dun mago*. No mesmo ano, viu a luz a tradución d'*O alquimista* e, en 2007, a de *Veronika decide morrer* (2007).

A CHEGADA[14]

O garda da alfándega mirou longamente a espada que traía a miña muller, preguntando que era o que prentendiamos facer con aquilo. Conteille que un amigo noso ía avaliala para presentala nunha poxa. A mentira deu resultado; o garda deunos unha declaración que constataba a nosa entrada coa espada polo aeroporto de Baraxas, e comunicounos que, de haber algún problema para retirala do país, só tiñamos que mostrar aquel papel na alfándega.

Fomos ata o mostrador correspondente e confirmámo-las reservas dos dous coches. Collémo-los resgardos e fomos comer algo ó restaurante do mesmo aeroporto, antes de despedirnos.

Eu pasara a noite en vela no avión, mestura do medo a voar co medo do que podía acontecer de alí en diante, pero mesmo así estaba excitado e esperto.

–Non te preocupes –dixo ela por milésima vez–. Debes ir ata Francia e en Saint Jean Pied-de-Port terás que buscar a madame Laurence. Ela poñerate en contacto con alguén que te conducirá polo Camiño de Santiago.

–¿E ti? –preguntei tamén por milésima vez, sabendo xa a resposta.

–Eu vou onde teño que ir deixar o que me foi confiado. Despois quedarei en Madrid algúns días e volverei ó Brasil. Son capaz de leva-las nosas cousas tan ben coma ti.

–Iso seino –respondín, querendo esquiva-lo tema. Os negocios que deixara no Brasil preocupábanme moitísimo.

Aprendín o necesario sobre o Camiño de Santiago nos quince días que seguiron ó incidente nas Agulhas Negras, pero tardara preto de sete meses en decidir deixalo todo e face-la viaxe. Ata que certa mañá a miña muller me dixo que a hora e a data se aproximaban, e que se eu non tomaba unha decisión tería que esquecer para sempre o camiño da maxia e a orde de RAM. Tentei explicarlle que o mestre me encargara unha tarefa

[14] Capítulo da novela *O peregrino a Compostela. Diario dun mago* (1998), que ocupa as páxinas 21-26.

imposible, xa que eu non podía deixar de lado sen máis a responsabilidade do meu traballo diario. Ela riu e dixo que estaba poñendo unha desculpa parva, pois naqueles sete meses eu pouco fixera á parte de pasar noites e días preguntándome se debía ou non viaxar. E co xesto máis natural do mundo estendeume os dous billetes xa coa data do voo marcada.

–Estamos aquí porque ti o decidiches –dixen eu no restaurante do aeroporto–. Non sei eu se iso estará ben, deixar partir doutra persoa a decisión de procura-la miña espada.

A miña muller dixo que se iamos volver falar de parvadas era mellor colle-los coches e despedirnos xa.

–Ti xamais deixarías que calquera decisión da túa vida partise doutra persoa. Imos logo, que xa se está facendo tarde –levantouse, colleu a súa equipaxe e dirixiuse cara ó establecemento. Eu non me movín. Quedei sentado, mirando a maneira displicente en que levaba a miña espada, todo o tempo ameazando escorregar de debaixo do seu brazo.

A medio camiño parou, volveu ata a mesa onde eu estaba, deume un sonoro bico na boca e miroume durante moito tempo sen dicir nada. De súpeto percibín que estaba en España, que xa non podía volver atrás. Mesmo coa horrible certeza de que tiña moitas posibilidades de fracasar, xa dera o primeiro paso. Entón abraceina con moito amor, con todo o amor que sentía nese momento, e mentres estaba entre os meus brazos recei por todo e a todos nos que eu cría e implorei que me desen forzas para volver con ela e coa espada.

–Bonita espada, ¿viches? –comentou unha voz feminina na mesa do lado cando a miña muller partiu.

–Non te preocupes –respondeu unha voz de home–. Heiche mercar unha exactamente igual. Hai miles delas nas tendas de recordos aquí en España.

Despois de conducir unha hora o cansazo acumulado da noite anterior comezou a invadirme. Ademais, a calor de agosto era tan forte que mesmo indo por unha boa estrada ó coche comezáballe a subi-la temperatura. Decidín parar un pouco nunha pequena vila que os carteis da estrada anunciaban como monumento nacional. Mentres subía a escarpada ladeira que

me conduciría ata ela, repasei unha vez máis todo o que aprendera sobre o Camiño de Santiago.

Así como a tradición musulmana esixe que todo fiel faga, polo menos unha vez na vida, o camiño que Mahoma fixo da Meca a Medina, o primeiro milenio do cristianismo coñeceu tres camiños considerados sagrados, que tiñan como resultado unha serie de beizóns e indulxencias para o que os percorrese. O primeiro levaba ata o túmulo de san Pedro, en Roma. Os seus camiñantes tiñan como símbolo unha cruz e chamábanse *romeiros*. A segunda ruta levaba ata o Santo Sepulcro de Cristo en Xerusalén, e os que facían este camiño chamábanse *palmeiros* porque tiñan como símbolo as palmas coas que saudaron a Cristo cando entrou na cidade. Finalmente existía un terceiro camiño, un camiño que levaba ata os restos do apóstolo Santiago, soterrados nun lugar da Península Ibérica onde certa noite un pastor vira unha brillante estrela sobre un campo. A lenda conta que ademais de Santiago, a mesma Virxe María estivo alí despois da morte de Cristo, levando a palabra do Evanxeo e exhortando ós pobos para que se convertesen. A partir de entón o lugar coñeceuse como Compostela, "campo da estrela", e de aí xurdiu unha cidade que atraería viaxeiros de todo o resto do mundo cristián. A estes viaxeiros que percorrían o terceiro camiño sagrado déuselle-lo nome de *peregrinos*, e pasaron a ter como símbolo unha cuncha.

Na súa época dourada, no século XIV, a Vía Láctea (así chamada porque polas noites os peregrinos se guiaban por esta galaxia) chegou a ser percorrida por máis dun millón de persoas ó ano, chegadas de tódolos recunchos de Europa. Mesmo hoxe en día, místicos, relixiosos e investigadores seguen facendo a pé os setecentos quilómetros que separan a cidade francesa de Saint Jean Pied-de-Port da catedral de Santiago de Compostela, en España[15]. Gracias ó sacerdote francés Aymeric Picaud, que peregrinou ata Compostela no 1123, a ruta seguida hoxe polos

[15] O Camiño de Santiago en territorio francés estaba composto de varias rutas que se unían nunha cidade española chamada Puente La Reina. A cidade de Saint Jean Pied-de-Port está ubicada nunha destas rutas, que non é a única nin a máis importante (nota do autor).

peregrinos é exactamente igual ó camiño medieval percorrido por Carlomagno, san Francisco de Asís, Isabel de Castela e, máis recentemente, polo papa Xoán XXIII, entre moitos outros.

Picaud escribiu cinco libros sobre a súa experiencia, presentados como traballo do papa Calixto II, devoto de Santiago, e coñecido máis tarde como Codice Calixtino. No Libro V do Códice Calixtino, *"Liber Sancti Jacobi"*, Picaud enumera as marcas naturais, fontes, hospitais, abrigos e cidades que se estendían ó longo do camiño. Baseada nas anotacións de Picaud, unha sociedade, "Les amis de Saint-Jacques" (Santiago é *Saint-Jacques* en francés, *James* en inglés, *Giacomo* en italiano, *Jacob* en latín), foi a encargada de manter ata hoxe esas marcas naturais e de orientar ós peregrinos.

Alá polo século XII, a nación española comezou a aproveitala mística de Santiago na súa loita contra os mouros que invadiran a Península. Creáronse varias ordes militares ó longo do Camiño, e as cinzas do Apóstolo convertéronse nun poderoso amuleto espiritual para combate-los musulmáns, que dicían ter consigo un brazo de Mahoma. Sen embargo, unha vez terminada a Reconquista as ordes militares tiñan tanto poder que comezaron a ameazar ó Estado, obrigando ós Reis Católicos a intervir directamente para evitar que estas ordes se rebelasen contra a nobreza. Por mor disto, o Camiño foi caendo pouco a pouco no esquecemento e, de non ser por manifestacións artísticas esporádicas, como *La Vía Láctea* de Buñuel ou "Caminante" de Joan Manuel Serrat, ninguén hoxe en día sería capaz de lembrar que por alí pasaron miles de persoas que máis tarde acabarían poboando o Novo Mundo.

A pequena cidade á que cheguei en coche estaba totalmente deserta. Despois de moito buscar atopei unha tasca nunha vella casa de estilo medieval. O dono, que non apartaba os ollos dunha serie de televisión, avisoume de que aquela era a hora da sesta e que eu debía de estar tolo andando pola estrada con tanta calor.

Pedín un refresco e tentei ver un pouco a televisión, pero non podía concentrarme en nada. No único no que podía pensar era que en dous días ía revivir, en pleno século XX, unha

parte da gran aventura humana que trouxo Ulises de Troia, que foi con Don Quixote pola Mancha, que levou a Dante e a Orfeo ós infernos e a Cristovo Colón ás Américas: a aventura de viaxar en dirección ó descoñecido.

Cando volvín colle-lo coche, xa estaba un pouco máis calmo. Aínda que non descubrise a miña espada, a peregrinación polo Camiño de Santiago acabaría facendo que eu me descubrise a min mesmo.



Título: *A pousada do sétimo día*
Escritor: Juan Farias
Ilustrador: Xosé Cobas
Tradutor: Xavier Senín Fernández
Editorial: Everest Galicia
Colección: Punto de Encontro [Mocidade]
Ano de publicación: 1998
Núm. pp.: 120

A OBRA

Relato fantástico que parte da oralidade. Un vello profesor de Filosofía xa retirado, de nome Ciríaco, conta a historia da aparición das ánimas en pena cada 25 de xullo dos anos Xacobeos na taberna do Suso, situada na Serra da Loba, na Pobra. A través de once cadernos nos que a historia transcorre entre a realidade e o soño, sitúa a acción nesa taberna na que se congregan un político de Lugo, o pintor Piero de Padua, unha muller vella e altiva, Griselda, e o narrador, espectador que coñece á luz do candil cada unha das historias destes personaxes e que dá comezo e fin a través da primeira persoa ao relato, orixinado pola súa afección a coleccionar cousas e anotalo todo en cadernos que garda nun baúl. Todos os personaxes, mesmo o taberneiro, seu neto parvo e a vella que o acompaña, foron castigados á peregrinación sen fin por emprenderen o Camiño con propósitos pecadentos, dominados pola avaricia, a envexa, a vinganza e a trampa. O vagar destas ánimas en pena, a presenza da taberna fantasma e a redención da pena do pousadeiro, castigado a ofrecer caridade, introducen o lectorado no mundo máxico e lendario que rodea ao Camiño de Santiago e transmítenlle o medo que pervive en Ciríaco.

Este relato está acompañado de ilustracións en branco e negro que dan conta de elementos naturais que se atopan neste percorrido.

No capítulo seleccionado, o narrador en primeira persoa recolle unha historia de pantasmas que descubriu o profesor don Tomás nun manuscrito atopado nun mosteiro benedictino. Don Tomás contoulle ao narrador Ciríaco unha desas historias: a xa nomeada de Suso, a súa avarenta muller e o neno parvo que foran castigados a ter aberta até o amencer, durante sete días, todos os 25 de xullo dos anos Xacobeos, a súa taberna na Serra da Loba, porque non tiveran caridade cuns pobres que ían mendigando para facer o Camiño de Santiago. O castigo rematará cando dean de balde "a quen o pida" teito e comida e ademais conseguirán, grazas á súa xentileza e caridade, que o viño milagrosamente se converta nun viño "digno da mesa dun bispo".

O ESCRITOR

Juan Farias (Serantes, A Coruña, 1935) é autor dunha ampla obra tanto de literatura coma de guións para radio e televisión. A súa produción está traducida a linguas como o ruso, polaco, danés, francés e todas as linguas do Estado español. No caso do galego, a súa produción iniciouse en 1990 coas traducións d'*Os corredoiras* e *O fillo do xardineiro*, ás que seguiron *Os camiños da lúa* (2000) e *Ismael, que foi mariñeiro* (2000), entre outros títulos, até o máis recente, *Galego á beira do mar* (2008).

O ILUSTRADOR

Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, A Coruña, 1953) traballa de deseñador gráfico na Deputación da Coruña, aínda que complementa esta faceta artística coa da pintura e a ilustración. Como pintor ten realizado mostras de carácter individual e tamén participado noutras colectivas tanto a nivel nacional coma internacional, alcanzando distintas mencións, entre elas a do Certame Internacional Pérez Villaamil. No campo da ilustración os seus traballos aparecen tanto en libros de poesía coma de ensaio ou narrativa e mesmo en xornais, pero é sen

dúbida na LIX onde máis ten traballado. Neste ámbito comezou con *O rei de Ovisterre* (1992), de Segundo Ventín Cerviño, e até o ano 2009 ten ilustrado ao redor de cincuenta títulos, entre os últimos *A noite das filantes* (2009), de Xabier P. Docampo, e *As palabras están a mirarse ao redor da mesa* (2009), de Antonio García Teijeiro, ademais de ser recoñecido co Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Lecturas 2003 por *Aire sonoro* (2001), de Antonio García Teijeiro.

CADERNO SEIS[16]

Aquela tarde escribinlle a Roxeria. Faleille do mar en calma e de como o tempo se me fai tan longo,"¡como te estraño, meu amor!". Copieille uns versos sobre a ausencia, cousas dun poeta que nos gustaba ós dous, para dicir verdade, que lle gustaba a ela e eu dicía que tamén, aínda que me parecía un pesado. Botei a carta, busquei a Nazaré e leveina ó parque conta-los parrulos que nadaban no estanque. Deille un bico, díxome que seriamos "moi felices, meu amor, e, ó xuntármo-los dous soldos, teremos de sobra". Deixeina na casa, ceei onda sempre e o de sempre –peixe con calquera cousa– na taberna do porto. Dei un paseo pola ponte pensando un pouco en filosofías, outro pouco nas tarrafas de Roxeria e baixei á praia.

Era unha noite de moita estrela e a lúa mediaba. Non se vía ningunha nube, pero o vento do sur xa traía o recendo da chuvia que se achegaba.

Cando viña de volta, topei con don Tomás.

Don Tomás, tódalas noites, antes de se retirar a durmir, adoitaba dar un paseo para sauda-la xente e que a xente o saudase.

Díxenlle:

–Gustoume o conto.

Sorriu e dixo:

–Es moi amable.

Acompañeino ata a súa casa, que queda camiño do cemiterio, despois de pasa-la fonte da burga, na que se pode cocer un ovo.

Polo camiño, sen présa, andando de vagar, don Tomás, por reterme, faloume de Griselda e doutras ánimas, todas peregrinas, que non poderán chegar porque son ánimas teimudas, empeñadas en pedi-lo que o santo non ten no catálogo.

Algunhas destas ánimas collen folgos nestas pousadas que aparecen e desaparecen, que están e non están dunha noite

---

[16] Este capítulo ocupa as páxinas [59]-70 da novela *A pousada do sétimo día* (1998), articulada en once capítulos engarzados a través dos personaxes do profesor don Tomás e do narrador Ciríaco.

para a outra, que aparecen e desaparecen sempre en data sinalada.

–Sei disto porque o lin nun manuscrito vello que atopei, por casualidade, na biblioteca dun mosteiro benedictino que ardeu non hai moito.

Eu buscaba a orixe do meu apelido nos libros de heráldica. Buscábaa con paciencia pero con fe, esperando descubrir que veño sendo descendente de Godofredo, o godo.

O tal manuscrito fala destas pousadas, máis de cen e todas á beira deses camiños que unen Compostela co Mundo.

A da serra da Loba, segundo o que estaba escrito, aparece na noite do 25 de xullo, se é Ano Xacobeo, e está de garda ata remata-la oitava.

Cara a alí, téñoo por seguro, ía Griselda cando a viches pasar.

A pousada, esas noites, abre cun pipote acabado de espichar e o lume aceso.

As ánimas entran, fan gasto, pagan e, ó nacer o día, cando o galo avisa, o pousadeiro abre as portas e as ánimas saen e pérdense de novo, ou volven para as súas tumbas, non o sei, que non estaba escrito. Se cadra volven ás tumbas e agardan alí a que o ano volva ter trescentos sesenta e seis días, trescentos sesenta e seis noites, que sexa bisesto e santo.

Remata o galo o seu dicir e o galo, a pousada, o pousadeiro, todo se esvae, que na luz non pode ficar nada disto.

A pousada foi idea dun rañento que quixo chegar a rico a por de vender a camiñantes mal pan e peor viño.

O tal home tiña un neto parvo e unha muller avarenta.

Un día ó serán chegaron á pousada un tolleito e maila súa filla, xente pobre que ía camiño de Santiago a mendigar.

Pediron caridade e o pousadeiro, co conto de que non estaba alí para facer caridade, deulles mal trato.

Lin no manuscrito que ó pouco tempo o pousadeiro, a súa muller e o parvo pasaron de vivos a ánimas en pena e que a súa penitencia é abrir as portas nas datas que levo dito.

E así estarán, aparece e desaparece, ata que non lles doia dar de balde, a quen o pida, teito, comida e unha cunca dese

viño que, a noite que sexa servido por caridade ou xentileza, farase por milagre da xentileza ou da caridade, digno da mesa dun bispo.

–Alá arriba non hai máis cá taberna do Suso –dixen.

–¿Non se esvaeceu ó cantar o galo?

–Pois non.

–Iría con atraso –riu don Tomás.

–Se cadra si –dixen.

E rin, riu, botámo-los dous unha boa risada.

Título: *As flores do meu amigo*
Escritor: Rafael Fernández Lorenzo
Ilustrador: Xosé Cobas
Editorial: Xerais de Galicia
Colección: Merlín, serie amarela
(de 11 anos en adiante)
Ano de publicación: 2000
Núm. pp.: 110

A OBRA

Paio Gómez Chariño, co cometido de facerse cargo da tutela e educación de Edelmiro Soutelo de Leirachán, fillo dun cabaleiro que morrera loitando contra os mouros nas guerras de Granada, parte de Toledo cunha comitiva formada por algúns cabaleiros e escudeiros, comandados polo paladín Tirso de Remeirás, o trobador Joam Airas de Santiago e dous peregrinos de Flandres. Tomando como pretexto esta viaxe cara a Galicia, na que os personaxes teñen que facerlle fronte a unha serie de arriscadas e perigosas situacións, o narrador omnisciente desta novela ten a oportunidade de dar a coñecer os diferentes puntos xeográficos polos que transcorre o Camiño de Santiago, mostrando os feitos históricos e edificacións máis representativas de cada un deles, ao mesmo tempo que ofrece unha panorámica xeral da cultura e sociedade durante o reinado de Afonso X, O Sabio, no século XIII. Finalmente, cando a comitiva chega á cidade compostelá, Edelmiro é nomeado cabaleiro pola súa valentía tras salvar a filla do seu protector, Xoana Mariño Chariño, que se unira a eles en Zamora e que rematará por confesarlle o seu amor, tamén correspondido polo rapaz.

Asemade esta historia compleméntase con ilustracións en branco e negro que reproducen contextos ou escenas do narrado.

A elección do capítulo X responde a que se localiza no inicio do "Camiño Galego", describindo a dureza do ascenso do monte Irago até a Cruz de Ferro continuando por Acevo, Ponferrada, Cacabelos até chegar a Vilafranca, onde rematan etapa, e inserindo datos explicativos relativos aos costumes dos peregrinos, caso dos amilladoiros, ás vilas e cidades, en referencia ao significado da súa toponimia, da súa historia ou da súa arquitectura, sen deixar de lado a compoñente narrativa da novela. Outro dos elementos que enriquece a trama é o tema do amor e o uso das cantigas de amigo medievais.

O ESCRITOR

Rafael Fernández Lorenzo (Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1962), poeta e crítico literario, é autor de obras dirixidas ao lectorado infantil e xuvenil, como son os títulos de *Son media ducia e parecen cen* (1991) e *O ladrón de voces* (1998).

O ILUSTRADOR

Xosé Cobas (Ver pp. 71-72).

X[17]

O silencio e a soidade de Rabanal axudaban ó recollemento espiritual, e facían medrar nos corpos esgotados dos viaxeiros renovadas forzas. Forzas que logo necesitarían para acometer outra etapa do seu dilatado percorrido.

Ó abri-lo día non houbo ningún trafego naquela pequena aldea. Pero Paio Gómez Chariño espertou algúns dos seus homes dándolles indicacións concretas para o camiño. Logo, tódolos dispositivos preliminares á partida puxéronse en funcionamento e, como consecuencia, unha certa axitación espallouse polo lugar.

Unhas horas máis tarde ían camiño de Ponferrada, pero debían franquear antes os portos do monte Irago. O ascenso esixía un penoso esforzo. Tiveron que desmontar novamente dos seus cabalos e remontar con calma e resignación aquel difícil paso. Despois dunha dura e laboriosa subida albiscaron por fin a Cruz de Ferro que coroaba aquela atalaia, sinalando o inicio do denominado "Camiño Galego". Jean de Tournai e Guillaume Manier depositaron ó pé da cruz unhas pedras que levaban nos seus petos, e logo, humildemente axeonllados, rezaron a seguinte oración:

> «¡Señor Santiago! Auxiliador de todo o mundo,
> honra dos apóstolos e luz clara e nobre dos galegos;
> defensor dos peregrinos e
> quebrantador dos vicios:
> rompe as cadeas das nosas maldades e
> condúcenos ó porto da salvación.»

Edelmiro, que non entendía aquel latín tan retórico, preguntoulle ó clérigo unha vez rematado o cerimonioso acto, cál era o significado do mesmo e por qué depositaran alí aquelas pedras.

---

[17] Este capítulo ocupa as páxinas 59-64 da novela *As flores do meu amigo* (2000).

O señor Guillaume explicoulle que aquelas moreas de pedras alí depositadas eran os amilladoiros, formados polos peregrinos en determinados lugares do camiño (xeralmente nos outeiros). O feito de leva-las pedras durante a peregrinaxe era unha forma de penitencia simbólica; logo, ó depositalas nos amilladoiros, depositaban tamén os seus pecados, que quedaban purificados pola penitencia. Ademais as pedras ficaban como testemuña de que remataran a peregrinaxe segundo a súa promesa.

Seguiron o camiño, que agora descendía vertixinosamente ata chegar ó Acevo onde unhas escasas pallozas circulares orientaron a súa ruta. Máis adiante adentráronse nunha mesta fraga de castiñeiros e carballos centenarios. Atravesaron logo na súa saída as Pontes de Malpaso, con verdadeiras dificultades polo mal estado das mesmas. Por fin enxergaron ó lonxe a próspera cidade de Ponferrada, coas súas montañas preñadas de ricos metais, que xa os romanos esburacaran e furaran, desviando as canles orixinais dos ríos en pequenos canais de longuísimos percorridos, para así recoller máis doadamente as pebidas de ouro que arrastraban as correntes. A extracción do prezado mineral fora tan desmesurada que o valor do mesmo na capital do Imperio baixara aceleradamente. Nun só ano leváronse a Roma mil libras de ouro galego.

Entraron na vella cidade pasando polo hospital da Raíña. E como non tiñan intención de parar ata chegar a Vilafranca, continuaron o seu itinerario. Axiña chegaron onda o castelo dos Templarios, que se erguía impoñente e, sen demora, sabedores de que o seu camiño non remataba alí, cruzaron a ponte que lle dá nome á cidade, a *Pons Ferrata*.

Pouco despois de cruza-lo río Sil pola peculiar ponte reforzada con ferro, construída para facilita-lo paso dos peregrinos, chegaran a Cacabelos, rexión de reputada tradición vinícola, onde acordaron parar uns momentos para cata-los caldos das últimas colleitas e achegárense ás xentes da comarca.

Cos corpos aínda eufóricos polos efluvios dos bos viños degustados, entraron en Vilafranca a través da rúa da auga, rematando outra particular etapa da súa longa viaxe.

Nun alto divisaron a igrexa de Santiago, cunha artística fachada, chamada do perdón, porque concedía ós peregrinos doentes ou impedidos as mesmas indulxencias que ós que acadaban a meta final.

No barrio dos «Tecedores», na beira do río Burbia, a onde eles se dirixían, erguíase a igrexa e abadía da Nosa Señora de Clunyaco. Hospedáronse sen problemas na mesma, baixo o amparo e a protección dos monxes de Cluny, arroupados por milleiros de estrelas escintilantes.

Edelmiro, que non podía durmir, cruzou as mans trala caluga e pensou cal sería a maneira máis doada de expresa-los seus sentimentos. Joam Airas achegouse onda el e díxolle nostálxico:

–Non podedes durmir..., eu tampouco. Hai bastante tempo que a miña muller María Anes de Souto, enviou un mensaxeiro a Toledo, na miña procura. Dende que saín daquela cidade non podo pensar noutra cousa. A noite pasada apareceu nos meus soños o seu rostro sorrinte, estiven a piques de morrer de tan fermosa como a vin.

–Pois eu tampouco podo durmir, porque ando moi namorado e non son capaz de compor ningunha estrofa que pague a pena.

–Non é doado, é certo, pero se deixades fluí-los vosos sentimentos con liberdade terminaredes por conseguilo. Escoitade:

«A meu amigo mandad´enviei
a Toled´, amiga, per boa fe,
e mui ben creo que ja co el é;
preguntad', e gradecer-volo-ei,
en cuantos dias poderá chegar
aqui, de Toledo, quen ben andar.

Ca do mandadeiro sei eu mui ben
que, despois que lh´o mandado disser,
que se verra máis cedo que poder;
e, amiga, sabede vós d´alguen

en quantos (dias poderá chegar
aqui, de Toledo, quen ben andar).

E sempre catan estes olhos meus
per u eu cuido que á de viir
o mandadeir´, e moiro por oir
novas d´el, e preguntade, por Deus,
en quantos dias poderá (chegar
aqui, de Toledo, quen ben andar).»

–É incrible, acabades de compor unha cantiga así sen máis.

–¡Non, Edelmiro, non!, a cantiga xa a levaba aquí dentro –dixo Joam Airas golpeándose na cabeza, dende hai moito tempo. Unha vez que madura, xa tedes por fin o voso froito.

–Agora entendo... –contestou o rapaz.

–Pois se entendedes axudádeme con estoutra que xa case teño rematada.

Os dous namorados estiveron boa parte da noite compoñendo e declamando fermosas cantigas. Logo, satisfeitos por compartiren os seus segredos e amoríos, adormeceron xuntos cos corazóns prendidos.



Título: *Suso Espada. O misterio do Grial*
Escritor: Francisco Fernández Naval
Ilustradora: Beatriz García Trillo
Editorial: Everest Galicia
Colección: Punto de Encontro [Mocidade]
Ano de publicación: 2002
Núm. pp.: 123

A OBRA

O protagonista central desta historia, Suso Espada, relata como un membro da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago visita o seu centro de traballo, a Axencia de Detectives Nabucodonosor, para encargarlle que investiguen a desaparición do Grial do Cebreiro, o vaso polo que Xesús Cristo bebeu o viño na Última Cea. Así, ao longo de trece capítulos numerados en romanos, aínda que no volume apareza até o número catorce, o lectorado agardado vai percorrer con Suso diferentes puntos do Camiño de Santiago que visita na procura de pistas, e nos que se van ir descubrindo novas desaparicións nas igrexas, así como un conxunto de personaxes que lle achegan información ao mozo detective. Cando se atopa a piques de completar o crebacabezas que o levará á solución do caso, Suso é raptado polos autores dos roubos, detrás dos cales tamén se agocha unha rede de tráfico de inmigrantes. Trátase, en fin, dunha novela de misterio detectivesca con ocasionais alusións a feitos actuais ou á obra de certos escritores, sobre todo galegos, na que se ten a oportunidade de saber máis sobre o Camiño de Santiago ou a corte do Rei Artur.

As principais características das ilustracións son a creación dunhas figuras humanas bastante estilizadas. O cromatismo empregado con abundancia de grises e cores frías préstase a afondar no misterio que envolve toda a narración. Sobresaen dun xeito significativo os elementos dos diferentes ambientes

do Camiño que se describen nos textos: contornas reais como igrexas e espazos interiores que contan con referencias no relato.

O fragmento que segue escóllese por considerarse unha mostra significativa do tratamento que a obra realiza sobre o Camiño e a peregrinaxe, posto que todos os elementos narrativos arriba mencionados, que en conxunto contribúen a crear o ambiente de misterio que caracteriza a obra, vense aquí reunidos, ademais de facer referencias a moi diversos puntos do camiño tendo en conta a lonxitude do texto exposto.

O ESCRITOR

Francisco Fernández Naval (Ourense, 1956) é licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación e traballa como funcionario público. Foi un dos fundadores dos grupos de teatro Rúa Viva e Caritel. Como autor de literatura para adultos conseguiu diferentes premios e ademais para o lectorado mozo ten publicado as obras *Historias roubadas* (1998), *Lendas de onte, soños de mañá* (2001) e *Suso Espada, Istanbul e o cabaliño de ouro* (2008).

A ILUSTRADORA

Beatriz García Trillo (A Coruña) é profesora de arte e realizou traballos de ilustración para diversas revistas, ademais de abeirarse ao cómic. Na LIX galega responsabilizouse da proposta ilustrativa de *Lendas de onte, soños de mañá* (2001), de Francisco Fernández Naval; *A historia do home-can* (2002), de Pepe Carballude; *A aventura de Roque no mar* (2004), de Jesús Peteiro Vázquez; *O talismán dos druídas* (reedición 2006) e *Xograres dun tempo novo* (2009), de Pepe Carballude.

VI[18]

Pasei Liñares e seguín pola estrada cara ó alto, cara a onde está a imaxe de san Roque. A este santo por aquí chámanlle o Pasmao, xa que na súa inmobilidade, coa man facéndolle sombra ós ollos a xeito de viseira, seméllase máis a un espantallo ou a un turista alemán ca a un santo peregrino medieval. Alá abaixo, á esquerda, quedaba o Courel. Sentín que me chamaba co seu alento escuro, co misterio dos seus bosques e coa fresca promesa dos seus ríos, pero estaba de servicio, como diría un policía de película americana, e debía seguir sen saber moi ben cara a onde me dirixía nin a verdadeira razón pola que escollera aquela dirección. Ía cantando coa xanela aberta, imitando no posible a Freddie Mercury e berrando aquilo de *We Will We Will Rock you* e pensaba que isto de detective é unha profesión ben rara. Un dá golpes de cego e, se erra nunha pista ou nunha intuición, debe regresar á encrucillada onde se produciu o erro e tirar cara a outro lado. Supoño que fan así os médicos coa nosa saúde, e os investigadores no laboratorio. Algo diso debían saber os templarios, que marcaban os seus labirintos con códigos secretos: tres raias paralelas era sinal de bo camiño; dúas, camiño posible, pero fatigoso; unha, perdido e con perigo, de xeito que, se alguén atopaba esta última, debía regresar ó punto onde collera o vieiro equivocado. Esas marcas son as que hoxe se empregan como código internacional de sendeirismo, as mesmas que tantas veces atopara eu nas excursións pola montaña.

En Fonfría parei. Achegueime á igrexa, pero estaba pechada. Pola estrada viña un home conducindo un rabaño de vacas que ocupaba toda a superficie asfaltada. Dende atrás el berraba nunha linguaxe escura e elas, unha a unha, collían por unha corredoira á esquerda.

–¿En que lingua lles fala? –preguntei ó achegarme a el.

---

[18] Este é o capítulo sexto, que ocupa as páxinas 40-50, inserido na novela *Suso Espada. O misterio do Grial* (2002) artellada en catorce capítulos.

–Á maneira de aquí –respondeu o home con naturalidade.

–¿E enténdeno ben? –insistín.

–E non van entender, se cada unha ten o seu nome –contestou mentres dicía cousas coma ue, baixabén, vacaquí, vacavai, pousai, vacó, lutira..., e outras que non lle dei entendido.

–E, entre tantas, ¿non tivo ningún caso de vaca tola?

A pregunta ofendía por si mesma, que aquelas parecían vacas ecolóxicas, sen neurose, afeitas ós paseos demorados e ós pastos vizosos de inverno e de verán.

–Tola o que se di tola, non sei, pero aquela –e ergueu o caxato sinalando unha que naquel intre collía pola corredoira detrás das outras-, que lle chamamos a Parva, si que é algo revirada.

Marchaba sen me prestar máis atención e tiven que berrar para preguntarlle polo párroco.

–No inverno só vén misar ós domingos –informou e perdeuse tamén el detrás do gando e das súas propias palabras.

Biduedo ten unha capela pequena, din que é a máis pequena do Camiño, dedicada a san Pedro. Baixei do coche e achegueime ó pórtico de xoguete, que xa unha vez me acollera para gardarme da neve. Sobre a porta, alguén espetara un papel cunhas chinchetas. Estaba escrito á man e a letra non me era descoñecida, tampouco a lingua na que se expresaba: *Os sinais do Santo Graal non aparecerán ao pecador nem a homen que o envolto nos sabores do mundo. Nacián.* Era a mesma man e a mesma lingua daqueloutra mensaxe escrita no libro de sinaturas do museo do Cebreiro. Chamei na casa que hai diante da ermida e preguntei se tiñan a chave. Tíñana e abríronme. A capela era ben humilde e dentro só había os bancos e o altar, cun san Pedro e un Santiago, pero aquela sinxeleza a min fíxome recuperar unha sensación que xa antes tivera, mentres daba conta do bocadillo aquel primeiro día de neve da miña peregrinación de había un ano, a sensación de que, en pórticos e ermidas coma aquelas, tiñan acubillo os amores medievais prohibidos, eses que recollen as cantigas, entre trobadores e fillas da nobreza ou entre donas casadas e cabaleiros intrépidos, como Xenebra, a muller

de Artur, que ten amores con Lançelot, posuída por unha paixón que a vence. Ese pecado é o que lle impide a Lançelot achegarse ó Grial cando o atopa.

Saín, tomei nota do escrito suxeito na madeira e preguntei se sabían quén o colocara alí.

–Apareceu hai oito ou nove días –dixo un mozote que acababa de chegar nun tractor–, debérono poñer de noite, que xa estaba aí cando espertamos –engadiu coma desculpándose.

–E vostedes, ¿como non o sacaron? –insistín eu.

–Porque di cousas de santos e das escrituras, e a porta da igrexa é o seu lugar –respondeu o mesmo mozo, moi serio e moi seguro de si.

Admitindo a súa lóxica, aínda sen saber a qué escrituras se refería, regresei ó coche e proseguín o camiño, agora coa certeza de que escollera a dirección axeitada.

No mosteiro de Samos tamén roubaban santos. Contoumo un dos monxes que varría o claustro das nereidas cunha vasoira de xesta.

–Temos que pechar a igrexa porque levan os santos dos retablos.

Na súa opinión era cousa da droga, xente que precisaba cartos para ter acceso ó vicio, e eu lembreime de Cubeiro e de toda a organización dedicada a comerciar co santoral que el controlaba. Informoume tamén de que non botaran en falta ningunha imaxe de Santiago nin ningún obxecto relacionado co ritual do Camiño. No seu rexistro figuraban os nomes dos dous italianos, pero ningún outro daqueles que eu lera no libro de Pilar.

Fun parando en todas as igrexas, ermidas e camposantos sen atopar outra cousa de interese, ata que, xa contra o mediodía, cheguei á entrada de Calvor. Convén dicir aquí que, en Triacastela, o camiño bifúrcase. Un ramal vai por Valdescuro e San Xil, este é o considerado como camiño tradicional, mentres que o outro vai por Samos, variante de seguro elixida por bispos, escritores e xente principal, que se detiñan a repousar no importante mosteiro no que estivo refuxiado Afonso II o Casto, fundador de Compostela, e rei de Galicia e Asturias alá

pola metade do século VIII. A de Samos era a opción que eu escollera, tanto agora coma cando fixen a peregrinación. En Calvor xúntanse de novo os dous ramais, pero a igrexa parroquial queda nun alto, retrocedendo dous quilómetros da aldea, máis ou menos, sobre o camiño de San Xil. Sabía que nesta igrexa dedicada a santo Estevo hai un vello capitel suevo, agora usado como columna para ter conta da pía de auga bendita. Acordei que estaba ben facer un descansiño para xantar e achegarme á igrexa a contemplar aquela peza que sempre quixen ver. Deixei o coche recollido nun souto, botei a mochila ó lombo e decidín facer algo de perna e xantar o pan e o chourizo que me preparara Pilar, admirando, dende o adro da igrexa parroquial, o amplo val de Sarria.

Entrei en Calvor sorteando regos de xurro e lamazais de bosta. Crucei por entre as casas e cheguei á estrada que baixa da igrexa. Cando enfiaba o camiño saíume ó paso unha muller.

–¿É peregrino? –preguntou cun sorriso.

–Son.

Mentín por non decepcionala.

–Moi cedo empezan este ano.

Tiña gañas de leria, pero eu decidín ir ó meu.

–¿Sabe se está aberta a igrexa?

Dependendo da resposta podía aforrar a camiñada.

–Penso que non –respondeu coa súa expresión limpa e confiada.

–¿Sabe quén ten a chave? –insistín, aínda que sabía que esta non sería a última pregunta.

–Sei.

Cada vez o seu sorriso era máis limpo, máis diáfano, coma se as medias respostas fosen o máis natural, algo do que non podía prescindir, xa que, de facelo, deixaría de ser ela mesma.

–¿E quen a ten?

Estes interrogatorios, ás veces, divírtenme, pero tamén me fatigan, sobre todo cando intúo a última resposta, xa que era ela quen tiña a chave.

Chamábase Basilisa e foi súa a seguinte quenda do interrogatorio. Conteille que tiña interese en ver o capitel suevo e ela

faloume da virxe co neno, imaxe á que lle tiñan moita devoción. Tamén tiñan un Santiago e eu volvín lembrar a Cubeiro. Pedinlle a chave e non ma deixou; ofreceuse, iso si, a me acompañar. Eu insistín na inconveniencia, facendo fincapé na hora, na necesidade que ela tería de xantar. Pero vivía soa, non tiña obrigas nin horarios e ademais almorzara ben aquel día. Riu, sacou a chave do peto, fíxome con ela un sinal de complicidade e botou a camiñar pola estrada adiante, cara á igrexa. Xuntos enfrontamos a ascensión, que comeza lenta, para logo empenar dando voltas pola ladeira do outeiro. Pasou un coche e dentro unha muller que parou diante de nós, sobre a gabia.

–É unha monxa de Fonfría e vainos deixar na porta –informou Basilisa en ton confidencial.

E así foi. En nada e sen esforzo estabamos na porta do adro. Despedímonos da monxa que era amiga da miña protectora e xuntos pasamos o cancelo. No cemiterio, unha muller colocaba flores nun panteón.

–¿Sabes a quén traio comigo? –berrou a miña compañeira.

–Non –contestoulle a outra e ollounos dende a distancia.

–Un home santo –berrou de novo Basilisa con aquel sorriso que eu xa coñecía.

Mentres abría a porta eu quixen buscar, no meu aspecto ou dentro de min, algún indicio que proxectase aquela imaxe que ela cría ver. Quedei no limiar mentres ela entraba para prender a luz. Volveuse coa súa expresión confiada e feliz, e ofreceume todo o interior que, para ela, era, sen dúbida, máis importante cá súa propia casa e quizais cá súa propia vida. De repente, a súa faciana mudou coma por encantamento. Eu deixei de ser o home santo e aínda temín por ela, agora pálida e desmaiada, cando botou a man á boca para apagar un berro que non se produciu, xa que nacía afogado. Ollei cara ó lugar que ela sinalaba. A pía de auga bendita estaba no chan e á beira dela observábase a marca que deixara ó longo dos séculos unha pedra cadrada, unha pedra que eu souben que era o capitel que buscaba e que xa non estaba no seu lugar de sempre. Ela precipitouse cara ó adro.

–¡Roubaron na igrexa, roubaron na igrexa! –berraba, e axiña as dúas mulleres estaban de novo no interior, xusto detrás de min.

–Imos comprobar se faltan máis cousas –dixen eu con voz profesional.

E non faltaba nada. A virxe, o Santiago, o santo Estevo e os outros santos e reliquias estaban nos seus lugares de sempre. Tamén seguían no sagrario, que abrín mentres elas se persignaban, a custodia e a patena, que eran de prata.

–Hai que avisar a garda civil –resolvín cunha determinación que lles deu seguridade.

Chamamos co meu móbil e, antes de que chegaran, despedinme. Atoparme cos gardas e responder as súas preguntas era algo que non me interesaba. Ó saír fixeime na pechadura da porta; era semellante á do Cebreiro en tamaño. Na madeira non se observaban sinais de forza ou raspadura; ademais, cando chegamos, a porta estaba pechada e, coma no Cebreiro, ela era o único acceso ó interior do edificio. Sen xantar, regresei ó coche e collín camiño de Sarria. O coche da garda civil cruzouse co meu ós poucos quilómetros.

Comín á beira dunha fonte, preto xa das primeiras casas de Sarria. Basilisa estivera na igrexa o día anterior e, daquela, pía e capitel estaban no seu lugar, colocados como estiveran dende sempre, dende antes de que ela fose nena; logo, non había dúbida de que o roubo acontecera nas horas da noite. Ese sexto sentido, do que fala o xefe e que eu tamén sinto, dicíame que este roubo estaba vinculado co que andaba a investigar, aínda que naquel intre non fose capaz de establecer a relación.

Bebín auga da fonte e sentei no coche. Prendín o ordenador, conectei o teléfono e busquei mensaxes no correo. Tiña unha de Xosé Manuel: "Cada día posmo máis difícil. Se queres saber de Nacián, busca no libro *A Demanda do Grial*, do século XIV. Está escrito en galego-portugués, polo tanto non terás dificultade para lelo. Con respecto ós nomes que pedías, ben poderías buscar na guía telefónica, pero quizais esteas interesado en saber que Juan Arias, prior de Vilar de Donas; Sancho Fernández de Hurtado, cabaleiro de León; Pedro Arias, da casa

de Sirgal; Rodrigo Álvarez, terceiro conde de Sarria; e Pedro Muñiz, fillo do conde de Monterroso, xunto con Alonso López de Lemos e outro Sancho Fernández, este de Lemos e señor de Amarante, fundaron, no ano 1170, a Orde de Cabaleiros de Santiago no mosteiro de Loio, aínda que a fundación orixinal, segundo a historia, foi nese mesmo ano na cidade de Cáceres. ¿Era isto o que buscabas? Non sei en qué andas metido agora, pero ben se ve que á Axencia de Detectives Nabucodonosor vanlle as cousas antigas. Seguides na prehistoria, pero... ¿podería ser doutro xeito con ese nome? Cóidate. Teu. Xosé Manuel. E non me fagas máis encargas coma esta, que se van mosquear os da Británica".

É moita a consideración que lle teño a Xosé Manuel; ó seu xeito, tamén el é detective. Sei que, cando non atopa algo, busca na enciclopedia británica, xa que, segundo el, é unha fonte inesgotable de coñecemento. O certo é que logo de ler a mensaxe entroume unha especie de febre, un ruxerruxe por dentro que pensei que me cortaba a dixestión. Nesta profesión iso sucede cando temos un golpe de sorte coma o que eu acababa de ter. O xefe sempre di que leo demasiado, pero a verdade é que as miñas lecturas teñen solucionado máis dun caso. Sabía que aqueles nomes me resultaban familiares e abofé que estaba no certo. Cando decidín facer o Camiño de Santiago, lin varios libros. Gústame ir ós sitios sabendo algo da súa xeografía, da súa historia e da súa xente. Foi daquela cando lin unha historia da Orde de Cabaleiros do Camiño de Santiago e alí estaban os nomes de Juan e Pedro Arias, Pedro Muñiz, Sancho Fernández e Rodrigo Álvarez; por iso me eran familiares. Alguén andaba a xogar a algo semellante a un xogo de rol, e quizais aquilo non fose máis ca unha brincadeira de homes de negocios en días de vacacións, tal e como dixeran as fillas de Pilar, pero tiña a sensación de que estaba sobre a pista boa e iso para un detective é coma a propia vida.



Título: *O único que queda é o amor*
Escritor: Agustín Fernández Paz
Ilustrador: Pablo Auladell
Editorial: Xerais de Galicia
[Mocidade]
Ano de publicación: 2007
Núm. pp.: 176
Premios: Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil 2007
Asociación de Escritores en Lingua Galega (Infantil-Xuvenil) 2007
Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008
V Premio Frei Martín Sarmiento (3º ESO a Bacharelato) 2009

A OBRA

Volume de relatos cinguidos polo amor ou o desamor e motivados pola importancia da lectura na vida do ser humano, que se salienta por medio de numerosas referencias literarias do gusto de Agustín Fernández Paz. O libro comeza cunha cita de *Neve*, de Orhan Pamuk, da que se extrae o título, e encabézase cada relato cunha referencia literaria que alude directa ou indirectamente ao tema ou idea central. En "Unha historia de fantasmas", relato que xa fora publicado no volume colectivo *Postais do Camiño* (2004) e que agora é sometido a unha nova reescrita, unha peregrina a Compostela narra en primeira persoa un feito a cabalo entre a vida e a morte. Nun momento da historia a peregrina deixa de ser narradora obxectiva e convértese en oínte e testemuña da narración sobre o amor de Diana e do seu esposo máis alá da morte, que lle conta un compañeiro de hospedaxe e que resulta ser o esposo morto. O volume péchase co epílogo "De amores e de libros" no que Fernández Paz agradece tanto ás persoas que o motivaron a escribir estes

relatos coma o labor do ilustrador, ademais de precisar as referencias literarias que entrelaza nos relatos.

A ilustración da cuberta reproduce unha escena do relato "Esa extraña lucidez" e as do interior, figurativas e simbólicas, ocupan toda a páxina e salientan a escena máis sobranceira, en tons grises cálidos con algunha pincelada en vermello. Así mesmo, os diferentes textos aparecen encabezados por un pequeno debuxo a tinta.

O relato seleccionado, como xa se nomeou, está narrado en primeira persoa por unha peregrina que se une a camiñantes doutras provincias españolas cos que se atopa mentres percorrían o Camiño francés un mes de xuño. Aínda que a peregrina non explica claramente o motivo polo que decidiu facer o Camiño de Santiago, indica que ten relación "cunha etapa amarga" da súa vida "que desexaba deixar atrás". Dentro da diéxese lembrada pola narradora subxace unha historia de misterio, que xa se referiu, na que outro peregrino que tamén se albergaba como o resto do grupo nun hostal de turismo rural, situado nas aforas da vila navarra de Óbanos, rememora, a partir duns versos de *Fragmentos de un libro futuro*, de José Ángel Valente, o accidente sufrido pola súa amiga Diana e o seu home, cando volvían de Pamplona á súa casa en Puente la Reina.

O ESCRITOR

Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) foi profesor de Lingua e Literatura galegas até a súa xubilación en 2007 e é un dos autores que máis títulos achegou ao lectorado infantil e xuvenil galego, así como un dos máis traducidos. Salienta a súa actividade no ámbito da renovación pedagóxica. Deuse a coñecer como escritor para a infancia no Premio de Contos O Facho e dende 1989 publicou máis de corenta obras polas que recibiu numerosos premios como *As flores radiactivas* (1990, Premio Merlín 1989), *Contos por palabras* (1991, 2001, 2002, Premio Lazarillo 1990, Lista de Honra do IBBY 1992 e Premio Lecturas 2002), *Cartas de inverno* (1995, 2007, Premio Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil 1995), *Cos pés no aire* (1999,

2002, Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa 1998), *Aire negro* (2000, 2009, Premio Protagonista Jove 2001), *O meu nome é Skywalker* (2003, Premio O Barco de Vapor 2003 e The White Ravens 2004), *O único que queda é o amor* (2007, Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil 2007, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008 e Lista de Honra do IBBY 2010) até *Lúa do Senegal*, *Valados* e *A dama da Luz* publicadas todas en 2009. Polo conxunto da súa obra mereceu tamén o Premio Nacional Emilia Pardo Bazán do Ministerio de Educación e Cultura para libros non sexistas.

O ILUSTRADOR

Pablo Auladell (Alacant, 1972) é licenciado en Filosofía e Letras. Ademais de se dedicar ao mundo do cómic, labor no que conta con galardóns como o Premio Nacional Injuve 2000, ten unha ampla carreira como ilustrador. Na LIX galega encargouse tamén das ilustracións d'*A casiña de chocolate* (2008), dos irmáns Grimm.

Unha historia de fantasmas[19]

Un día nos veremos
al otro lado de la sombra del sueño.
JOSÉ ÁNGEL VALENTE: *Interior con figuras*.

O que quero contar aconteceu hai xa algún tempo. Se ata o día de hoxe nunca nada dixen sobre a experiencia que vivín aquela noite de verán nunha pousada perdida de Navarra, foi por ese temor que me produce todo o que, dalgún xeito, nos fai lembrar que o mundo real non é algo tan sólido e organizado como adoitamos pensar. Quizais existen zonas de sombra das que nada sabemos, misterios que se resisten a ser desvelados, espazos que só por un azar alcanzamos ás veces a entrever. Na biografía de calquera persoa hai momentos desconcertantes, brevísimas luzadas que iluminan a vida doutro xeito distinto e nos descobren que é moito o que aínda ignoramos sobre nós mesmos.

A miña historia sucedeu, como xa dixen, en terras navarras. Se hei ser máis concreta, direi que foi nunha casa de turismo rural –El Descanso, creo que se chamaba– situada nas aforas da vila de Obanos, ao pé da rota que segue o Camiño de Santiago. Obanos é o lugar onde se unen os dous ramais do Camiño Francés, o que nace en Somport e o que se inicia en Sant Jean Pied de Port. Trátase dunha vila pequena, con edificios que conservan aínda moitas pegadas do seu pasado esplendor medieval. Cando un se achega a ela polos carreiros que cruzan a comarca de Valdizarbe, despois de deixar atrás as duras encostas do Monte do Perdón, xa ve desde lonxe a alta torre gótica da igrexa de San Xoán Bautista, símbolo dun pasado que permanece vivo en moitos lugares do Camiño. A vida flúe ano tras ano a través del, coma un río secreto que alberga no seu leito a memoria dos peregrinos mortos. Pasos sobre pasos invisibles.

---

[19] Este relato, un dos dez que conforman o volume *O único que queda é o amor* (2007), vira a luz nunha versión primixenia no volume colectivo *Postais do Camiño* (2004), antes de ser reescrito para ser incluído nas páxinas [69]-91 do volume nomeado.

Eu, como a maioría das outras persoas que aquela noite nos reunimos na ampla terraza que o hostal tiña pola parte de atrás, iniciara a miña andaina en Roncesvalles había xa seis días, coa intención de pasar todo o mes de xuño camiñando en dirección a Compostela. As razóns que me levaban a facer a peregrinaxe non veñen agora a conto; só direi que tiñan que ver cunha etapa amarga da miña vida que desexaba deixar atrás, pero son alleas á historia que vou referir.

Aínda que xa non o lembro con exactitude, habiamos de ser dez ou doce persoas naquela xuntanza informal. A maioría forámonos coñecendo en días anteriores, sempre en encontros casuais durante a nosa andaina, favorecidos por esa camaradería que parece existir entre os peregrinos; a crenza de que o Camiño axuda a facer amizades novas é unha realidade, se hei xulgar pola miña experiencia. Aínda que, o máis do tempo, algúns de nós camiñabamos en solitario por vontade propia, xa colleramos por costume planificar xuntos a etapa do día seguinte e poñérmonos de acordo sobre o lugar onde habiamos facer noite.

Aquela tarde eu chegara moi cansa ao hostal, o traxecto desde Pamplona resultárame máis duro que o de xornadas anteriores. Despois de ducharme e poñer unha roupa limpa, o que máis me apetecía era botarme na cama e durmir ata o outro día, mais resistín a tentación e baixei a cear. No comedor, sentei cun matrimonio de Vitoria que facía o Camiño acompañado pola súa filla, unha rapaza reservada que non parecía atoparse nada a gusto entre tanta xente maior e que se limitou a responder con monosílabos cada vez que se lle preguntaba algo. Rematada a cea, Pere, un avogado catalán que era a alma do grupo, propuxo tomarmos un café na terraza. O hostal estaba situado nas aforas da vila, preto dun extenso piñeiral, e tiña na parte de atrás unha terraza que de día debía de abrasar o sol, pero que de noite resultaba do máis agradable, pois corría unha brisa fresca que traía ata nós o intenso aroma da resina dos piñeiros.

Sentamos arredor de catro mesas que unimos para a ocasión. Sentíame ben alí, na compaña daquelas persoas das que

tan pouco sabía, pero que por atopárense en circunstancias semellantes ás miñas, espertaban en min un sentimento de simpatía e complicidade. Aínda que nunca falabamos de cuestións tan persoais, estaba segura de que todas tiñan unha razón poderosa para empregar o mes de xuño atravesando a Península a pé, na procura desa Fisterra de Europa que só me era familiar a min.

Lembro que a reunión transcorría de xeito previsible. Ás veces a conversa decaía, pero, igual que o lume cando lle botas outra brazada de estelas, volvíase avivar de cada pouco con algunha nova intervención, como se ningunha das persoas que estabamos alí desexásemos que aquelas horas rematasen. Contos, sucedidos, anécdotas... Os temas habituais na vida cotiá non apareceron en ningún momento, pois parecían sobrar nun ambiente como aquel. Se non fose polas nosas roupas e polos obxectos que nos rodeaban, ben poderiamos pasar por unha reunión de peregrinos de había varios séculos. Ao cabo, as estrelas que escintilaban por riba de nós eran as mesmas que acompañaban aos camiñantes desde que, había máis de mil anos, comezaran a ver na Vía Láctea o vieiro trazado no ceo para guialos deica Compostela.

Cando xa levabamos ben tempo baixo as estrelas e a conversa ameazaba con decaer de vez, unha das persoas da reunión atreveuse a confesar que era poeta. Tratábase dunha muller delgada, de pelo negro moi curto, que era das máis faladoras do grupo. En canto o dixo, varios dos presentes deron en teimar con que tiña que recitarnos algunhas das súas composicións. E, tal como eu temía, non fixo falta moito esforzo para convencela. Recitou catro ou cinco poemas que me pareceron mediocres, como feitos con palabras gastadas, pois lembraban outros xa oídos moitas veces. Non obstante, tamén eu me unín aos aplausos do grupo, non era cuestión de estragar o engado dunha noite como aquela.

Cando rematou a improvisada actuación, Pere, o catalán, propuxo que cadaquén recitásemos o noso poema preferido. Unha parte do grupo acolleu a idea con entusiasmo, quizais porque o anonimato que propicia o Camiño tamén axuda a

liberarse das inhibicións. Houbo de todo naquela improvisada mostra; desde unha ridícula escenificación da *Canción del pirata* de Espronceda, aprendida probablemente nos anos escolares, ata os inevitables versos románticos do Neruda dos *Veinte poemas de amor y una canción desesperada*. Cando me tocou a vez, aínda que non tiña gana ningunha de intervir, anunciei que o meu poema era moi triste e que quizais non pagaba a pena recitalo alí. Como insistiron, expliqueilles que se trataba dun texto de José Ángel Valente, o meu poeta preferido. É unha composición que aínda me segue gustando hoxe; pertence a *Fragmentos de un libro futuro*, a súa obra póstuma, escrita cando xa sabía que a morte o roldaba moi de preto:

Qué dolor el morir, llegar a ti, besarte
desesperadamente
y sentir que el espejo
no refleja mi rostro
ni sientes tú,
a quien tanto he amado
mi anhelante impresencia.

Tras o meu recitado, houbo un longo silencio. Por un momento, sentinme a culpable de estragar aquela velada na que tan a gusto me sentía, era evidente que os meus versos non encaixaban ben no xogo festivo que iniciaramos. Entón, un home que permanecera en silencio toda a noite falou por primeira vez. Non podo dicir aquí nada del, porque nunca o vira ata daquela. Mais tampouco me estrañou a súa presenza, debía de ser un camiñante solitario que se unira durante o día a algún dos compoñentes da tertulia.

–Tamén lle gustarían a unha amiga miña eses versos de Valente –dixo con voz apagada–. É curioso; se non fose porque non nos coñecemos de nada, pensaría que son versos feitos a partir do que a ela lle ocorreu. Unha historia moi triste, como no fondo o son todas as historias de amor.

Calou e baixou algo a cabeza, como pedindo desculpas polas súas palabras. Se contaba con atraer a atención do grupo,

conseguiuno de sobra, porque axiña se alzaron varias voces pedíndolle que relatase aquela historia. Tras algunhas vacilacións, acabou por atender os insistentes rogos dos alí presentes. Agardou a que todos ficásemos calados e, coa mesma voz pausada que empregara anteriormente, iniciou o seu relato.

Esta historia, como xa vos dixen, ocorreulle a unha amiga miña moi querida. Non vos vou cansar con detalles superfluos; direivos só que pasou hai uns catro anos e que, dalgún xeito, tamén ten que ver co Camiño, pois todo nace do que sucedeu nun lugar moi próximo a onde agora nos atopamos. Diana, a miña amiga, casara había pouco cun mozo do que estivera namorada desde a adolescencia. O seu foi un deses amores ventureiros que agroman dun xeito idealista e que o tempo, ás veces, vai consolidando ata facelos fortes e sólidos coma unha árbore centenaria.

Vivían en Puente la Reina, a uns poucos quilómetros de aquí, aínda que ela traballaba en Pamplona, a cidade pola que pasamos onte. Un traxecto curto, que facía a diario nun autobús de liña. Unha tarde en que o seu home tiña o día libre, Diana animouno para que a fose buscar á saída do traballo. Poderían ir ao cine e despois cear fóra, era unha oportunidade para romper a rutina cotiá. El sumouse á proposta decontado, pois nada o alegraba máis que ver o brillo ledo da felicidade nos ollos da súa dona.

Cando regresaban á súa casa, xa ben entrada a noite, o coche esvarou nunha mancha de aceite que un camión derramara na estrada algunhas horas antes, xusto no inicio da ponte que cruza o río Arga. Perdido o control, o vehículo foi bater contra a varanda, con tan mala fortuna que a rompeu e caeu ao río. A ponte non é moi alta, o accidente podía quedar só nun susto, pero hai veces en que o azar xoga na nosa contra. El golpeou a cabeza contra o volante, malia levar o cinto posto; os informes explicaron que a morte debeu de ser case instantánea. Ela tivo máis sorte: quedou atordada polo impacto contra o parabrisas, máis o frío da auga reanimouna axiña. Guiada polo instinto,

conseguiu desprenderse do cinto de seguridade, baixar o cristal da porta e saír polo oco, para nadar logo deica a ribeira.

Diana salvou a vida, pero o seu home, non. Pódese imaxinar ben a pena da miña amiga, unha pena que a levou a abandonar o traballo e a refuxiarse na casa que elixiran entre os dous cando decidiran vivir xuntos, unha vivenda sinxela situada nas aforas. Non tiña ganas de ver a ninguén e deixaba pasar as horas mergullada na pena inmensa que sentía. A súa única compaña era Dédalo, un setter irlandés que mercaran ao pouco de casaren. Antes, era o seu home quen o coidaba; agora tocáballe a Diana ocuparse del, un labor que facía con especial agarimo, como se fose un xeito de conservar viva a memoria do amor truncado polo accidente.

Tras dous meses de illamento, decidiu que debía seguir adiante coa súa vida, non podía deixar que a tristeza a vencese. Conseguiu un traballo de media xornada nunhas oficinas da cidade e tratou de adaptarse a algunhas rutinas cotiás, coa tenue esperanza de que os cambios lle axudasen a recuperar algún día as ganas de vivir.

Durante as primeiras semanas, fixo todo o posible por superar a dor e encarar a vida con novos azos. O traballo ocupáballe as mañás; polas tardes, adoitaba dar longos paseos polo campo, sempre acompañada por Dédalo. Eran unhas camiñadas que a deixaban exhausta e lle axudaban a conciliar o sono nas horas difíciles da noite. Cando estaba na casa adoitaba falar en alta voz, coma se o seu home aínda estivese a carón dela, malia ser ben consciente de que se encontraba soa e de que aquelas palabras dirixidas a ninguén só buscaban romper un silencio que a oprimía. Gustáballe deixarse levar por esa sensación de que o seu home se encontraba na casa, ocupado en calquera asunto, mentres ela andaba pola cociña ou pola sala que lle servía de biblioteca. Ás veces, cando subía aos cuartos de arriba, calquera ruído familiar– unha porta que se pechaba, un renxido, o ruído dun coche que se detiña preto– facíalle renacer a ilusión de que el aínda estaba vivo e de que aparecería diante dela en calquera momento.

Buscou refuxio na lectura, como tantas persoas adoitan facer nas etapas difíciles. As novelas axudábanlle a distraerse, sobre todo nas horas longuísimas da noite, cando o sono tardaba en chegar. Pero durante o día prefería a poesía, sempre tiña a man algún título dos seus autores favoritos. Botaba en falta un dos seus libros máis queridos, *Punto Cero*, un volume do ano 1972, no que José Ángel Valente recompilara toda a poesía que escribira ata daquela. Era unha edición preciosa, coma todas as que facía a editora de Carlos Barral, cunha portada na que aparecía varias veces, en recadros repetidos como fotogramas dunha película, a imaxe dun corvo pousado sobre un libro, peteirando na tinta derramada dun tinteiro. Regalárallo o seu home, tras atopalo nunha tenda de libros de segunda man, sabedor das súas debilidades literarias. Nos últimos días buscárao por toda a casa, mais non o atopaba por ningures. Podería mercar unha edición nova, ben sabía que outra editorial reeditara o libro había pouco tempo, pero a que ela quería era aquela á que se sentía tan unida, chea de notas e de marcas que lle fora facendo ao longo do tempo.

Diana coidaba que era normal experimentar aquela sensación de que o seu home continuaba a carón dela. Acaso non din que cando se perde un membro seguimos a sentilo coma se aínda o conservásemos? Pois con máis razón unha persoa querida, sobre todo se a unión era tan intensa coma a deles os dous. Unha ausencia é difícil de encher, había que darlle tempo ao tempo, era o consello que os seus amigos lle repetían. Pero, conforme pasaban as semanas, en vez de diminuír, a sensación de que el roldaba pola casa ía en aumento. Atribuíao á soidade, quizais facía mal empeñándose en seguir naquela casa tan grande para ela soa. Moitas veces sorprendíase subindo aos cuartos de arriba, ou baixando ás présas polas escaleiras, cunha mestura de desexo e temor, mais sempre coa esperanza de que o seu marido estivese a agardala nalgún lugar da vivenda. Ás veces, mentres preparaba algo na cociña, sentía a presenza del nas súas costas e entón daba a volta, coa ilusión fugaz de poder bicalo. Pero nunca había ninguén, só o baleiro co que convivía desde o día do accidente.

Algunhas noites espertaba sobresaltada no medio da escuridade, porque lle parecía que había alguén máis no cuarto, sentado na cadeira ou ao pé da súa cama. Inmóbil, sen atreverse a prender a luz, contiña a respiración e aguzaba o oído, tentando captar algún son –un suspiro, unha rozadela– que delatase unha presenza estraña. Pero cando se atrevía a acender a lámpada nunca había ninguén, estaba tan soa coma cando se deitara.

Un día, ao volver do traballo, viu que no floreiro de cristal da sala había un ramo de rosas vermellas, delicadamente distribuídas. Pensou decontado na señora que, dous días á semana, lle viña facer a limpeza da casa. A que se debía aquela amabilidade? Ademais, non lembraba ter falado nunca con ela da súa preferencia polas rosas vermellas. De todos modos, era a única explicación lóxica, aínda que non puido evitar que outra, máis absurda pero máis poderosa, se abrise paso na súa cabeza. Ben sabía que non podía ser, que as únicas persoas que poderían colocar alí aquelas flores eran a señora da limpeza ou ela mesma. Pero se fose ela tería que lembralo. Ou non? Tiña medo de desvariar e perder o sentido da realidade, sabía que a soidade e a pena poden alterarlle a cabeza a calquera.

Tentou non obsesionarse con aquel suceso, mesmo decidiu anotar nun caderno, de alí en diante, as compras e os cambios que facía na casa. Sería a maneira de que a memoria non lle xogase malas pasadas nunca máis.

Unha tarde, ao volver do cotián paseo polo campo, Dédalo botou a correr alborozado cara á casa, cando aínda estaban a uns cincuenta metros dela. Corría e ladraba cunha súbita alegría, como se alguén moi querido o agardase dentro. Parou diante da porta, ansioso, mentres ela, desconcertada, buscaba a chave nos petos. Cando finalmente conseguiu abrir, o can lanzouse como unha frecha en dirección á sala, con tanto entusiasmo como cando o seu home aínda estaba con ela. Desde a entrada, onde Diana ficara parada sen saber que facer, viu como Dédalo saía da sala e se dedicaba a percorrer todos os cuartos da casa, desconcertado polo contraste entre a realidade e o que os seus sentidos lle anunciaban.

Tamén ela percorreu os cuartos, un por un, malia saber ben que non había nada neles, que ninguén podía entrar na vivenda durante a súa ausencia. Aquela mesma tarde, un impulso súbito levouna a buscar de novo o libro de Valente. Desexaba intensamente reler algúns dos seus poemas, sabía por experiencia que a habían axudar a tranquilizarse. Tiña que estar agochado nalgún dos andeis da biblioteca, non era a primeira vez que lle ocorría ter un libro diante da cara e non reparar nel. Volveu revisar minuciosamente os andeis, desde os máis altos aos máis baixos. Nada! Foi logo ao garaxe, onde gardaba aínda precintadas algunhas das caixas do traslado. Abriunas e baleirounas todas, pero a súa procura foi inútil. Claro que tamén podía estar na casa dos seus pais, pois deixara alí unha parte da súa biblioteca cando casara.

O sábado seguinte decidiu ir visitalos, había xa semanas que non os vía. Durante o xantar, e tamén na sobremesa, procurou aparentar unha alegría que non sentía, por nada do mundo quería que lle notasen a tristeza que a acompañaba. Logo, mentres a nai amañaba a cociña e o seu pai quedaba adurmiñado diante do televisor, revisou a conciencia o seu antigo dormitorio, e tamén os estantes da sala, na procura da edición de *Punto cero* que tanto desexaba recuperar. Mais o libro tampouco estaba alí. Non sabía como se perdera, non lembraba terllo prestado a ninguén, nunca deixaba libros tan persoais como aquel. Pero tiña que aceptalo, resignarse a mercar unha edición nova, aínda sabendo que nunca sería o mesmo, pois os libros que amamos levan tamén a memoria de nós e dos nosos soños entre as súas páxinas.

A media tarde, Diana despediuse dos seus pais. Xa comezara a empardecer, non quería ter que conducir de noite. Fixo a viaxe co corazón máis oprimido que outros días, non lle sentara nada ben ter que disimular durante tantas horas a súa dor. Cando entrou na casa, Dédalo recibiuna alborozado. Pero, máis que as carantoñas do can, o que chamou a súa atención foi o tenue recendo a perfume que se estendía por todo o aire da vivenda. Era o mesmo que adoitaba utilizar o seu home,

unha fragrancia masculina que ela coñecía ben. Como era posible?

Foi deica o cuarto de baño. A porta do armario de abaixo, o lugar onde gardara todas as pertenzas de aseo do seu marido, pois sentírase incapaz de tiralas, estaba aberta e o frasco de perfume aparecía sen o capuchón que o cerraba. De novo a asaltou a sensación de que non se atopaba soa, e non só polo recendo; algo, ese estraño sentido que parecía ir medrando no seu interior desde o accidente, avisábaa de que había alguén máis na casa. Pero sabía que era imposible, debía controlar a imaxinación atolada que parecía dominala nos últimos tempos.

Cando saíu do cuarto de baño, decatouse de que non era nel onde o perfume se notaba con maior intensidade. Como parecía vir do piso de arriba, subiu as escaleiras ás présas, co corazón rebentándolle no peito. A medida que avanzaba polo corredor, a fragrancia ía facéndose máis forte. Decidida, abriu a porta do dormitorio. Entón o recendo fíxose intensísimo, como se todo o perfume estivese concentrado alí dentro e agora, liberado por fin, saíse ceibe para expandirse por toda a casa.

Pero Diana non lle fixo caso ao perfume, non podía facerllo, porque todo o seu ser ficou atraído por un obxecto que había encol da colcha, da mesma colcha que ela estendera cando fixera a cama pola mañá, antes de saír. Achegouse con pasos rápidos para collelo, aínda que, des que lle botara a primeira ollada, ese sentido interior xa a avisara do que ía atopar. En efecto, o exemplar de *Punto cero*, o vello volume cos poemas de Valente que a acompañara durante tantos anos, estaba alí, sobre a súa cama. Colleuno, desbordada pola emoción. As súas mans apenas podían sostelo, pois tremían dun xeito que non era quen de controlar. O libro tiña un marcapáxinas que sobresaía polo canto superior. Abriuno polo lugar sinalado. Alí, na páxina 269, estaba o poema que tantas veces lle lera ao seu home, aqueles poucos versos que algún día lle axudaran a sentirse máis unidos:

El amor está en lo que tendemos
(puentes, palabras).

El amor está en todo lo que izamos
(risas, banderas).
Y en lo que combatimos
(noche, vacío)
por verdadero amor.

O home calou e baixou a cabeza, dando por rematado o relato. A min impresionárame moito, deixándome con preguntas que quizais nin el soubese responder, posiblemente porque non había respostas para elas. Algo parecido deberon de sentir as outras persoas da tertulia, porque ninguén comentou nada, como se cadaquén andase a remoer por dentro as circunstancias da historia que viñamos de escoitar.

–É tarde. Se mañá queremos saír cedo, temos que pensar en durmirmos unhas horas –dixo Pere, ao tempo que se erguía e se dirixía ao interior da pousada.

Un por un foron marchando todos, ata que só quedamos o home e mais eu. Durante un tempo permanecemos en silencio, coa mirada perdida na zona de sombra que nos rodeaba. Desexaba preguntarlle moitas cousas, pero a expresión do seu rostro non invitaba a facelo, era como se aínda andase a remoer a historia que nos contara. Finalmente, tamén eu me erguín e, tras desexarlle boas noites, marchei para o meu cuarto.

Tardei en durmir, pois a historia deixárame desacougada e non se me daba ido da cabeza. E tampouco os poemas de Valente, o que recitara eu e o que lle servira a aquel home para rematar o seu relato. Sentía que actuara coma unha parva e que a miña timidez me gañara a partida unha vez máis. Desexaría falar máis con el, non é doado atopar persoas que amen os mesmos poemas que unha ama. Finalmente, acouguei co pensamento de que aínda había remedio para o meu desexo. Tiña que conseguir falar co descoñecido á mañá seguinte; se cadra poderiamos andar xuntos algunha etapa do Camiño; con el non me importaría abandonar a miña voluntaria soidade.

Ao outro día erguinme cedo, quería ser a primeira en baixar ao comedor. Cando entrei nel aínda non había ninguén e tiven

que almorzar soa. Despois collín os xornais do día e dispúxenme a agardar a chegada dos outros hóspedes. A miña intención era invitar ao home descoñecido a sentar comigo, non me custaría moito iniciar alí mesmo unha conversa con calquera pretexto.

E si, todas as persoas da outra noite foron baixando. Todas, agás a única que me interesaba ver. Intrigada, achegueime ao xerente e pregunteille se alguén abandonara o hostal de mañanciña. «Ninguén», foi a súa resposta. «Agora mesmo están no comedor todas as persoas que pernoctaron na casa.»

As súas palabras deixáronme desconcertada. Como era posible? Fun de mesa en mesa, preguntándolles aos outros hóspedes se viran o home que nos contara o relato da outra noite. Pero ninguén sabía nada del, aínda que lembraban ben que eu fora das últimas en abandonar a reunión.

Había algo raro en todo aquilo, e non era só frustración por non poder falar con aquel descoñecido. Disposta a non marchar sen algunha resposta, decidín quedar algún tempo máis na pousada. Aos meus compañeiros de camiño expliqueilles que non me sentía ben, que sairía máis tarde e que procuraría alcanzalos antes de chegar a Estella, o punto final da nosa etapa daquel día.

En canto marcharon, busquei ao encargado e púxenme a falar con el. Tras gañar a súa confianza, como quen non quere a cousa, pregunteille se lembraba un accidente que ocorrera habería uns catro anos, no lugar onde a estrada cruza o río Arga.

–Claro que o lembro! Esa ponte está moi preto de aquí, a menos dun quilómetro.

–Estamos tan preto do río? Pensei que se encontraría máis lonxe.

–Aquel foi un accidente incomprensible deses que nunca deben ocorrer –o rostro do home reflectía un pesar que parecía sincero–. Nese lugar, a estrada ten un tramo con moita visibilidade, a proba é que nunca máis volveu pasar nada. Pero así son as desgrazas. Un nunca sabe onde nos agardan.

–Creo que morrera unha persoa, non si?

–Si. No coche viaxaba un matrimonio. Era el quen conducía, supoño que debeu de morrer afogado. A muller salvouse, conseguiu saír do vehículo por unha das fiestras.

Ía continuar as miñas preguntas, pero o encargado, tras mirarme con atención, engadiu:

–Escoite, se está tan interesada, creo que lle podo ensinar os xornais que recolleron a noticia. Daquela acababamos de inaugurar a pousada e, como tamén aparecía un anuncio que puxemos na prensa, paréceme que gardei os exemplares por algún lado. Agarde un momento.

Foi ata o recibidor e abriu unha porta situada na parede da dereita. Non daba a ningún cuarto, senón que escondía unha especie de armario de parede, ocupado por andeis onde se acumulaban libros de rexistro e carpetas que posiblemente contiñan facturas e outros documentos propios do negocio. Colleu unha daquelas carpetas e, tras cerrar de novo a porta, regresou onda min.

–Velaquí están os xornais. Pode miralos o tempo que queira; só lle pido que logo os volva a deixar tal como estaban.

Collín o material que me entregaba e fun sentar a unha das mesas da terraza, que volvían aparecer ben ordenadas. Estábase ben alí. O sol aínda non quentaba con forza e corría un aire fresco que desaparecería co paso das horas. Pousei a carpeta encol da mesa e saquei dela algúns exemplares xa antigos do *Diario de Navarra*..

Axiña dei co que buscaba. A noticia do accidente aparecía en páxinas interiores, a catro columnas, cunha foto do lugar onde se producira, e outra, máis pequena, co rostro da persoa que falecera. Era un home que había ter uns trinta anos, un home de rostro alongado e pelo intensamente negro, que me miraba con expresión seria desde aquela páxina que xa amarelara polo paso do tempo. Un home en todo idéntico ao descoñecido que a noite anterior nos relatara aquela intensa e desacougante historia de amor e de fantasmas.

Título: *Endrina e o segredo do peregrino*
Escritora: Concha López Narváez
Ilustradora: Teresa Cámara
Tradutoras: Silvia Gaspar Porras e Mercedes Doallo Biempica
Editorial: Galaxia
Colección: Árbore; 57, serie azul
(a partir de 12 anos e para adultos)
Ano de publicación: 1992
Núm. pp.: 198

Título: *Endrina e o segredo do peregrino*
Escritora: Concha López Narváez
Ilustradora: Noemí López
Tradutoras: Silvia Gaspar Porras e Mercedes Doallo Biempica
Editorial: Galaxia
Colección: Árbore/Galaxia; 130, serie verde
(a partir de 12 anos)
Ano de publicación: 2004
Núm. pp.: 256

A OBRA

Novela histórica que se desenvolve ao longo do Camiño de Santiago a finais do século XII, momento de máximo esplendor das peregrinacións xacobeas. Está estruturada en vinte e un capítulos e protagonizada por unha moza chamada Endrina, orixinaria de Navarra, que se dedicaba ao pastoreo e que un día coñece a dous peregrinos que viaxan a Compostela. Ela axúdalles a se defender duns ladróns que os asaltan e decide acompañalos até a súa meta: Santiago de Compostela. Ao longo deste percorrido descobre que a viaxe está presidida por un misterioso enigma, o cal se desvelará ao longo do Camiño. No traxecto viven innumerábeis aventuras e episodios que os levarán finalmente á cidade do Apóstolo e que poñen de manifesto a inseguridade e perigos que ameazaban os peregrinos, movidos por unha fe inquebrantábel que os ampara e anima neste

"camiño de fe e de aventuras". A narración avanza a medida que o fai o propio Camiño, que aparece reflectido a través das súas paisaxes e do ambiente humano e cultural que o dominaba nesa altura.

O texto na súa primeira edición foi acompañado de pequenas e sinxelas ilustracións, realizadas por Teresa Cámara Fernández de Sevilla, que caracterizan e describen algúns dos seus personaxes e situacións. Son debuxos realistas coloreados con contornos en liña negra, aínda que coa impresión do texto aparecen en gama de grises. Na segunda edición, publicada con motivo da celebración do Xacobeo 2004, foi Noemí López a encargada das imaxes que acompañan o texto que aumentan a tipoloxía e tamaño dos debuxos que aparecen a cor na escena que ocupa a cuberta e a contracuberta e a tons grises no interior que ocupan toda a páxina. Tamén presenta un formato maior na encadernación e no corpo da letra e suprímese a partitura do "Canto do ultreia" titulado *Dum Paterfamilias*, datado no século XII, que pechaba a edición orixinal.

No capítulo seleccionado cóntase que o vello Don Guillaume Gaurin e o mozo Henri Bernat, Endrina e a vella Olalla proseguen case sen descanso a súa peregrinación cara a Compostela, ante a incomprensión e enfado de Endrina, a quen os dous camiñantes non lle explican por qué agochan sempre o seu rostro e buscan acubillo no hospital para os peregrinos pobres en todas as localidades polas que pasan para facer o Camiño de Santiago. Este capítulo arrinca cando os peregrinos chegan ao castelo de Castrojeriz e Endrina lembra a súa nai e se admira ante a arquitectura do castelo. Despois pasan por Frómista del Camino e todos se marabillan pola igrexa de San Martiño e continúan a viaxe aos dous días e chegan a Carrión de los Condes, onde o rei Afonso VIII nuns días vai armar cabaleiros a Alfonso IX e ao príncipe Conrado de Alemaña, prometido da raíña Berenguela. Pese ás tentativas de Endrina para permanecer alí e poder ver ao rei de Castela e á raíña Berenguela, os camiñantes proseguen a viaxe, sen poder aínda explicarlle o motivo de camiñar sen case descansar a Endrina. O enfado de Endrina remata ao chegar a Sahagún, xa que lem-

bra que de esa cidade tiveron que saír para o desterro o seu avó Gonzalo e o seu bisavó Xoán de Tabladiello, por tomar parte nos feitos ocorridos en Santiago en contra do arcebispo Xelmírez. O capítulo remata anunciando que se produce un cambio na historia a partir do seguinte capítulo, "León", onde se descobre parte do significado do título da novela.

A ESCRITORA

Concha López Narváez (Sevilla, 1939) é licenciada en Filosofía e Letras e especialista en Historia de América pola Universidade da súa cidade natal. Exerceu como profesora en centros de ensinanza secundaria pero abandonou esta profesión para dedicarse á escrita. Ten publicado máis de corenta novelas infantís e xuvenís, sendo recoñecida con galardóns como o Premio Lazarillo. Tamén escribiu contos breves para xornais e libros de texto, ademais de adaptar contos clásicos. Varias das súas obras están traducidas ao galego. Ademais desta novela, poden lerse en galego *A árbore dos paxaros sen voo* (1991) e *Aventuras de Picofino* (1995) e, en colaboración co seu home, Carmelo Salmerón, *A viaxe do vento pequeno* (1997).

AS ILUSTRADORAS

Teresa Cámara Fernández de Sevilla (Vilanova dos Infantes, Cidade Real, 1949) estudou Belas Artes na facultade de San Fernando de Madrid e é profesora de Plástica no Instituto Alexandre Bóveda de Vigo. Participou en exposicións colectivas e ilustrou varios libros dirixidos aos máis novos. Iniciou esta actividade no ano 1990 con *A lúa non está á venda*, de Alice Vieira, e *A perla*, de John Steinbeck, labor que continuou en 1996 con *Bloque 12, 2º esquerda*, da citada autora portuguesa.

Noemí López Vázquez (Xixón, 1974) é graduada na especialidade de Deseño Gráfico pola Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos Ramón Falcón de Lugo. Dende 1994, ano

no que recibiu o premio de Deseño Gráfico do San Froilán, colabora coas institucións lucenses no deseño de carteis, ilustracións para diferentes traballos e mesmo ten realizado tiras cómicas sobre o Camiño de Santiago para o xornal *El Progreso*. No eido literario ten ilustrado máis de vinte títulos dende *As porcas porquiñas* (1997), de Xosé A. Neira Cruz; *Podes vir* (1997), de Fina Casalderrey; até *E Xoel aprendeu a voar* (2009), de Marica Campo, ou *A avoa Encarna fai niño* (2009), tamén de Neira Cruz.

¿Por que marchar de continuo?[20]

Despois da longa secura de trigueiras e ermos e do fondo silencio que tanto estaba na soidade da chaira coma nos seus espíritos, a visión do castelo de Castrojeriz, erguéndose sobre un outeiro, axudoulles a recobrar en parte os seus ánimos.

Castrojeriz era unha poboación estendida nunha soa rúa de case media legua, a meirande de todas as do camiño que ía a Compostela; unha ancha e empedrada verea beireada de casas, que apoiaban os tellados e paredes unhas nas outras, tendas, igrexas, conventos, hospitais, cambistas, artesáns, comerciantes, pousadeiros, bulicio, boureo, cantos, rifas..., todo nunha mesma liña. E no alto, facendo de vixía, o castelo.

Endrina pensaba que á sombra daquelas torres folgara un día súa nai cando oíra a música dunha cítola e marchara tras dela. ¿Que estaría a facer agora? ¿Pensaría na súa Endrina?

Castrojeriz foi só unha noite de descanso porque estaban temendo que xuño, ao acercarse a xullo, tomase del a calor e o abafo. E boas razóns tiñan para temer porque apenas abrira a mañá e xa empezara o sol a pesar nos corpos. Despois, trigueiras, camposas, unha inmensa chaira desprovista de árbores e ¡todo o día por diante!

Andar, andar, e o camiño sempre lles semellaba o mesmo.

–Voan baixo esas pegas, sinal de mal agoiro –rosmou a vella Olalla, perdido tamén, aínda que por breve tempo, o pulo do seu espírito.

–Longos son os camiños que van a Santiago; non obstante, temos que percorrelos –engadiu don Guillaume.

¡Que pequenos se sentían corpos e almas naquela inmensidade de campos entre pardos e verdes! O mesmo Henri víase pequeno. E Endrina semellaba un pardal inquedo, que aínda teimaba por se manter alegre. E así uliscaba o feo, que aínda tiña algo de frescor, ou escoitaba o lonxano borboriño do Pisuerga ou saía do vieiro para correr polo monte.

---

[20] Este capítulo pertence á novela *Endrina e o segredo do peregrino* (1992) e reprodúcese pola reedición do ano 2004, na que ocupa as páxinas [145]–158.

Calquera cousa para non ver, sempre diante dos ollos, aquel ancho horizonte, inundado de sol, ¡tan remoto! Ao pé dela, Xan sen Coitas brincaba, perseguindo o voo de saltóns e bolboretas.

Para escorrentar o desánimo, Endrina, igual que tantas veces, fixo soar a súa frauta. Henri volveu a ser forte e a súa voz elevouse por riba da calor e da canseira:

Cando o regato da fonte,
como adoita, se fai claro,
e medran rosas salvaxes,
e o reiseñor na póla
repite, entoa, adoza
e embelece a súa canción,
¿non cantarei eu a miña?

Amor de terra lonxana,
por vós doe o corazón,
e ningún remedio encontra
agás a vosa chamada
con brillo de doce amor.[21]

E agora, ¿por que arrubiaba Endrina? E o son da súa frauta, ¿por que semellaba aínda máis suave? E aquel grande Oso Vermello, ¿por que ao cantar a miraba? Os peregrinos ingleses empezaron despois a entoar cancións da súa terra, pero Henri aínda ollaba a Endrina. Máis tarde oíronse doces cantos lombardos e cancións en diferentes linguas... Cantando, marchaban máis animados.

¡Por fin o lugar que chamaban Fitero del Camino e o mosteiro dos monxes brancos![22]

Descanso de pés e de espíritos; viño tinto e pantrigo...

---

[21] Esta canción foi escrita no século XII por Jaufré Rudel de Blaya, home principal que se namorou da condesa de Trípoli sen vela, só polo que oíra dicir dela aos cruzados que volvían de Xerusalén (nota da autora).

[22] Chamábaselles así aos frades do Císter, como se chamaba negros aos de Cluny; a causa eran os seus hábitos (nota da autora).

E ao día seguinte, novamente chairas enormes e desérticas, sol de xuño embravecido, verán adiantado. Sede, cansazo, un camiño igual a outro, trigueiras, poeira e, de cando en vez, unha voz alentadora:

–¡Adiante, irmáns!

–¡Adiante, irmáns! –era o berro de Henri.

–¡Adiante, irmáns –exclamaba tamén a vella Olalla.

–¡Adiante, romeiros, cantade conmigo! –elevábase a voz de Endrina.

¡Herru Sanctiagu!
¡Got Sanctiagu!

¡Deus, adiuvanos!

Débiles cantos de peregrinos que se querían alzar, sen poder voar alto, tralo canto de Endrina.

¡Deus, adiuvanos!

Calor sobre calor, canseira apertando canseira, abatemento. Despois, un corpo que caía:

–¡Por Santiago, eu non podo seguir!

–Nin eu tampouco.

–Nin eu.

–¡Ai Deus, antes adoecer de frío e agora habemos morrer por mor da calor! –exclamou desmaiadamente don Guillaume.

Ao mesmo Henri escapábanlle as forzas:

–Endrina, se a morte nos vén reclamar a vida que se nos deu prestada, que nos atope collidos da man– murmurou tomando entre os seus, tan grandes e rexos, os dedos pequenos de Endrina–. Sería unha morte ben doce.

Endrina, de súpeto, a pesar da calor e da angueira, sentiuse contenta: tiña razón o seu grande Oso Vermello, sería unha morte doce; pero aínda non era a súa hora.

–¡Adiante, Henri! –respondeu mirándolle aos ollos–. Que a morte nos busque noutro día. Agora, sigamos adiante collidos da man, sigamos.

Henri sentiu os seus azos renovados.

–¡Adiante, romeiros!

–¡Adiante, adiante!

Pero ¡canto desmaio había nos corpos e nas almas!

Endrina, por avivar o pulo, buscaba flores de cor vermella, que eran alegría de trigueiras, enfeite de campos solitarios.

A primeira, para Henri; a segunda, para don Guillaume; a terceira para a boa Olalla; as demais, para os peregrinos; e a última...

–¡A última para ti, Xan sen Coitas, meu canciño valente!

–¡Adiante, romeiros!

E novo esforzo de corpos ao se ergueren, ¡adiante!, débil, pesadamente, pero adiante. E de pronto, aquel profundo silencio, amasado de sol, de poeira e de cansazo, quebrouse cuns sons lonxanos. Os pasos ficaron detidos.

–¡Oíde, irmáns!

Escoitaron o ruído de rodas dun carro aínda na distancia, mais ¡que consolo traía, e que ledo soaba!

–¡Sant Iago acode na nosa axuda, irmáns, igual que axudou a outros romeiros de antano! –exclamou alguén.

Os cantos de loanza parecían chegar ao horizonte:

¡Te Deum Laudamus!
Te Dominum confitemur.

O rincho das rodas achegábase: ¡que gozo para o peregrino!

Boieiros[23] de Frómista eran, que volvían de Burgos cos carros baleiros.

Coa tarde a caer chegaron a Frómista del Camino. As fermosas pedras amarelas do mosteiro dos frades negros, douradas polo último sol do día, dábanlles a benvida.

[23] Condutores de bois (nota da autora).

Dous días descansaron en Frómista, e durante aquel tempo Henri e Endrina non fixeron senón estar xuntos e admiraren a beleza das tallas esculpidas en pórticos e naves. Aquela igrexa non era coma outras do camiño; a Endrina parecíalle moi bonita. As súas pedras amarelas tiñan a cor do trigo que xa empezaba a virar maduro, e as figuras dos homes e animais semellaban ter vida:

–É obra dos mesmos mestres que esculpiron a catedral de Jaca, uns magníficos artistas. A nosa igrexa de San Martiño é a irmá máis nova daqueloutra, ¡e se cadra máis linda! –dixéralles un frade.

O canto dos monxes entoando as horas saía do templo e parecía quedar prendido en figuras de pedra.

–¡Mira, Henri, parecen estar orando! –borboriñaba Endrina.

Muros de pedras amarelas, figuras que semellaban rezar, inmensidade de campos vistos dende a torre, tardes arroxadas e voos de paxaros felices: todo iso era San Martiño de Frómista... ¡Que duro era partir!

Principiaron de novo a andaina ao amencer do terceiro día, esperando que os soles de xuño lles queimasen máis tarde os corpos e as almas. Non obstante, a mañá foi fresca e a tarde protexeu aos romeiros con amplo manto de nubes cinsentas. Por iso chegaron a Carrión de los Condes sen maiores quebrantos.

Acharon a vila rebordando bulicio, pois había por todas partes ricoshomes de Castela e León, nobres de Galicia e Navarra, bispos e abades, condes e duques de Francia e Alemaña..., e con eles, homes de armas, servidores e xograres, ademais dunha nube de pousadeiros, artesáns e cambistas que lles saían ao paso con enorme insistencia. Admirados e compracidos estaban os peregrinos atopando tanta vida no lugar despois de encontraren tan intensa dureza e secura no longo camiño. Compracida estaba, entre todos, a anciá Olalla, e aledábase tamén Endrina non só porque, de cando en vez, era amiga de batifondos, senón porque oíra que na data do vinte e catro do mes que andaban o rei de Castela, Afonso VIII, habería armar cabaleiros no mosteiro de San Zoilo ao xove rei de

León, Afonso IX, e mais ao príncipe Conrado de Alemaña, que estaba prometido coa pequena infanta Berenguela[24].

Non obstante, don Guillaume e Henri, pálidos, medoños e apoucados, correron ao hospital de peregrinos pobres á procura do abeiro de paredes e recantos e agachando os seus rostros. Alí malcomeron unha cunca de sopa e mais unha cuarta de pan negro, mentres que os seus compañeiros, convidados xunto co pobo á festa de San Zoilo, comían e bebían pantrigo, pombiños e cordeiros e bo viño tinto sen medida nin taxa.

Mais Endrina xa estaba temerosa de que aquela nova preocupación non lles levase outra volta a marchar sen apenas folganza nin descanso.

E de Carrión, segundo ela temía, partiron co albor, sen máis compañeiro cá vella Olalla que, aínda que a contragusto, non quixera abandonalos porque, a teor do que lles dixo, non desexaba mudar aquela compaña, que xa as tivera malas noutras ocasións.

–Malos días amencen para o que ten mal veciño[25] –exclamou–, e aínda peores marchando a Santiago –engadiu.

¡Como lle gustaría a Endrina coñecer aos reis de Castela e León, ao príncipe Conrado e á raíña Leonor!

–Henri, ¿non podemos quedar en Carrión sequera dous días?

–Non Endrina, non é posible.

–Marchamos sempre con tan poucos ánimos... Nunca nos detemos á sombra de claustros, nin apenas estudamos a linguaxe dos capiteis. A vella Olalla di que capiteis e pórticos nos falan coas súas linguas de pedra, e que nas imaxes camiñeiras está tallada toda a historia da nosa relixión: a vida do Señor Xesús Cristo e dos seus apóstolos, os milagres e gozos da Virxe. E di que os monstros terribles representan ao mal e as ás en corpos de serpentes que o mal xa foi vencido. ¿É certo todo iso?

–É certo, Endrina.

---

[24] O matrimonio non se realizou, e Berenguela casou con Afonso IX de León, sendo pais ambos de Fernando III O Santo (nota da autora).

[25] Proverbio da época (nota da autora).

–Oh, Henri, deteñamos os pasos, que apenas fixemos caso da linguaxe dos capiteis.

–¿E non lembras San Millán, Burgos ou Frómista?

–Pero hai moitas máis igrexas e moitos mosteiros no camiño que leva a Santiago; quedemos, Henri; marchemos máis devagar.

–Non podemos, Endrina.

–¡Quedaría tan satisfeita de ver entrar en San Zoilo tres cortexos seguidos de reis! Fiquemos neste lugar polo menos dúas ou tres xeiras.

–Non, Endrina.

–¿Por que, Henri?

–Non me preguntes máis, que aínda non che podo responder.

¡Cantas cousas lindas deixaban atrás!

–¿Como é o rei de Castela, madre Olalla?

–É baril, xeneroso e valente, Endrina.

–E ¿como é a raíña Leonor?

–Disque moi fermosa; pero ha de selo moito menos ca ti –murmurou Henri moi preto do seu oído.

–Pero eu non son nada fermosa.

–¡Por Deus que si, Endrina! Para min non é tan fermosa ningunha outra.

A Endrina non lle collía o corazón no peito de contento. ¡Penas fóra, que aquel grande Oso Vermello a atopara fermosa!

Ao dobrar o término de Sahagún, xa lle pasara o enfado e abría os ollos para admirar a fartura de granxas e de campos inmensos, con pastos, con sementeiras, con árbores froiteiras, con muíños que nunca cesaban de dar voltas ás moas..., con rabaños de animais sen conto. Non en van se achaban en terras que pertencían ao cenobio de San Facundo, o máis ricaz de todas as Españas.

Ao enxergaren Sahagún, a emoción saltou no peito de Endrina pois daquel punto saíu para o desterro, había xa moitos anos, seu avó Gonzalvo de Tabladiello cando se alzara contra do abade, o seu señor natural, nas segundas revoltas que houbo no lugar porque, sendo libre, quería ter maiores liberdades e

maiores dereitos. E pensando en Sahagún e mais no seu avó Gonzalvo, lembrou ao seu bisavó Xoán de Tabladiello, de quen lles viña o alcume, e as súas terras galegas, das que tamén tivo que partir por iguais motivos, pois tomou parte, e parte sinalada, nos feitos que ocorreron en Santiago en contra daquel sonado e por todos coñecido arcebispo Xelmírez.

Grande parte da poboación de Sahagún chegara doutros países: franceses de Gascuña, Bretaña, Borgoña, Provenza... ingleses e lombardos; ademais dun grupo numeroso de xudeus e musulmáns fuxidos de Al Andalus. Todos eles facían fortuna en torno ao mosteiro ou á ruta da peregrinación a Compostela. Eran ferreiros, carpinteiros, peleteiros, zapateiros, alfaiates, e todos parecían prósperos e satisfeitos. Os luns eran días de feira e de alí saían e entraban produtos de todas as partes da Península: esmaltes de Navarra e Cataluña, coiros e las de León, obxectos de prata e ouro de Al Andalus...

O mosteiro de San Facundo era un trafegar de xentes que ían e viñan. No pórtico oriental encontraron a un xove escultor, que dixo ser de Provenza, traballando sobre pedras antigas, ao pé doutras tallas, a cabeza dun estraño animal.

–En Italia e en Francia, en terras de Aragón e de Navarra, tamén teño deixado algunhas outras obras de meu. Eu seguirei adiante; pero algo de min ficará para sempre na pedra –díxolles, decatándose de como contemplaban o seu labor.

–Chámanlles escultores vagabundos e van dunha vila a outra ao longo de todas as do Camiño. Aquí deixan unha talla e alá deixan outras, e o mesmo fan os mestres canteiros que igual obran en Francia que en Aragón ou en Castela. Por iso as igrexas e mosteiros do camiño da peregrinaxe se parecen entre si –explicou máis tarde don Guillaume.

–Disque o mestre que dirixiu as obras de Sahagún foi un inglés vagabundo que tamén realizou as da fermosa catedral de Jaca, en terras de Aragón, e que os mesmos escultores que alí doaron as súas magníficas obras traballaron despois en San Martiño de Frómista –engadiu a vella Olalla que, como fora a

Compostela por camiños distintos, ás veces parecía un pozo de coñecementos.

–Abofé que son moitos os artistas peregrinos que, procedentes de Francia, Lombardía ou Inglaterra, van semeando figuras ao seu paso. Son galanos de pedra que nos fan –volveu dicir don Guillaume.

–Pero de todos eles son máis e mellores os mestres das terras de Francia. As súas tallas parece que nos falan e nos miran. E é que as igrexas que beirean os camiños franceses son altas, grandes e magníficas; e os santos anxos que vixían nos seus pórticos e naves son de tal beleza que non imitan figuras deste mundo nin estaren feitas de pedra –engadiu Henri.

–Cala xa, Oso Vermello, que aínda nos quedan por cruzar algúns ríos de augas avoltas que tragan mentireiros –burlouse Endrina.

Nada sucedeu digno de ser contado na vila de Sahagún, e despois dunha xeira de descanso partiron cun moi grande grupo de peregrinos cara a León. E tampouco no camiño ocorreu nada especial, senón que foi un continuo sucederse de gándaras inundadas de sol; pero así que chegaron a un lugar chamado Mansilla de las Mulas, onde saciaron a sede nunha fonte camiñeira de frescas e doces augas, os prados comezaron a verdecer lenemente e aparecían árbores vizosas que aliviaban a calor dos últimos días de xuño.

E tampouco aquela xornada lles deparou imprevistos, senón que foi unha entre tantas do longo camiño que ía a Santiago; non obstante, xa en León, os feitos comezaron a sucederse de moi distinta forma.



Título: *O bocexo do puma*
Escritor: Gonzalo Moure
Tradutor: Xosé Antón Palacio
Editorial: Alfaguara-Obradoiro/Fundación Caja de Granada
[Mocidade]
Ano de publicación: 2000
Núm. pp.: 197
Premio: Xaén de narrativa infantil e xuvenil 1999

A OBRA

Novela situada no Camiño de Santiago como lugar de busca dun mesmo, como camiño cara ás profundidades do ser a través da perspectiva dun narrador omnisciente. Abram decide realizar o camiño dende Roncesvalles para esquecer o suicidio da súa moza, Lisa, no que se viu directamente implicado e para cumprir en certo modo o plan trazado por ambos de facelo xuntos. O rapaz vai lembrando momentos da súa difícil relación por entenderen a vida dende puntos de vista totalmente contrarios. Lisa, a causa da morte de seu pai nun accidente de coche, arrastraba dende nena unha culpabilidade que de sempre pretendeu agochar na autodestrución constante, utilizando o alcohol, as drogas e amizades pouco recomendábeis coas que procuraba a intensa diversión da fin de semana, co propósito de perder a conciencia. Abram coñecéraa nunha festa completamente borracha e intentara ofrecerlle outro camiño, para facela saír do aburrimento permanente ante a vida, animándoa a cultivar os seus talentos naturais para a pintura e a fotografía pero sen conseguilo nunca totalmente. Un día Lisa decide suicidarse e organiza unha festa na súa casa de Arturo Soria, unha sórdida invitación ao final da súa vida. Abram asiste á celebración malia non estar invitado e alí vese finalmente ante o cadáver da súa moza, unha escena que se presenta recorrentemente no relato. Todas as etapas do Camiño de Abram constitúen un paso máis no recordo de Lisa e da súa morte, sobre todo den-

de que comeza a súa relación con Alma, unha rapaza que o axudará a atopar a verdade e a se enfrontar a ela, ademais do verdadeiro sentido do Camiño, fóra da forma de facer turismo e de buscar un xeito de penitencia, dende a profundidade do tempo, como lugar de encontro entre compañeiros que comparten o pan. A presenza ameazante nas distintas etapas de Tim Legger, un dos amigos de Lisa, fai que finalmente Abram se enfronte á policía e recupere a escena final do suicidio.

Xa dende a fotografía da cuberta sitúase a temática da obra, pois aparece un adolescente xogando coa súa sombra e en actitude reflexiva, mentres o mundo parece xirar ao seu redor.

O Camiño de Santiago preséntase no capítulo seleccionado fundamentalmente como unha vivencia individual, mesmo como unha experiencia íntima, que permite reflexionar en busca de respostas a conflitos persoais. Ao mesmo tempo, obsérvase que aparece como un lugar de intercambio e enriquecemento cultural pois**,** ao coincidir o protagonista con personaxes de distintas nacionalidades (americanos, ingleses, franceses e españois, entre outros) ao longo do Camiño, afonda no seu verdadeiro carácter, máis alá dos tópicos. Por último, alúdese ao seu sentido espiritual, entendido como unha parte da súa historia en relación coa relixión católica.

O ESCRITOR

Gonzalo Moure Trenor (Valencia, 1951) estudou a carreira de Ciencias Políticas na Universidade Complutense de Madrid e traballou no terreo xornalístico dende 1973 (fundamentalmente na radio, aínda que tamén na prensa) até que en 1989 decidiu dedicarse de cheo á literatura. Abandonou o seu posto de director dunha emisora de radio en Ribadeo e especializouse en LIX, terreo no que mereceu importantes premios. En galego ten publicadas, ademais desta obra, *Palabras de caramelo* (2003), *Maíto Panduro* (2004), *Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake* (2004), *Un loto na neve* (2006), *A noite d'O Risón* (2007) e *Son un cabalo* (2007).

Capítulo 1[26]

Non teñades medo dos dentes do puma: só está bocexando.

Abram lembraba constantemente esa frase e nin tan sequera sabía moi ben a quén pertencía. Ou si: ó Camiño. Para Abram era o resumo do Camiño, a destilación dunha conversa no refuxio de peregrinos de Azofra, unha botella de viño branco acabado de sacar da neveira. ¿Quen estaba alí aquela noite? Lembrábaos: as súas voces, os seus nomes, os seus rostros, os seus pares de botas poeirentas, colocadas en fila e cos amallós colgando, nunha pequena repisa de pedra do corredor.

A frase acerca do puma era un slogan, ou tal vez fose da foto dun puma encontrada nunha enciclopedia ou nunha revista. Alguén lembrara a frase ó ve-lo caderno de Abram, un caderno cadrado e vulgar, cunha portada na que se podía ver un puma coas fauces abertas, en actitude ameazante. O caderno fora de Lisa e conservaba algunhas notas dela, poucas. O resto eran anotacións de viaxe feitas polo propio Abram e unha especie de diario sen días, páxinas de escritura automática tratando de chegar ó fondo do pozo en que se convertera a súa memoria.

Non daba lembrado quén pronunciara a frase, nin tampouco importaba moito. A frase do puma pertencíalles a todos eles, non tiña máis dono có Camiño. Pensaba no Camiño de Santiago e as imaxes que acudían á súa mente eran as das botas colocadas na repisa do corredor do albergue de Azofra, o puma do seu caderno e aquelas palabras: "Non temas; só bocexa".

Abram tivo que desface-los pés no camiño para descubrir todo o contrario. Era unha idea de ida e volta, de dobre gume: "Non confíes no bocexo do puma; en realidade, non é un bocexo. Disimula para atacarte."

Abram escribiu na soidade dunha aldea durmida, nunha páxina do seu caderno, poucos días antes de queimalo:

"Os dentes do puma esnaquizáronme. Non sei se bocexaba ou ruxía, pero a miña carne é xa o seu alimento, podo escoita-

[26] Capítulo inserido na novela *O bocexo do puma* (2000), que ocupa as páxinas [9]-43.

los sons larpeiros, o rachar de tecidos, o renxer dos meus ósos, o gurgullar do meu sangue, derramándose cara á nada."

Cerrou o caderno e mirou a imaxe do puma, internouse na súa boca, ata que quedou durmido.

Despois do enterro e os funerais de Lisa, a primeira vez que Abram volveu ver a Tim, o hóspede da casa de Lisa, foi en Bilbao. Abram decidira empeza-la peregrinación visitando o museo Guggenheim e hospedárase nun hotel pequeno, enclavado no extremo do vello barrio chinés bilbaíno. Malia os consellos dun policía autonómico de boina vermella, Abram saíu de a pé do hotel, coa mochila ás costas, fascinado polo ambiente envilecido do barrio. Tiña billete nun autobús para ir a Pamplona e outro para chegar deica Roncesvales. O autobús de Bilbao non saía deica as dúas e media da tarde, así que tiña tempo de sobra para o Guggenheim.

Foi descendendo polas rúas que se abrían desde as brumas do barrio chinés ó comercio e a modernidade e, por fin, bordeando a ría en obras, chegou ós largos bulevares do novo centro da cidade. Desde alí, con dous xornais baixo do brazo e un café negro no corpo, foise encamiñando cara ó museo.

Estivo dez ou doce minutos arredor dun xigantesco can de flores, sorprendido e espantado ó mesmo tempo. Despois baixou as escaleiras, cara á porta principal, e situouse na fila, con paciencia e sen présa ningunha. Nese momento volveuse cara á escaleira e viu a Tim.

Tim Legger era un americano que desde había dous anos tiña un cuarto alugado na casa de Lisa, e Abram sospeitara sempre que estaba namorado dela. Lisa divertíase provocando os celos de Abram á conta de Tim, deixando escapar pequenas crueldades acerca da súa vida en común na casa de Arturo Soria, da curiosidade malsá do americano, das súas irrupcións no dormitorio de Lisa, das súas clases gratis de inglés, das súas sesións de cine en versión orixinal, das súas mans longas, dos seus axexos...

Tim era de estatura máis ben escasa, un roxo pencado con perilla longa e rubia, sen bigote, moi norteamericano, con bra-

zos curtos e pernas grosas de máis. De ir con gravata e traxe, parecería unha testemuña de Xehová ou un vendedor de ordenadores. Pero levaba sempre roupa moi folgada: camisetas descoloridas, bermudas moi longos e unha gorra dun gris sucio con pins de cores. Ás veces levaba lentes de sol, pero alí, entre a xente, na fila do museo, a Abram pareceulle que levantara os lentes e que os levaba na fronte, xusto debaixo da viseira da gorra, deixando ó descuberto os ollos, dúas boliñas negras carentes de expresión, sen vida. Nunca falaran; intercambiaran frases, case sempre hostís e, poucas veces, simplemente corteses.

Abram deu a volta, tratando de aparentar que non o vira. ¿E el? ¿Vírao tamén? O corazón aceleráraselle de golpe. ¿Que facía alí? Desde a morte de Lisa non deixara de ver a Tim: na casa de Arturo Soria, no funeral, na comida familiar que houbo nun restaurante de El Pardo... Durante a comida, lanzara dardos velenosos contra Abram, e ó acabar, achegouse a el para borboriñarlle: "Hase sabe-la verdade". ¿A verdade? Abram mirouno de cerca por primeira vez na súa vida e díxolle: "Déixame en paz."

–Nunca –contestou Tim.

Ese "nunca" desacougárao, pero Abram lembraba moi ben que Tim, por fin, se despedira de todo o mundo. Dixera claramente que volvía a Nova York. Seu pai ganaba bastante diñeiro como para telo en España, xogando ó artista bohemio, e tamén para pagarlle as viaxes a un lado e outro do océano, coma se o avión fose unha especie de dormitorio voante para Tim. ¿Por que estaba alí, entón, en Bilbao?

Abram entrou no museo sen decatarse. Facía proxectos de présa. Cría que antes ou despois ía atopar a Tim no interior do museo. Nese momento sabería se aquelo era unha casualidade. Pensou que, en efecto, podía selo. A Tim o gusto pola arte supoñíaselle, e o propio Abram falara na comida familiar do museo Guggenheim. Non lembraba, sen embargo, que ningún dos dous, nin Tim nin el, dixese nada acerca de visitalo.

Tampouco Abram mencionara no xantar a súa intención de percorre-lo Camiño de Santiago. Pero sabíao moita xente,

claro. Os seus pais, que quixeran estar no enterro e o funeral a pesar de que non tomaran nunca en serio as relacións de Abram e Lisa. Tamén o sabía Augus, o amigo de Abram, o seu único amigo. E a nai de Lisa. Comentárallo no taxi en que os dous volveran do xantar de El Pardo. Fora o seu único momento de intimidade, a única ocasión en que falaran, desde a morte de Lisa, sen a presencia doutros. Ela estaba paralizada, aínda baixo os efectos dos tranquilizantes. E, segundo cría Abram, tamén estaba aterrorizada. Se a vida tiña sido dura despois da morte do seu marido nun accidente, quedar sen a súa filla era un golpe que dificilmente encaixaría, un golpe definitivo. Por primeira vez na súa vida deixara dous días a súa filla soa, e regresara para encontrala morta. Todo acabara para ela.

No taxi, miraba a Abram cos ollos baleiros.

–¿Que vas facer?

–¿Cando?

–En xeral.

Falaba cun ton de voz moi baixo, resgado, a diferencia de Lisa, que tiña unha voz alta e un chisco nerviosa.

–Non sei. Seguirei estudiando, supoño. Pero non agora.

–¿Non?

–Non podería.

Despois lembraba que engadira:

–Quero face-lo Camiño de Santiago.

Íano percorrer xuntos, Lisa e Abram. Aquel fora un dos seus maiores triunfos, convencer a Lisa de facer algo, nada menos que lanzarse a un duro camiño durante un mes ou máis, cunha mochila nas costas. Pero despois, na súa derradeira e definitiva crise, chegara a rirse de Abram por tomar en serio aquel proxecto. Abram sentía que, agora que Lisa morrera, o Camiño era inevitable. E Lisa ía ir canda el, no seu pensamento, en cada paso. Quixérao ela ou non.

–Íao facer con ela.

–Non mo dixera.

A nai de Lisa parecíase a ela, pero o parecido era só superficial; Lisa podía facer que Abram enfermase de carraxe por

culpa da súa indolencia e abulia, pero ata nos seus momentos máis negativos daba a impresión de ser un volcán durmido. Lisa-nai non comunicaba nada, ou tan só baleiro, frío. A súa filla atribuía esa frialdade á morte. Perdera o seu marido nun accidente de coche. Lisa dixéralle unha vez que a súa nai tamén morrera no accidente.

–Morreron o corpo de meu pai e a alma de miña nai.

–¿E ti?

–Eu, non merecía estar viva nin sequera antes.

Só unha vez máis aceptou falar do accidente con Abram.

No coche ían os tres. Conducía o pai e Lisa tapoulle os ollos coas mans, coma un xogo. Ela tiña doce anos. Facíaos aquel mesmo día. Desde o accidente Lisa pensou, sempre, que era ela a que debía ter morto, que o seu nacemento fora un erro.

Abram xa supoñía que Lisa non lle diría nada á súa nai. En realidade, non lle contaba nada que tivese importancia. Despois do accidente seguiran vivindo xuntas, pero tódolos camiños que percorrían eran diferentes. O de Santiago non sería senón un máis deles.

Lisa-nai trataba de sobrevivir. A casa de Arturo Soria resultaba demasiado custosa. Non conseguira ningún traballo serio, e os pequenos traballos que lle facilitara a familia ó principio fóranse diluíndo: dependenta nunha tenda de modas cerca de Serrano, axudante na administración dunha academia de baile e secretaria dunha axencia inmobiliaria. Os tres negocios sucumbiran e Lisa-nai e a súa filla vivían da pensión de viuvez e gastando a prima do seguro. Tim aparecera como caído de ceo, gracias ó traballo de Lisa-nai na academia de baile: seu pai fora un famoso bailarín de Broadway, tiña tamén unha academia en Long Island, a Legger Academy, e quería que o seu fillo se formase en España, no que debía de imaxinar como o "espírito toureiro" e a "arte xitana". Pagáballe a Lisa-nai unha boa cantidade non só por aloxalo e darlle de comer, senón tamén por preserva-la súa seguridade e por darlle "un fogar".

Lisa-nai dicía que, por fin, recuperara o equilibrio; pero era obvio que se trataba dunha mentira: Abram decatábase de que

o mundo se lle afundira irremediablemente, de que, era verdade, a alma lle morrera naquel estúpido accidente e de que envexaba á súa filla por vivir. Porque, comparada con ela, ó menos, Lisa vivía. Tampouco sabía moito da súa filla. Sorría coma unha parva na súa presencia, tratando de aparentar que a indolencia de Lisa era común a tódolos mozos. Ó revés: envexaba a Lisa, cando marchaba da casa, por ser nova, por estar empezando, por ter todo Madrid por descubrir, polo que podía agardar dos millóns de persoas que poboaban Madrid e o pouco que podía esperar ela xa da vida: lembranzas, rabia, impotencia.

–¿Valo percorrer só, sen ninguén?

–¿O Camiño?

Abram pensou: "Menos mal que non estabamos casados". Aquela pregunta inocente da nai de Lisa, no caso de estaren casados, parecería unha sospeita. ¿Supoñía que había outra rapaza? Alá ela. Podía pensa-lo que quixera, incluso que a morte de Lisa non fora un suicidio, nin moito menos accidental. Pero a vida non era unha película de misterio, nin unha novela. Lisa estaba morta. E punto.

–Si. Teríao percorrido con Lisa.

Aquel día, no taxi, sentiuse satisfeito coa súa frase: "Teríao percorrido con Lisa" quería dicir: sen Lisa, soamente o podo percorrer só. Agora xa sabía que ningún camiño se pode percorrer só.

Abram non volveu ver a Tim no museo. Buscouno por tódalas partes, coa mirada. Pero ou non entrara ou escondíase. Subiu ó primeiro piso e apoiouse na varanda para espiar ós visitantes ó seu antollo. Non viu nin rastro da inconfundible silueta, un pouco preguiceira, de Tim.

Ó saír do museo volveuno buscar entre a xente, pero tampouco estaba e Abram chegou a pensar que fora unha especie de confusión.

Sacudiu a cabeza. Non tiña por qué temer a Tim.

Comeu algo nunha taberna e bebeu bastante chacolí. Escribiu no caderno do puma durante media hora, ata que tivo que

o deixar. Ó saír de alí sentiuse turbio e un pouco mareado. No autobús durmiu. Quedou durmido tan á présa que, cando espertou, pensou que aínda non saíra de Bilbao. Pero xa estaban en Pamplona. Nunca lle pasara nada igual. Non fora durmir, senón unha estraña desconexión. Na súa mente non pasaran nin cinco minutos.

Polo contrario, a viaxe nun pequeno autobús deica Roncesvales fíxoa completamente esperto. A estrada subía e o autobús desviábase para entrar a recoller xente nas pequenas aldeas. Por un momento houbo néboa, pero despois pasaron a través da última barreira gris e volveron ó sol. Bosques de faias ós lados, construccións grandes e harmoniosas, rúas rectas e ordenadas nas viliñas, polas que discorrían pequenos leitos de auga descubertos.

Abram pensaba en Lisa. ¿Que lle parecería a viaxe? Sería marabilloso vela gozar daquela paisaxe. Antes, Lisa nunca saía da cidade e toda a súa idea da diversión reducíase ás noites de marcha. Adoitaba saír cun grupo de amigas coas que, invariablemente, coma un rito, se emborrachaba. Eran amigas desde o colexio e só estudiaban para non teren que afastarse unhas doutras, e todas de Berta, a máis vella, de dous anos máis ca elas, á que alcanzaran no primeiro ano de instituto. Sacar a Lisa á luz desde aquel refuxio feito de borracheiras e complicidades, sacala á vida, foi difícil. Abram chegara a pensar que ía ser imposible. Ó principio limitábase a levala a sitios nos que non estivese todo o mundo borracho. Eso xa era un triunfo. Máis tarde conseguiu que empezase a saír de Madrid, a desapegarse daquela cortina de fume detrás da que se escondía. As saídas fóronse facendo máis habituais cada vez e antes do final era ela a que quería dedica-las fins de semana a percorrer, con el, as aldeas e as viliñas da serra. Ían no tren ou en autobús e camiñaban ata que a chuvia ou a neve os facía volver.

Lisa adoitaba camiñar pola montaña en silencio. Turbia e melancólica, con algo que Abram pensaba que era asfixia. En realidade era unha planta arrincada de raíz, tirada no camiño. O seu sustento era o lodo da noite, e lonxe do lodo parecía morrer. Abram estaba orgulloso entón, porque sabía que aquel

esforzo por saír e camiñar pola serra era a forma que tiña Lisa de dicirlle que o quería, que estaba a gusto con el.

Un día, sentados no interior dun bar dunha aldea, sucio e escuro, mentres vían chover ó outro lado da fiestra, a través dos adhesivos de motos e refrescos, Lisa dixo:

–De nena debuxaba. E pintaba.

Non lle gustaba falar da súa infancia, porque era parte da «outra vida», antes do accidente. Por eso resultaba máis doloroso vela loitar coa súa incapacidade para facer nada.

A partir daquela confesión intentou resucita-los seus vellos pinceis, gardados coidadosamente nunha preciosa caixa de pinturas, pero cando a sacaba do armario, limitábase a acaricia-la, cerrada. Era unha caixa de madeira de teca; na tapa, un amigo do seu pai, pintor, retratáraa a ela de nena. Un precioso retrato do que Abram sacara unha fotocopia en color que, despois, colgou no seu cuarto. O retrato tiña unha dedicatoria do vello pintor: «A Lisa, pintora.»

–Pinta– dicíalle Abram.

Pero ela ríase de si mesma, menosprezábase con crueldade.

Abram non logrou nin unha soa vez que Lisa levase a caixa de pinturas ás súas escapadas polos lugares da serra. Ela limitábase a sacar fotos dos balcóns, as flores e, sobre todo, as portas. Lisa foi facendo unha colección de fotos de portas. Case todas tiñan o mesmo formato. Verticais, moi ben encadradas malia estaren feitas cunha pequena cámara automática. Elixía, sempre, portas de madeira, con especial atención ás máis antigas e ás máis rústicas. Nalgunha das fotos había un gato ou un can, nunca unha persoa. Gardábaas en tres álbums. Ás veces, na casa de Arturo Soria, Lisa pasaba horas folleando as páxinas dos álbums e mirando portas.

–Un día heinas pintar.

Converteuse nunha idea fixa de Lisa, case nunha obsesión; cadros de portas: antigas, modernas, rústicas, feas, sórdidas, fermosas... Tomaba notas dos seus proxectos nun caderno. No caderno do puma, que máis tarde lle regalou a Abram. Pero nunca levou a efecto nin sequera unha parte dos seus proxectos.

Abram enfadábase e dicía que as portas eran unha escusa. Falaba de pintalas e non as pintaba. E se non as pintaba, todo o demais quedaba aprazado.

Unha noite, non había moito en realidade, Lisa soñara coa porta do museo Guggenheim.

–Cristal e titanio. *Mmm.*

Miraba unha revista. O edificio latía, gris e prateado, baixo a chuvia. As fotografías eran espléndidas. Nunca soubo, nin había saber xa, que a porta do museo era vulgar, coma a dun cine moderno.

Abram intentouno de novo:

–Vamos a Bilbao. Será o teu primeiro cadro.

Pero Lisa asustouse e sumiuse nun silencio de dúas semanas no que volveu ás súas amigas e ós seus hábitos. Tras regresar da súa última noite alcohólica chorou no ombro de Abram.

–Non mo aguantes nunca máis, non me deixes.

Abram tamén chorou. Pensaba: «Non me deixes ti». E quería dicirlle: «Vamos a Bilbao, leva os pinceis». Pero non se atreveu.

En Roncesvales, Abram saíu a pasear xa de noite. Os dous bares rebordaban de excitación. O seu barullo extinguíase a medida que Abram se distanciaba. Chuviñaba. Abram internouse nunha estrada sinuosa que pronto se convertía en camiño. Chegou onda unha granxa de vacas, pero o camiño non seguía máis alá. Iluminou as paredes da granxa coa súa lanterna, e esa visión abrancazada e quieta dos muros, tralos cales se oían confusos bruídos, deprimiuno.

Despois, ó regresar, desde o bosque húmido e escuro comezou a chegarlle a voz de paxaros nocturnos que se contestaban uns a outros. Voces serenas, confiadas, familiares. Abram preguntouse qué se dicían os paxaros con aquel punteo. As súas voces, dous tons graves e sonoros, esparexíanse por todo o bosque e cando Abram chegou á fonda aínda se oían, monte arriba, mesmo no tellado do mosteiro.

En Casa Sabina, Abram coñeceu a Marion. Bebía cervexa e levaba unha gorra enorme, coma a dos automobilistas de principios de século.

Tamén fumaba, tabaco negro. Abram fixóuselle nos dedos, o corazón e o índice, manchados de nicotina.

–¿Tes un pito de tabaco negro?

–¿*Noir*?

Abram non fumaba regularmente. Empezara ós catorce anos, pero despois deixárao e agora fumaba só cando lle apetecía. Lisa fumaba negro, e o olor acre do tabaco negro formaba parte dela.

–*Noir, si.*

Marion era francesa, do sur. Parecía triste, pero Abram pensou que era unha tristeza circunstancial. Unha rapaza alegre que estaba triste, pero non unha rapaza triste. Nada que ver coa ausencia, co afastamento profundo e inevitable de Lisa.

Marion miraba a Abram de esguello. Abram notouno. Sabía que non era nada especial, y que ademais era máis novo ca Marion. ¿Canto? El tiña dezasete, aínda que aparentaba algún máis. Era demasiado delgado para que ningunha rapaza dixese del que era un «tío bo» e demasiado duro de corpo e de cara para que lle chamasen «iogurín», a pesar da idade. Sen embargo, desde que coñeceu a Lisa, mellorara de aspecto, e aínda máis a súa aura. Dicíase a si mesmo que madurara por necesidade, para ser capaz de levar a Lisa a algunha parte, cara a algo.

A mesma Lisa adoitaba repetir:

–Estás moi ben. Se chegas a estar así de ben daquela, non che faría caso.

Referíase á primeira noite, cando se coñeceron. Lisa detestaba os guapos de oficio.

Ó mirarse no espello, Abram estaba de acordo en que cambiara. A súa ansiedade desaparecera e tiña a mirada e a boca máis relaxadas. Tamén deixara crece-lo pelo, e a súa melena negra, unha melena lisa, contribuíra para que, en conxunto, parecese máis doce. Ó comeza-lo Camiño, en Roncesvales, por primeira vez recollera o pelo nunha cola que, de tódolos xeitos,

aínda era curta de máis e deixáballe un par de guedellas soltas, unha a cada lado da cara.

Marion e Abram beberon cervexa e fumaron en medio do ambiente cargado e un pouco enfebrecido do bar da pensión. Toda aquela xente, ou case toda, ía comeza-lo Camiño desde Roncesvales, coma Abram. Marion non: viña desde Francia e comezara unha semana, dez días antes. Levaba unha mochila grande, vermella. Nela gardaba unha hamaca que colgaba entre dúas árbores para durmir. No alto de Leopeder, a máis de 1.500 metros, durmira sobre a neve acompañada por unha rapaza alemana.

Marion era tamén delgada, de boca grande e carnosa e ollos grises, un chisco saltóns. A Abram lembráballe a Mick Jagger pero, en conxunto, gustáballe.

No bar bebían uns mozotes bretóns. Vestían roupas típicas da súa rexión, pero non de calendario. Pantalóns negros deica os papos das pernas, moi axustados, chaleco e chaquetiña negros tamén e camisa branca, sen colo. Nas barrigas das pernas e na chaqueta levaban botóns de veludo negro. Os tres eran grandes e silenciosos. Tiñan o pelo longo e dous deles recollérano nunha cola, máis longa cá de Abram. Tiñan apoiados onda a mesa os seus longos bastóns, moi decorados.

–Veñen dende Quimper –dixo Marion, en francés.

Un deles oíu Quimper e volveuse. Sorriu cara a Marion e ela agardou a que deixase de mirar para burlarse del, sacando a lingua.

–Mamalón.

Abram xirou a cabeza para rir sen que os bretóns se decatasen. Tapou a boca, mirando cara á porta. O cristal reflectía o multicolor interior do bar, pero a través del víase algo pálido. Abram recoñeceu a Tim Legger. O seu rostro pencado, a perilla arrubiada, a gorra gris. Un instante despois, esvaecérase. Había outra fonda en Roncesvales, algo máis grande cá Casa Sabina.

Os bretóns puxéronse a cantar e Marion uniuse a eles. Especialmente ó que ela chamara mamalón. Abram subiu ó cuar-

to e deitouse na cama. Soñou toda a noite co rostro de Tim, apegado ó cristal de Casa Sabina.

Abram saíu moi cedo da fonda. Almorzara na mesma barra do bar, na vaga compañía doutros camiñantes. Non podería lembra-los seus rostros sequera, porque pensaba todo o tempo en Lisa. A noite pasáralle nun sono moi lixeiro, case sen chegar a durmir, esforzándose en escoita-la voz monocorde dos paxaros e afasta-lo rostro de Tim da súa memoria. Intentaba pensar en Lisa en lugar de en Tim. Se non fose pola morte, Lisa estaría alí con el, naquel cuarto limpo e aséptico, pasaría máis dunha hora no balcón, sentada nunha cadeira cun pito sen acender, mirando o baleiro, pensando. Despois deitaríase na súa cama, naquela cama que permanecera baleira toda a noite.

Abram acabara por erguerse para ir ó cuarto de baño e á volta desfixera con furia a cama de Lisa, a que xa nunca ía ocupar Lisa. Sabía que, de ter chegado ata aquela cama, todo sería distinto.

Pola mañá, a colcha de cor laranxa estaba no chan. Abram duchouse, vestiuse e baixou coa mochila preparada, para non ter que volver ó cuarto.

Ó saír de Casa Sabina, chuviñaba. Mirou ós lados, ás árbore escuras, esperando ve-la silueta de Tim, pero non a viu. Un grupo de peregrinos fotografábase onda a porta do mosteiro. Eran estranxeiros, aínda que algún parecía español. Tres homes e catro mulleres, de idades diferentes. Oíu retallos de frases en alemán, en inglés e tamén en español. Os sete estaban emocionados e un pouco teatrais, no principio de algo. Abram envexounos. El non se sentía no principio de nada, senón máis ben ó contrario, ó final.

Saíu andando pola estrada, seguindo as frechas amarelas que lle asegurara que non ía deixar de ver nunca, en todo o Camiño. Levaba un bo plano, e unha guía moi completa, con nomes de hostais, refuxios e restaurantes e bares xunto a tódolos lugares que tiña que atravesar. Antes de deixar Roncesvales meteuse nun bosquete de freixos e seleccionou unha vara que lle podía servir de bastón. Cortouna a modiño, coa navalla que

lle regalara Lisa nunha das súas primeiras excursións pola serra. Mentres cortaba, cos brazos en alto, pasou o grupo dos sete. «Os sete ananiños», pensou Abram, mirándoos de esguello. Dous deles eran moi altos, con aspecto de estranxeiros. Unha das mulleres, unha rapaza, tamén era moi alta. «Os ananiños altos», matizou Abram, sorrindo.

O bastón pareceulle perfecto. Estaba fresco: o zume do freixo chusmigaba e resultaba un pouco pegañento, pero non desagradable.

Axiña deixou a estrada e internouse no camiño. Comezaba a amencer, por algún lugar. A néboa iluminábase, pero non parecía facelo desde fóra, senón dende dentro.

Era agradable andar só. O camiño era profundo e misterioso, entre os retallos de néboa e a luz a penas insinuada. Abram non daba evitado pensar en Lisa, no que cambiarían as cousas se dese conseguido que Lisa estivese alí, nel. Pensar nela facíalle dano, pero en parte decidira percorre-lo longo camiño desde Roncesvales ata Santiago de Compostela para pensar en Lisa. Agora tería un mes ou tal vez máis para facelo. En realidade, nunca dispuxera de demasiado tempo para reflexionar. Para sentir, si. Polo menos, desde que Lisa entrara na súa vida, ou el na dela. Fora un cambio demasiado pronunciado, case radical, como para poder pensar moito no que significaba, no xiro que dera a súa vida. Ou, mellor, en cómo a súa vida adquirira un sentido: espertar a Lisa da súa somnolencia, do seu sono, levantala do chan.

Coñecéraa nunha festa, completamente borracha. As amigas de Lisa eran duras de verdade, estaban cheas de arestas. Bebían durante as noites daquelas fins de semana coma se fosen camelos antes de cruzaren o deserto, co único fin de borrarse do mapa. De perde-la conciencia ou de diluíla en alcohol. As inimigas de Abram: Ánxela, Berta, Susa e, ás veces, a propia Lisa. Os venres ían as catro no coche de Berta ata a porta dunha discoteca, abrían o capó, no que levaban botellas de tódalas clases de alcohol e refrescos e emborrachábanse con toda a rapidez que podían. Despois metíanse na discoteca sen saberen xa moi ben o que facían. Ás veces encerellábanse en

pelexas e acababan de mala maneira, na rúa ou incluso, unha vez ó menos, nunha comisaría. Lisa non falaba moito dela, porque se avergonzaba, pero nunha daquelas pelexas golpeara na cabeza, a patadas, a unha rapaza máis nova ca elas. Por fortuna non lle pasara nada e a rapaza, por fin, retirara a súa denuncia.

Berta era a máis vella das catro e tamén a proveedora. Era a única que deixara o instituto e tiña un negocio coa súa nai, unha oficina na que conseguían gravacións de programas de radio ou televisión e toda clase de recortes de prensa para famosos ou famosiños. Unha pasta. Para ela, comprar ducias de botellas de alcohol non era nada. Alcohol e, algunha vez, outras cousas máis contundentes.

Despois de coñecérense, Lisa comezara a distanciarse delas, pero sen demasiado convencemento. Trataba de facerlle crer a Abram que non as necesitaba para nada, pero ó menos unha fin de semana ó mes caía nas súas redes, tecidas a forza de anos e borracheiras. Tiraban dela con cordas que Abram descoñecía. Se lle preguntaba, Lisa respondía con evasivas, protexendo ás súas amigas. Intentara compartir con elas unha noite, pero fora un fracaso absoluto. Odiábano, era o mito do macho que marcha coa filla, máis có noivo que marcha coa amiga. Berta, en especial. Dedicara a noite enteira a lanzarlle pullas e conseguira que todo fose bastante desagradable. Abram cría que Lisa o defendería, que se poñería da súa parte, pero mantívose á marxe, coa mirada neutra e aparentando que aquelo non tiña nada que ver con ela.

Non volvera intentar convivir, nin moito menos compartir a Lisa, aínda que as vía ás veces. Berta ía á casa de Arturo Soria moitas tardes e tombábase na cama de Lisa, cos cascos postos. Cando entraba Abram saudábao, pero non volvían falar entre eles. Abram odiaba atopala alí, sobre todo porque Lisa, entón, non facía nada por quitalo de enriba. Algunha tarde, o propio Abram optara por marchar. Unha desas veces, mentres saía, captara unha expresión de triunfo salvaxe, case de xúbilo, na mirada de Berta.

Abram coñeceu a Lisa completamente borracha, esa era a expresión exacta. Abram non estaba alegre e a festa non parecía ir con el. A xente ía encontrando xa o seu sitio, a súa parella ou a súa botella, mentres que Abram seguía seco dunha cousa e doutra. Adoitaba pasarlle. Antes de Lisa, Abram sabía que fora un tipo anódino, indeciso e cheo de autoconmiseración. Para el, todos tiñan algo: ou amigos, ou noiva, ou traballo... El, só a Augus, un compañeiro de instituto que se apoiaba tanto nel coma el en Augus, ombro con ombro fronte ó resto do mundo. E pouco máis, ou nada.

Aquela noite sentou nun sofá para afastarse da xente, sen decatarse de que Lisa estaba alí. Nese tipo de festas chega un momento en que o que non se move nin sequera é xa visible. Parellas anoadas, tipos derrotados polas nubes de calquera paraíso. Lisa era un máis daqueles case cadáveres e non se movía. Estaba convertida nun montón informe. Se non fose porque era tan fermosa, Abram nin sequera a miraría. Pero fíxoo.

Ela tiña os ollos cerrados con forza, coma se non quixese deixar pasa-la luz nin sequera a través das pálpebras. A boca entreaberta deixaba ve-la súa dentadura, grande e branca, un dos trazos máis atractivos de Lisa, e a punta rosa da súa lingua. O brazo dereito tíñao dobrado nunha postura imposible. A Abram fíxo pensar nun accidente. Estaba mirando a boca de Lisa cando esta se moveu. Desdobrou o brazo, abriu os ollos, enfocounos para ver mellor a Abram e díxolle:

–Porco, papahostias.

E volveu quedar durmida. A Abram aquelo fíxolle gracia. As primeiras palabras que lle dirixira Lisa foran «porco» e «papahostias». Esperou o que pareceron un par de horas a que espertase. Augus apareceu entre a nada para vir por el, pero Abram desfíxose del. Augus botoulle unha ollada apreciativa a Lisa e foise, encollendo os ombros.

Segundo lembraba Abram, Lisa levaba unha minisaia de cor crema e unha camiseta sen mangas, de cor azul mariño. Ámbalas pezas estaban engurradas e deixaban ver partes do seu corpo. Os tirantes do suxeitador eran brancos, dunha brancura

rechamante sobre os ombros morenos de Lisa, e iso fíxoo pensar en máis roupa interior.

Cando espertou, Lisa encontrábase moi mal. Abram axudouna a poñerse de pé e levouna deica o cuarto de baño. Era unha casa particular, aínda que Abram non tiña nin idea de a quén pertencía. Lisa deixou que lle lavase a cara e despois sentou no retrete, sen ningún pudor e sen apenas mirar a Abram. Por fin, golsou. Estivo máis de dous minutos, de xeonllos diante do retrete, coa cabeza inclinada, apoiando a fronte na palma da man de Abram. Suaba frío.

–Gracias –deu dito Lisa desapegando a fronte da man de Abram.

Despois baixaron á rúa e Abram buscou un bar aberto onde poderen tomar algo fresco. Para ela pediu dous refrescos de limón e para el unha cola.

–Bebe.

Lisa obedeceu.

Tras despexarse un pouco, riu.

–Chameiche porco.

–¿Lémbralo?

–Si. Perdoa.

–Tes razón. Estábache mirando a boca e a lingua.

Lisa sorriu e tapou a boca coa man.

–Tamén che chamei imbécil.

–Non. Papahostias. Tamén tiñas razón.

Estiveron charlando ata que o bar cerrou, xusto ó amencer.

Agora, amencendo no inicio do Camiño de Santiago, Abram lembraba moi ben aquel amencer. Camiñaron polas rúas baleiras de Madrid, derreados, case mortos, pero resistíndose a separarse coma se facelo fose xa irreversible. Abram reprochoulle a Lisa a súa borracheira, por inútil.

Lisa mirouno e respondeulle que, se cando lograse irse a durmir espertaba e Abram seguía existindo, sería a última vez que se emborrachase.

A Abram aquelo sooulle a música do ceo. Nunca ninguén lle dixera nada parecido. Tiña a sensación de que a vida era un amoreamento de xente que non necesitaba para nada á outra

xente. O amor era unha referencia vaga das películas, pero non parecía ter un lugar real no seu mundo. Había parellas, moitas, pero non podía penetrar nos seus verdadeiros sentimentos. Polo que el sabía, o que adoitaba buscar noutra persoa era sexo, pero o amor non era real. As palabras de Lisa fixérono sentirse, por primeira vez, querido.

Ó se despediren, bicáronse. A boca de Lisa sabía a todo o malo e o bo da noite. Tiña bicado outras rapazas, pero sempre fora en festas, nunha discoteca, en noites de fin de ano. E, sempre, baixo o efecto do alcohol. Pero nunca puidera pensar nada acerca da rapaza en si, demasiado preocupado polo que supoñía que tiña que facer a continuación. Tanto que nunca fixera nada a continuación, nin lograra darlle continuidade a ningunha relación.

De tódolos xeitos, Abram non soubo que se namorara de Lisa ata que foi consciente de que xa non estaba con el.

«O amor é que non estás», borboriñou entón, só coma sempre, pero só coma nunca. Sentirse tan só fíxolle pensar nela como non pensara nunca en ninguén. Desexaba volver ve-lo seu rostro borroso polo alcohol, as pastillas e o cansazo, volver a oí-la súa voz, volver sentirse apreciado por ela.

«O amor é que non estás», repetiu, tanto tempo despois, na soidade branda do Camiño.

Aquela frase, en Madrid, tiña un significado preñado de futuro, era coma unha sede, significaba que nunca renunciaría a ela, que loitaría coa súa vida por que estivese. Agora soaba como o que era: un epitafio. Lisa xa non estaba, nin estaría xamais.

Abram camiñaba. Unha bota primeiro, outra despois; e, no medio, o bastón, *tlac, tlac, tlac*.

Túneles de faias, camiño limpo, a penas luz.

Media hora máis tarde topou de fronte con dúas rapazas norteamericanas. Tiña a sensación de que as vira a noite anterior en Roncesvales, cos seus panos de cabeza azuis con debuxos brancos cubríndolle-lo pelo. Dixéronlle que o camiño era

imposible para as bicis, a pesar de que as bicicletas eran de montaña.

–Demasiado barro.

Debía ser verdade, porque viñan cheas de lama, tanto elas coma as bicicletas. Decidiran volver atrás e colleren pola estrada. Era o seu primeiro día no Camiño e parecían algo desconcertadas.

–¿E será sempre así?

–Non o sei –respondeu Abram.

Eran guapas, pero, para Abram, ó xeito norteamericano: baleiras, sen substancia. Resultábanlle ridículas, as típicas norteamericanas: cómicas, crendo que eran indispensables, coma se ó abandonaren elas o camiño deixase de existir e lles molestase que Abram seguise adiante. O seu pai, o pai de Abram, dicía que Hemingway era o culpable do que el chamaba «complexo de gran tipo americano».

–Tódolos ianquis o teñen. Walt Whitman é Deus e Hemingway é o seu profeta.

Abram seguiu só, pensando no seu pai. Non pensaba demasiado nel. Ensinaba Filosofía nun instituto de barrio e pola noite escribía libros que ninguén lle publicaba. Unha vez ganara un premio, pero a editorial que ía publica-lo seu traballo cerrara e deixara o seu libro, a medio facer, na imprenta. O seu pai rescatara algunhas partes xa listas, entre outras a portada, na que se lía o seu nome: Abraham Fernández Rei. A portada estaba enmarcada na saliña da casa, sobre o televisor. A Abram parecíalle un símbolo. Non quería confesarse, sen embargo, símbolo de qué; eludía a continuación. Non pensaba no seu pai, e listo.

En efecto, cada vez había máis barro no camiño, pero sen bicicleta non era imposible camiñar, aínda que si difícil. O bosque fixérase máis e máis profundo e había que pisar sobre un leito de follas podres, barro e algúns pequenos cursos de auga.

Cruzando un regato esvarou e o bastón crebou. Deixouno apoiado nun penedo e seguiu un centenar de metros sen bastón, pero era moi difícil. Axiña atopou unha rama caída. Debía

de levar un ano no chan, porque estaba seca, aínda que non podre. Crebouna máis ou menos a dous metros de altura e quitoulle as cortizas coa navalla. Era irregular, nada recta, pero resultaba moi estética e cómoda. Facíao pensar nos caxatos dos magos celtas, en Gandalf.

Co novo bastón, era máis doado camiñar. Viu un raposo. Mirábao fixamente, inmóbil. Por fin escapou, sen facer ningún ruído. Cando estaba a punto de desaparecer, volveuse para mirar a Abram.

A visión do raposo fixo que se fixase máis nas sombras e as formas do bosque. Por riba, o sol debía de estar iluminando a néboa e as copas do bosque, porque unha estraña luminescencia se ía apoderando de todo.

Ó principio pensou que aquela era outra sombra, unha pequena alucinación: un tronco que parecía unha persoa. Pero non o parecía: era unha persoa. Era Tim. Estaba a uns vinte metros, sentado no chan, apoiado na mochila, e non miraba a Abram. Este detívose un intre, pero despois seguiu, sentindo a respiración axitada, coma se de socato tódalas dificultades do camiño se lle amoreasen no peito.

Un par de quilómetros máis tarde, o bosque acababa abruptamente e o camiño uníase á estrada durante un centenar de metros. Á esquerda anunciábase un bar. Abram mirou o reloxo e decatouse de que levaba camiñando case dúas horas e media. Tiña un chisco de fame. Mirou cara atrás, temendo ve-la silueta de Tim, pero non viu a ninguén. Decidiu ir deica o bar para comer algo.

Axiña o atopou, na praciña da pequena aldea. Tiña unha mesa moi longa de madeira na rúa. Sentadas no banco corrido da mesa estaban, entre outras persoas, as rapazas americanas cos seus panos na cabeza, onda ás súas bicicletas de montaña, cheas de barro. Outros peregrinos entraban e saían do bar.

Abram saudou ás rapazas e entrou no local, que era tamén unha pequena tenda. Comprou un bocadillo de aspecto moi apetitoso, pistachos, unha mazá e unha botella grande de auga e saíu a sentarse na mesa. Un rapaz de ollos acuosos trataba de ligar coas americanas, así que Abram se puido dedicar ó boca-

dillo. Entre os pés dos peregrinos e as patas da mesa deambulaba un canciño esfameado, afeito, ó parecer, a que os peregrinos lle desen parte dos seus bocadillos. As americanas dábanlle anacos de tortilla e embutido. Abram limitouse a darlle unha codia de pan, pero eso serviu para que unha das rapazas das bicis se dirixise a el. O rapaz dos ollos acuosos marchou. Outro peregrino, un home reseco, duns sesenta anos, tomaba notas nun caderniño.

Elas eran de Texas e viñeran a Europa coa intención de face-lo camiño de Santiago, primeiro, e de baixar pola costa portuguesa, despois. Non tiñan máis ca unha lixeira idea do sentido espiritual do Camiño, nin tampouco lles importaba. Eran de relixión católica, de xeito que debeu de se-la propia Igrexa a que as encamiñou, pero ou ben elas non entenderan nada, ou o cura que as empuxara non soubera explicarse. Por algunha estraña razón, eso fixo que Abram se puxese a impartir doutrina. As súas propias palabras soábanlle ridículas, porque a verdade era que el non cría moito no sentido relixioso do Camiño de Santiago, pero non podía parar. Unha das texanas falaba moi ben o español, pero a outra preguntaba constantemente o que quería dicir tal ou cal palabra, frases enteiras. Algunhas apuntábaas nun caderno de tapas flexibles, negras.

Tan embebido estaba Abram no seu discurso que non se decatou de que alguén sentara no extremo do banco. Non o viu ata que falou, en inglés.

Tim, outra vez. Estaba sentado un pouco máis alá có peregrino reseco, e por eso Abram non o vira. Tim sorría e falaba, dirixíndose á rapaza texana que falaba peor o español. Explicáballe algo que Abram non entendía, porque o dicía en inglés, e eso fixo que este se sentise enfadado. Estivo a piques de erguerse e liscar, pero, de momento, decidiu non facelo. Tim estaba alí, e non cabía dúbida de que o axexaba. Tamén era evidente que non quería abordalo. ¿Que quería, entón? ¿Converterse nunha sombra, nunha especie de presencia acusadora? ¿Que se sentise culpable?

Abram non podía pensar con claridade na morte de Lisa, na noite en que morrera. Para eso, para lograr pensar claramente

na morte de Lisa, estaba o Camiño de Santiago, ou ó menos eso cría. Pero que Tim o coaccionase coma unha especie de fantasma que aparecía e desaparecía non o ía axudar. Mirouno, aproveitando que estaba falando coas rapazas texanas. Podía dirixirse a el e aclara-las cousas, pero non lle deu a gana. Sentíase acosado, enfadado, irritado, realmente furioso. Nesa situación resultaba pouco aconsellable tratar de falar con Tim. Era probable que, de facelo, acabase insultándoo e quén sabe se, incluso, pegándolle. Nunca pelexara con ninguén. No colexio sempre se apartara da violencia dos compañeiros, pero sabía que dentro del tamén había violencia. Se o insultaban sentía punzadas de dor, pero nunca tivo a tentación de replicar a golpes, nin sequera con outros insultos. Sen embargo, Tim sacábao fóra de si. Abram pensou que, se era así, era porque o poñía ó bordo do seu propio abismo. Tim obrigábao a mirar cara a unha zona de si mesmo que aínda non estaba preparado para volver visitar.

Acabou o bocadillo coa axuda do canciño. Despois, aparentando tranquilidade, ergueuse e despediuse das rapazas, pero non de Tim, ó que nin sequera mirou. Colgou a mochila, agarrou o bastón ó paso e saíu camiñando a grandes alancadas.

Alegroulle recupera-la paz do camiño. Mentres volvía á senda chegaban por ela os sete ananiños altos. Un deles preguntoulle polo bar e Abram limitouse a sinalar coa man o anuncio. Un estreito corredor entre bidueiros agardábao. Todo quedou en silencio cando Abram entrou na sombra. O silencio era tan intenso, de pronto, que a Abram desgustáballe facer ruído coas botas.

Durante un bo tramo estivo pensando en escapulirse de Tim, sentindo a súa respiración axitada polo enfado. Podía saír ata a estrada e facer auto stop, ou ir ó lugar habitado máis próximo e alugar un taxi que o adiantase unha etapa completa. Pero agora estaba máis tranquilo e empezaba a ve-las cousas dun xeito distinto. Non coñecía a Tim o bastante como para poder xulga-las súas intencións. Antes da morte de Lisa víao coma un rival, alguén ó que Lisa manexaba para molestalo e

provoca-los seus celos. Pero agora... Abram decidira desde o primeiro momento, no Guggenheim, que a súa era unha presencia hostil. Pero, ¿como podía estar seguro? Se, como cría, Tim estaba namorado de Lisa, ou se o estivera, tal vez buscase en Abram o eco de Lisa, máis nada. O que lle dixera no restaurante, despois do funeral, podía se-lo froito da tensión, da dor pola morte de Lisa.

Abram sabía que non tiña dereito á exclusiva da dor, que ninguén a ten.

Se fose así, se Tim non fose máis ca outro ser humano dorido pola morte de Lisa, non tería ningún inconveniente en compartir con el lembranzas e nostalxias, e en tratar de chegaren xuntos ó fondo do que pasara na noite da morte de Lisa na casa de Arturo Soria. E se o que lles dixera ós demais e a el era o que de verdade o movía. Se Tim estaba alí para acusalo de algo, para botar sombras sobre a morte de Lisa, tamén quería escoitalo. Non comezara o Camiño para eludir preguntas nin respostas. Se tiña que descender ós infernos, descendería. Era verdade que aínda non estaba preparado para facelo, pero algún día tiña que se decidir. Tal vez Tim o axudase. Non faría nada por ir cara a el, entre outras cousas porque lle molestaba aquela presencia fantasmagórica, pero tampouco fuxiría del.

Lisa falaba moi pouco, e menos de Tim. Pero as poucas veces que o fixo en serio, se non se dedicaba a poñelo celoso, foi con verdadeira aprehensión. Para empezar, non sabía moi ben o que facía en Madrid.

–Miña nai di que estudia baile flamenco nunha academia, pero el non quere falar deso. ¿Imaxínalo vestido de flamenco? ¿Con ese cu gordo? ¿Con ese aspecto de mormón e os seus braciños curtos? ¿Podes imaxinar esas mans pencadas nun bailarín de flamenco?

Máis alá do cómico, Lisa dicía, algunhas veces, que Tim era sinistro. Pero outras veces encollía os ombros e recoñecía que pasaba algún tempo con el.

–A miña casa é tan aburrida -adoitaba dicir Lisa- que ata Tim resulta alí divertido.

Abram non lle preguntara nunca ata ónde chegaran, pero sabía que Tim perseguía a Lisa con intencións claramente amorosas. Pensar neles dous encerrados na casa de Arturo Soria facíalle sentir rabia e celos ó mesmo tempo.

De tódolos xeitos, Lisa non era unha rapaza das que se namoran en seguida, nin tampouco sentía necesidade de experimentar. A Abram díxolle que el era o seu primeiro amor, exceptuando o que puidera ter feito nas noites de borracheira e algunhas miudezas de adolescencia.

–Nenos, e non tan nenos. Se as demais se namoraban como parvas, eu tamén quería saber qué era eso. Pero nunca sentín nada especial por ninguén.

Tal vez por eso Berta e as demais resultaban tan imprescindibles para ela. A Abram molestáballe a súa complicidade. Eran rapazas baleiras, unha presencia obtusa e unha influencia embrutecedora, pero Lisa defendíaas porque, xuntas, conseguían que o mundo non significase nada, e os homes, menos ca nada.

–¿Baleiras? ¿Baleiras de que?

Lisa non vía nada no mundo que resultase interesante. O que estaba baleiro para ela era o mundo, así que ninguén podía estar máis baleiro cá a propia existencia. Con Berta e as súas amigas, todo era distinto. Abram sabía que a súa relación era algo máis ca unha simple amizade mutuamente útil para saíren o venres pola noite, pero non podía chegar ó fondo do que non era máis ca unha intuición.

Marcaba os pasos con levidade, feliz de non senti-la máis mínima dor ou cansazo, escorregando polo camiño, e máis agora que se fixera máis fácil, sen barro, sen asfalto, sen pedras soltas...

–Eh, ola.

Abram sobresaltouse ó oí-lo saúdo, un pouco brusco. Pero inmediatamente se tranquilizou. Era Marion, a rapaza francesa. Estaba sentada no chan cos pés cruzados. Fumaba algo que soltaba moito fume e sorría.

–Ola.

Abram ía continua-lo seu camiño, pero achegouse a Marion.

–¿Cándo saíches?

–¿De onde?

–De Roncesvales. Non te vin esta mañá.

Marion encolleu os ombros.

–Cedo. Non podía durmir ben.

Abram pensou na néboa húmida que arrodeaba Roncesvales pola noite.

–¿Durmiches fóra, na hamaca?

–Na hamaca, si.

–¿Mollácheste?

–Non, non. Fórrome moi ben.

Riu. Tiña os dentes separados, un pouco ralos, coma se a súa alimentación, de nena, non fose a mellor. Agora parecía máis alegre có día anterior, no bar de Casa Sabina.

–¿Vas seguir?

–Claro.

Abram dubidou un instante, porque comprendía que o Camiño era un acto íntimo. Marion era unha rapaza solitaria, e probablemente non porque non puidese ir máis acompañada.

–¿Seguimos un pouco xuntos?

Marion sorriu. Quitou un chisco de tabaco –ou o que fose– da punta da lingua.

–*Mais oiu!*

Levaba unha mochila enorme. Abram axudoulle a colgala ás costas e puxéronse en camiño os dous.

–¿E os bretóns?

–¿Quen?

–Os de Quimper.

Marion non respondeu. Sacou a cabicha de entre os beizos co polgar e o índice, esaxeradamente, e tirouna ó chan. Despois, moi amodiño, teatralmente, pisouna, xirando o tacón da bota. Por fin, ceibou unha gargallada.

Abram creu comprender.

Marion era simpática, cun sentido do humor moi francés que Abram descoñecía. Unha especie de malicia estudiada, de

xente do campo, pero de volta de todo. Polo que puido comprender na mestura de francés e español que usaba ela, vivía cun rapaz que era pastor no sudoeste de Francia. Pastor de ovellas, con dous cans pastores e un gran rabaño. Non debían ter fillos, aínda que Abram intuíu que aquela ausencia de fillos tiña algo que ver coa decisión de Marion de lanzarse ó Camiño, soa.

Non lle preguntou nada ó respecto. Parecía unha moza do campo que chegara moito máis lonxe. Pintaba acuarelas e Abram intuíu que debían de ser boas, vigorosas, moi vitais. Eso fíxoo pensar en Lisa e nos seus cadros, que nunca chegou a pintar. As súas portas, a súa grande idea, a única idea que lle insuflara un pouco de amor pola vida. Esa era a parte máis dolorosa de Lisa, o baleiro que deixaba, o futuro que nunca chegaría a encher. A miúdo, Abram intentara que empezase a pinta-los seus cadros de portas, pero ela, invariablemente, recorría ós tópicos e ós lugares comúns da indolencia: para qué, a quén lle importa, ónde vou eu pintando portas a estas alturas...

Un día Abram encontrara, sen embargo, un esbozo. Estaba no seu cuarto, oculto por toneladas de roupa abandonada que poboaban o cuarto. Abram buscaba un sitio para sentar mentres Lisa acababa de ducharse e, ó levantar un pantalón vaqueiro de peto que rara vez lle vira posto, encontrou o esbozo. Usara pintura acrílica, que seca axiña, pero aínda así o cadro deixara unha pegada de pintura na tea vaqueira. Abram deduciu, polo tanto, que nin sequera o contemplara un día enteiro. ¿Canto?, ¿unhas horas? Tal vez nin eso. Non lle custaba traballo imaxinar a Lisa acabando o seu traballo, mirándoo un anaco, ou deixándoo sobre a mesa para ir dar unha volta, e tirando despois o peto vaqueiro sobre o cadro para deixar de velo. Era unha mágoa, porque o cadro era bo. Tiña unha técnica moi detallista, case hiperrealista, e a porta parecía sólida, o límite de algo e o acceso a algo, ó mesmo tempo. Esa era a explicación da súa obsesión polas portas, unha obsesión que, estrañamente, non tiña nada que ver, coma case todo o tiña en Lisa, coa morte:

–As portas son as verdadeiras encrucilladas –dicía–. Todo cambia cada vez que cruzas unha porta, ou cada vez que decides non cruzala.

Esa era a sensación que transmitía o seu esbozo, a porta parecía decisiva, non unha imaxe calquera, tiña peso específico. O cadro non estaba acabado de todo, e unha parte estaba borrosa. Tal vez borrara do cadro a figura dun can, ou dun gato.

Abram intentou falar do esbozo con ela, pero Lisa riuse de si mesma, desprezou o seu traballo.

–Abúrreme pintar. Nunca xamais pintarei nada.

Abúrreme... Todo a aburría, e Abram odiaba aquela cantinela, que aparecía case invariable, en cada conversación.

–Abúrreme o mundo –dixo unha vez, despois dunha das súas fins de semana con Berta e «as inimigas»–. Debe de ser xenial deixar de velo.

¿Cando comezara a falar do suicidio? Tal vez naquel momento, ou tal vez desde sempre. Despois da súa morte, Abram recorrera ós seus recordos todo o lentamente que puidera, e en realidade estaba máis ou menos convencido de que o suicidio fora un tema constante de conversación con Lisa. Por eso, as súas amigas non pensaran que a súa invitación, a tarxeta que lles enviou, fose unha broma. Abram víraa na mesa da sala da casa de Arturo Soria: «A noite do 19 estás invitada na miña casa ó final da miña vida. Vai estar xenial. Non faltes». Escribírao á man, sobre un cartón de cor crúa que lembraba as invitacións de voda. Enviara unha a cada unha das inimigas: Berta, Susana e Ánxela. Non cría que lla enviase a Tim, aínda que o americano estivo en toda a festa. Abram lembrábao con claridade, mirándoo desde o sofá, cunha copa na man, no momento en que chegou. A el tampouco lle enviara a tarxeta de invitación. O seu sentimento máis mesquiño era sentirse ofendido por aquelo, porque non o invitara. Ese egoísmo de neno pequeno espertábao, ás veces, no medio da noite.

Despois daquela invitación «ó final da miña vida» ninguén podía dubidar xa de que a súa morte fora un suicidio.

–¿Sabes? –dixo Marion, interrompendo os dolorosos pensamentos de Abram-. A miña idea era percorre-lo Camiño co

cabalete e as pinturas. Quería pintar un cadro cada día. Un cadro de cada etapa. Un só. ¿Eh?

Levantaba o dedo e ría. Un só, cada día. Era un xesto tan vital que case oprimía a Abram. Quería dicir: de acordo, pinto un cadro, pero tamén fumo, bebo viño, camiño, fago o amor, como ben... Hai que deixar tempo para todo. Era tan diferente a Lisa que Abram se estrañaba por sentirse a gusto con ela.

Marion levaba un impermeable vermello co colo subido e o pelo húmido, coas pequenas gotas da poalla formando un diadema sobre a fronte. A Abram pareceulle que era propio dela ir coa gorra no interior do bar ou con bo tempo, e quitarlla baixo a chuvia.

Falaba facendo frecuentes pausas, coma se esquecese que non estaba soa, que estaba camiñando con alguén e non pensando en voz alta. A Abram gustáballe oíla, sen se preocupar demasiado polos fragmentos que non entendía.

–¿E non o trouxeches, o cabalete? –preguntoulle Abram por fin.

Marion detívose e agarroulle o brazo para contestar.

–¡Esqueceume!

E soltou unha gargallada contundente. Tiña a man moi forte, de campesiña. Abram notara moi ben a súa calor a través do xersei e da camisa. Imaxina-lo tacto daquela man aplicado a acariña-lo seu corpo fixo que notase unha repentina excitación. Era a primeira vez que pensaba en Marion desde ese punto de vista.

Ó mediodía chegaron a unha aldea na que había un bo lugar para xantar. Sentaron nunha mesa afastada e pediron o menú, que era bastante barato. Comeron pochas, unhas fabiñas escuras moi ben adobiadas, e un delicioso guiso de año con patacas novas, moi douradas e moita cebola, case desfeita. Tan bo estaba que os dous renunciaron á sobremesa. A Abram gustoulle que ela pedise tamén café negro, sen azucre. Bebéro-no en silencio e volveron ó camiño.

Chegando ó final da etapa do día, en Zubiri, Marion sorprendeuno:

–Eu vou quedar aquí.

Sinalaba o bosque. Abram decatouse perfectamente de que aquelo era unha despedida, ó menos momentánea.

–Eu sigo deica Zubiri.

–Verémonos.

–Verémonos, claro.

Continuou só, un pouco enfadado. Sentíase débil, vulnerable. Sen Lisa, dáballe medo volver a se converter naquel rapaz indeciso e borroso que fora antes de coñecela. Gustaríalle seguir canda Marion. Gustáballe e sentírase incluso algo excitado pola súa compañía. Pero agora ela decidira separarse del.

Un paxaro cantou desde a póla dun pequeno castiñeiro. Tiña a voz triste, un ton breve, desgarrado. Abram detívose intentando velo, pero non o conseguiu. Pensaba se sería aquel paxaro do que falaba Lisa tantas veces nas súas excursións pola serra, a «alma en pena». Adoitaba dicir que era un paxaro que acompañaba ós camiñantes emitindo unha voz triste, coma un lamento. Por eso lle chamaban «alma en pena». Lisa dicía que Alma era un nome que lle gustaba. Gustaríalle chamarse así: Alma. Abram non volveu oír en toda a tarde a «alma en pena».

Cara ás cinco chegou a Zubiri. Entrábase ó lugar por unha ponte fermosa e sólida. Unha muller explicoulle, sen moito entusiasmo, que Zubiri quere dicir, precisamente, «aldea da ponte». A aldea da ponte, en si, non tiña moita gracia: longa, situada a ámbolos lados da estrada. O albergue de peregrinos estaba cerca. Ó entrar, Abram viu o peregrino reseco do bar da mañá. ¿Por onde o adiantara? Non lle preocupaba demasiado, a verdade. Outros peregrinos entraban e saían, lavaban roupa e preparaban algo de comer sobre a mesa do comedor. Abram elixiu unha liteira na sala máis pequena, duchouse e saíu a dar un paseo.

Zubiri estendíase á dereita e esquerda, sen moitas diferencias. Abram deu unha volta pola zona que parecía máis antiga e despois regresou, a modiño, cara atrás. Ía entrar no albergue, pero seguiu camiñando sen mirar cara a onde. Ó acaba-las casas había unha gasolineira e un hotel de estrada, con restaurante.

Nos arredores do restaurante esmorecía unha festa. Pais e nais vestidos de domingo, avós, nenos. Moitos destes ían vestidos de primeira comuñón. Abram sentou na terraza cun refresco. Diante del xogaban dúas nenas. Unha ía co traxe de primeira comuñón, pero a outra vestía de encarnado, cunha chaquetiña de la branca, e levaba dúas latas de coca-cola cravadas nos zapatos. Ou ó revés: pisara dúas latas de coca-cola e estas quedáranlle entre o tacón e a sola. A nena ía sobre os botes coma sobre tacóns, tratando de mante-lo equilibrio e de non romper aquel pequeno milagre. Levantarse sobre os dous tacóns de lata convertíana, antes de hora, en muller.

As dúas nenas chamábanse Maite. Unha era roxa e a outra, a dos tacóns de lata, morena; pero as dúas eran pencadas. Parolaron con Abram un bo pouco. Este díxolles que era peregrino e elas contáronlle que a súa mellor amiga, que se chamaba Edurne, era moi fea. Burlábanse dela cunha crueldade que a Abram lle resultaba indecente. Sentíase identificado con Edurne, pero era incapaz de defendela. Sobre todo ante a Maite dos tacóns de lata. Lembráballe a Lisa. A súa ollada era a mesma, ou ó menos eso lle parecía: coma unha interrogación conxelada. Ve-la nena permitíalle ver a Lisa desprendida de todo o accesorio. Lisa era tamén unha nena, pouco máis. Pero encima da nena-Lisa había moitas cousas: a xente, o que se esperaba dela, o que facían os demais... Oxalá tivese sido sempre así, coma a nena do vestido encarnado e os tacóns de lata: levemente coqueta, feminina e aguda, pero simple ó mesmo tempo.

De súpeto, a nena achegouse a Abram. Ó saír da herba, os tacóns resoaban na beirarrúa.

–E ti, ¿como te chamas?

–Dimo ti.

Ela encolleu os ombros. Abram sentiuse un pouco decepcionado, coma se a nena estivese obrigada a adiviña-lo seu nome.

–¿Para que o queres saber? –preguntoulle por fin.

Ela mirou cara atrás para se asegurar de que a súa amiga non os podía oír.

–É que lle gustas a Maite.

Abram sorriu. Era mentira. Era ela a que estaba interesada no peregrino, non a súa amiga. A Abram doeulle Lisa. Doeulle a súa ausencia, a súa morte. Máis ca nunca. Mirou os ollos de Maite, a nena dos tacóns de lata. Quedaron así, suspendidos no tempo. Interrogacións conxeladas, eso eran os ollos de Maite e os ollos de Lisa.

–Dille que me chamo Abram.

–¿Abraham? –preguntou ela.

–Non. Sen hache: Abram.

–Abram –repetiu ela, coma se gardase o nome baixo sete chaves.

–¡Maite!

Era a súa nai. Vestida de domingo e cansa.

–¡Que nos imos!

Miraba a Abram con suspicacia.

–Está ben, adeus.

–Adeus.

Maite meteuse no coche, no que agardaba seu pai, con coidado, tratando de evitar que lle caesen os tacóns de lata. O coche arrincou e Maite mirou a Abram a través do cristal. Mentres o coche se afastaba, Maite baixaba o cristal. A brisa axitou o seu pelo negro antes de que un camión ocultase o seu rostro.

Abram cerrou os ollos. Estivo así moito tempo. Cando os volveu abrir chegaban os sete ananiños altos pola estrada, coas súas mochilas e os seus bastóns. Rían por todo. «Peregrinos felices», pensou Abram. «Entón, ¿para que peregrinan».

Os ananiños altos entraron no hostal. A Abram déronlle envexa: cuarto para un só, con baño para un só, sen ronquidos nin cheiro a pés.

Ergueuse e afastouse do hotel, cara ó albergue. En Roncesvales durmira en Casa Sabina, porque era o principio. Pero prometera que a partir de entón ía durmir en albergues de peregrinos, coma os demais.

No albergue non atopou a Tim. Abram íase habituando a idea de compartir con el o Camiño, de lonxe, e por eso o bus-

caba. Tim era unha acusación e unha intranquilidade, pero tamén era unha estela de Lisa. Pero non estaba. Sentou fóra, cun xersei e un libro de Paul Theroux sobre unha viaxe en tren dende Londres ata o Tíbet, percorrendo tamén en tren case toda China. Abriu o libro e, de cando en vez, leu un parágrafo, un pouco farto do catálogo de esgarros ó que parecía reducirse a experiencia chinesa de Theroux, pero a súa mirada estaba na estrada, por onde esperaba ver aparecer a Tim Legger en calquera momento.

Non apareceu. Abram cerrou o libro e foi cear a un pequeno bar do lugar. Ás dez meteuse na liteira para durmir. Ronquidos e cheiro a suor, tal como temía.



Título: *Resalgario*
Escritor: Antonio Reigosa
Ilustrador: Santiago Gutiérrez Gómez
Editorial: Xerais de Galicia
Colección: Merlín; 108, serie laranxa (de 11 anos en diante)
Ano de publicación: 2001
Núm. pp.: 99
Premio: Raíña Lupa 2000

A OBRA

Resalgario é o nome dun dos fillos máis novos do Demo Maior, que se converte no narrador protagonista desta novela estruturada en catorce capítulos curtos, todos eles titulados, nos que este diaño, que adopta figura humana, conta a súa viaxe a Compostela para visitar a San Croques, tras ser castigado por seu pai a botar un ano de peregrino. No seu percorrido ten que botar man acotío da habelencia e sabedoría para librarse dos enganos ao que o someten tanto os homes coma os animais e mesmo os seres da ultratumba. Despois de moitas aventuras nas diferentes etapas, non exentas de humor, chega por fin a Compostela e alí namórase dunha moza, á que conquista grazas a un consello que lle envía a nai por carta. É tan forte ese sentimento que decide non regresar ao seu inferno natal cando o pai o vén buscar no día de San Bertomeu. Tanto algunhas das aventuras narradas coma a propia forma de presentar os acontecementos e a linguaxe empregada teñen unha clara influencia das formas da transmisión oral.

O relato preséntase acompañado de ilustracións figurativas en branco e negro que recrean algunhas das escenas.

Neste capítulo seleccionado nárrase como, axudado pola receita de súa nai, endereita o pelo da súa namorada e chega por fin a Compostela. Escóllese este capítulo porque supón a fin da peregrinaxe de Resalgario coa chegada á Catedral onde contempla e describe o Pórtico da Gloria e o encontro co San-

to dos Croques co que fai un pacto no que Resalgario fai uso da súa habelencia para poder dar os croques. Relata os intentos fracasados por sacar a nai de San Croques do Inferno, botando man do humor, ademais de empregar crenzas da tradición oral, como as consecuencias que comportan para o demo Resalgario pisar en sagrado.

O ESCRITOR

Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958) traballa no Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo dende 1982. Colabora con traballos de divulgación relacionados coa historia, a arte, a etnografía, a mitoloxía popular e a literatura oral en diversos medios de comunicación e revistas especializadas. Así mesmo, é o creador e coordinador de *Galicia Encantada*, enciclopedia virtual da fantasía popular de Galicia, e cofundador do grupo de investigación etnográfico "Chaira". Na LIX é coautor, xunto con Xosé Miranda e Xoán Ramiro Cuba, de distintos volumes nos que se reescriben contos da transmisión oral, publicados especialmente na colección "Cabalo buligán". En solitario ten publicado arredor de media ducia de obras, dende *Afonso, Afonso. Memorias dun raposo* (1998, Premio Merlín 1998) até *O polimacho e outras criaturas* (2008).

O ILUSTRADOR

Santiago Gutiérrez Gómez (Vigo, 1971) é caricaturista, humorista gráfico e ilustrador. Comezou colaborando cos xornais *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*, para logo facelo con *Atlántico Diario*, *El Progreso*, *La Región* ou *La Opinión*. Expuxo a súa obra no Museo do Humor de Fene e recibiu premios como o do concurso de Humor Gráfico Joven&Brillante. Membro fundador de Baobab e presidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración dende 2008, no eido da LIX ten ilustrado tamén os contos *Tanis I, o Mocos* (1998) e *Estanislao, príncipe de Sofrovia* (2002), ambos de Manuel Lourenzo Gonzá-

lez; *Un fantasma en apuros* (2005), de Laura Gallego; *A bruxa que comía as palabras bonitas* (2006), de Antonio Rodríguez Almodóvar; ou *O maquinista Antón* (2009), de An Alfaya.

O trato con San Croques[27]

Aínda non rematara de ler a carta e cando ergo a cabeza, no sitio que deixara libre o carteiro que ma trouxera, estaba agora a figura da moza que me avergoñara coa proba do pelo.

–¿Acórdaste de min? –díxome, por saúdo.

–Acordo, muller.

–¿Aínda gardas o meu pelo?

–Gardo. ¿E ti gardas o meu?

–Aquí o teño.

E mentres me ensinaba un pelo enroscado coma o rabo dun bacoriño rabilongo, preguntoume:

–¿Que estás lendo?

En vez de contarllo, traducinlle a carta con puntos e comas. E despois de alabar a moita sabedoría da miña nai, volveume a preguntar:

–¿E logo por que non fas o que che di a túa nai?

Non tiven dúbidas. Era vela e quedar coma aparvado mirándoa, coma un cadeliño que agarda que alguén lle propoña unha desculpa para arrolarse. Busquei os ingredientes, metín o pelo no amoado e despois do tempo necesario quedoume dereitiño coma un asubío portentoso. Gastamos o que quedaba da noite durmindo xuntos, arreconchegados contra o muro do adro da capela do santo e, ó sentir cantar por terceira vez o mesmo galo, amenceu. Entón, díxome:

–Antes de dar as doce estarás diante do santuario do San Croques en Compostela. E despois, como é día de San Bartolomeu, se eso é o que queres, podes aproveitar para volver para a túa casa co teu pai.

Pasamos aquel tempo –o camiño é pouco e case todo el é costa abaixo– ela falándome e eu, sen escoitala, mirando como falaba. A min, indo ó seu carón, parecíame ir no aire, levitando, e xa non sabía se quería chegar a Compostela ou perderme e non atopar endexamais tal lugar.

---

[27] Capítulo inserido na novela *Resalgario*, publicada no ano 2001, que ocupa as páxinas 87-93.

Pero, xusto cando eu non facía nada por conseguilo, chegamos. Entramos na cidade por rúas estreitas, abeiradas por casas de pedra antigas, e desembocamos nunha praza inmensa rodeada de pazos. Non había xente, ou eu non a vin, anque daquela nin me decatei. Só me quedaba subir os chanzos que me separaban do portalón para chegar ó meu destino, o santuario do San Croques de Compostela.

A miña compañeira preferiu agardar fóra. Mentres subía polas bancadas que conducían á porta principal da catedral pensaba máis na moza ca no santo. E estrañeime de non saber aínda o seu nome. Dei a volta e berreille desde o alto:

–¿Como te chamas?

E ela, cun falar moi doce, contestoume:

–Xa cho direi. Agora atende ese traballo.

Doeume algo a resposta pero non lle faltaba razón. Primeiro sempre é o primeiro e eu tiña que darlle os croques ó santo para que se me acendese a luz que dicía meu pai que me faltaba.

Rematei de subir a escaleira aquela e traspasei a porta da entrada. Mesmo detrás desta primeira había outra portada sen portas con arcadas decoradas con figuras, e todo aquelo que se che pon diante dos ollos, sendo como é, que non é outra cousa, contrapropaganda do Inferno, está feito con tal gracia e tal beleza que ata dá gusto miralo.

Alí estánchevos retratados case tódolos habitantes do Ceo e algúns do Inferno, tamén están outros dos reinos menores tal que o Limbo e o Purgatorio; os anxos e os demos, os animais amigos e inimigos dun e doutro bando, os monstros, os apóstolos, os profetas, os pecados, Xesús Cristo e un santo que se chama Santiago Matamouros. Os bos a un lado, os malos ó outro, envoltos todos en filigrana moi ben traballada, todos feitos en pedra para que ninguén dea guerra. Dos principais só botei en falta a figura do meu pai e a do San Croques que eu buscaba.

E nesto andaba, e xa notaba as meixelas roxas e as uñas reviritadas por andar pisando en sagrado, cando sinto unha voz que me chama:

–¡Resalgario! ¡Oi, Resalgario!

–¿Quen me chama?

–Son eu; o San Croques.

–¿Onde te escondes?

–Entra máis adiante e xa me ves.

Dei dous pasos para dentro e alí estaba o San Croques, rotulado co seu título de arquitecto, posto de cu ós que entran, agachado por tras dunha columna e axeonllado. E sen que eu puidese falar outra palabra, díxome el:

–Sei quen es, e a que vés aquí. E, por moi rufo que te poñas, non che vou deixar darme os croques. ¿Onde se viu que un demo e un santo teñan tratos?

Non contaba con aquel contratempo pero xa que as cousas viñan revoltas, tiven que botar man da memoria e defenderme:

–Meu querido mestre, San Croques, váiase a modo e escoite agora. Eu sei, porque así se conta, que vostede puido facer este magnífico pórtico despois de pedirlle axuda a un meu tataravó que coidaba dunha boca do Inferno que había neste mesmo lugar antes de atoárena. E sei tamén que o meu tataravó e mais vostede chegaron ó acordo de que el lle axudaba nesta grande obra a cambio de que vostede fixese un pauto con el para entregar a alma da súa nai cando morrese. E como houbo trato, o mérito deste enxeño quedou para vostede, e para o Inferno foi a alma da súa señora nai. Sei que intentaron máis dunha vez sacala de alí, e sempre fracasaron. E non me faga agora, porque nos levaría moito tempo, repasar os seus fracasos.

–¡Cala, lampallo, cala; non me lembres os meus pecados! Por ese erro non estou entre os santos oficiais, aínda que a xente, ben o ves, trátame coma tal e tenme lei!

–Xa o sei e por eso me mandou meu pai onda vostede. Eu agora ofrézolle outro trato; déixeme dar os croques contra a súa cabeza e eu, a cambio, xestiónolle a mudanza da súa nai para o Ceo. Vostede pénseo, pero non tarde, que teño un chisco de présa.

E mentres o San Croques tomaba unha decisión, eu, como pensando en voz alta, facía reconto dos moitos intentos fracasados por sacar a nai do Inferno. Por outra parte, a señora era

unha vella túzara e revoltosa, que ata que se afixo a estar alí tiña arrebatos devastadores para nós, pois, ó mellor, se lle daba por aí, dun peido que botaba mataba mil demiños á redonda.

Aínda así, tiñamos alí non sei cantas almas avisadas que non a perdían de vista e cando osmaban algunha manobra para levala, daban sinal de alarma instantánea. O mesmo fillo quixo sacala valéndose dun couselo das verzas cheo de vermes. E foi que desatoou a Boca do Inferno que hai mesmo debaixo do santuario e desde a entrada botou as verzas prendidas unhas noutras para abaixo, pensando que os demos e os condenados nos iamos asustar e retirarnos ó ver os bichocos. Díxolle á nai que se agarrase, que el xa tiraba, pero as ánimas que estaban ó quite tamén se colgaron das verzas e o santo, ó querer sacudir para desprender as que non lle interesaban, fixo que caesen todas outra vez para as brasas do Inferno; e a nai con elas.

Nestes pensamentos mataba o tempo cando o San Croques acordou e díxome que había trato.

–¡Primeiro os croques! –díxenlle.

–¡Non, primeiro que saia a miña nai!

–¡Se non hai croques, non hai trato!

Convencino. Púxenme de cara e deille contra a testa, unha tras outra, as tres turradas. E acordeime de que se non fosen de pedra, aínda facían falta ben cántaras de amoado para endereitarlle tanto rizo como tiña no pelo.



Título: *A Galiña da Paz*
Escritora: Gloria Sánchez
Ilustrador: Manuel Uhía
Editorial: Edebé-Rodeira
Colección: Tucán; 31, serie verde
(a partir de 9 anos)
Ano de publicación: 2002
Núm. pp.: 150

A OBRA

Relato que coñeceu unha primeira versión no volume *Imos xuntos camiñar* (1999) e no que se bota man do humor para desmontar algúns dos tópicos referidos ao Camiño de Santiago. Presenta unha estrutura en quince capítulos titulados, que están protagonizados por Galiña, ave que vive pechada na torre máis alta da catedral de San Domingos da Calzada na Rioxa. Trátase dunha descendente da galiña que o Apóstolo empregou para realizar o milagre de que falara despois de asada. A protagonista coñece un día unha pomba da paz e, insatisfeita co seu destino, toma a decisión de converterse nunha Galiña da Paz. Non obstante, limitada polo feito de que as súas ás non serven para voar, decide marchar en peregrinación onda o milagroso Apóstolo Santiago para que lle conceda o seu desexo. Nun descoido do sancristán e acompañada de Lagarturo, o seu amigo lagarto, inician o Camiño de Santiago, empresa que a enfronta a arriscadas aventuras, nas que ten que superar moitos perigos, como fuxir dos humanos que a atropelan cun coche e queren papala; seguir o camiño correcto despois de equivocarse e rematar nunha escola crendo que é a catedral de Santiago; despistar o raposo que lle quita as plumas ao convencela de que logo lle han de nacer outras coas que voar e atopar a Lagarturo, a quen perdeu no camiño. Finalmente, ambos chegan o 25 de xullo a Santiago, grazas á axuda duns peregrinos franceses, aínda que a galiña está pelada e o lagarto vai sen

rabo. No templo compostelán as figuras do Pórtico da Gloria non están moi convencidas de querer axudala, pero Galiña consegue cubrirse de plumas coas que voar logo de pedirllo ao Apóstolo e mediar a Berenguela.

A cuberta a cor e as ilustracións figurativas e impresas a dúas tintas axudan a visualizar os protagonistas e a situar o lectorado nalgunhas das escenas, complementando o texto. Son debuxos de grande expresividade con trazos infantís, divertidos e cómicos. Están realizados en acuarela con gran dominio e soltura. As ilustracións de páxina enteira sitúanse no medio de cada capítulo, mostrando en clave de humor os personaxes e situacións do relato.

No capítulo seleccionado ten lugar un dos acontecementos culminantes do relato: a chegada a Santiago de Compostela dos protagonistas. Ambos os dous contemplan por primeira vez a cidade dende un enclave mítico: o Monte do Gozo, onde se manifesta o xúbilo dos peregrinos por ter logrado o seu obxectivo. Este momento resulta aínda máis especial polo feito de que se celebre nesa xornada o 25 de xullo, festividade do Apóstolo.

A ESCRITORA

Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1958) estudou Maxisterio e exerce a docencia impartindo clases aos máis pequenos. Ten publicadas arredor de trinta obras dirixidas ao lectorado infantil e xuvenil. Iniciou a súa traxectoria coa publicación d'*A pequena historia de Oscariño* (1989), á que seguiron títulos como *Fafarraios* (1991, Premio Merlín 1990), *Doutor Rus* (1995, Premio Edebé de Literatura Infantil 1994) ou *Chinto e Tom* (2001, Premio Lazarillo 2000 e The White Ravens 2002) até *Dez Piratas* (2006) e *Adiviñas monstruosas* (2006).

O ILUSTRADOR

Manuel Uhía (Portonovo, Pontevedra, 1944) estudou Belas Artes en Madrid, onde comezou a traballar como ilustrador e deseñador gráfico en editoriais e axencias de publicidade, labor que continuou ao seu regreso a Galicia e que comparte tamén coa pintura ou, nalgunha ocasión, coa dirección e o traballo como guionista de documentais de temática mariña. Ten ilustrado máis de oitenta libros, moitos deles de LIX, polos que recibiu numerosos galardóns, entre eles o Premio Rañolas de Ilustración 1997, Lista de Honra no XXXVI Premio CCEI 1997 e o Premio de Ilustración Lecturas 2004 de Gálix. Ademais de como ilustrador, como autor de LIX ten publicado arredor de dez obras, dende *Pinturiño* (1996) até *Medusiña e familia* (2009).

12- Santiago, a cidade máxica[28]

Ó cabo duns días divisaron Santiago. Desde o alto do Monte do Gozo Galiña contemplou as torres da catedral que sobresaían por riba dos demais edificios. A cidade parecía durmir entre unha fochanca no medio dos montes. Facía un sol espléndido e non chovían peixes, nin gambas tan sequera. Outra das grandísimas trolas de Galopindo, aínda que aló lonxe no horizonte avanzaban lentamente unha manda de nubes mouras e grisallentas. Os camiñantes pegaban choutos e gritos de alegría pero Galiña sentíase máis triste ca nunca.

–Todo esto para nada. Santiago está alí e eu a piques de ser engulipada. Seguro que o celebran comigo, por eso me daban a comer cousas ricas. ¡Ou!

–Nunca sabe un onde a ten; saír da cinza e meterse nas brasas –engadiu Lagarturo abatido.

Cando Galiña escoitou falar de brasas, comezou a saloucar e chorar coma unha fonte. Xa se imaxinaba disposta para ser asada escarranchada nunha grella. Lagarturo trataba inutilmente de consolala, pero o único que facía era empeorar aínda máis a situación.

–Non chores, burriña, que non era de veras. Has ver como estes señores estranxeiros non están afeitos a comer pitas. Só comen lambetadas, pisas e hamburguesas. Nin lles pasa pola cabeza o saborosa que pode estar unha poliña nova cocida cunha pataquiña e unha pinga de aceite por riba...

–¡Buaaaaaaaaa! –choraba ela con máis forza.

Foi entón cando Galiña notou que algo se remexía no peto da chaqueta. ¡O ovo! Coa calor de Galiña o ovo incubara e por unha fenda asomaba o peteiro dun pitiño que pugnaba por saír ó exterior. Galiña e Lagarturo quedaron coa boca aberta. O pito botou a cabeza fóra da casca e remexíase inquedo tratando de liberarse da súa casiña cativeira.

–Menos mal que non lle imita ó pai –dixo Lagarturo– é cuspidiño a ti.

---

[28] Capítulo inserido na obra *A Galiña da Paz* (2002), que ocupa as páxinas 107-114.

–¡Xa che dixen que non é meu! –dixo Galiña enfadada– Doumo un rato.

–¡Si, si! Un rato disque... –engadiu Lagarturo escéptico–. ¡A ver se pensas que non entendo eu das cousas susoais!

–¡Boh!

Por fin o pitiño liberouse da casca por completo. Galiña colleuno entre as súas ás e apertouno contra si...

–Eu son o teu tío. Ti-oar-tu-ro –dixo Lagarturo, remarcando cada unha das sílabas–. A ver, repite: ti-oar-tu-ro...

–Aínda é moi pequeniño. Ó mellor aínda ten que aprender a escoitar.

Galiña volveuno meter no peto da chaqueta. Este acochouse e quedou a durmir. Os dous quedaron pasmados mirando para el.

–¡Que tan bonitiño é! –dixo Lagarturo cheo de satisfacción.

Era o 25 de xullo, o día do Apóstolo, e Santiago de Compostela estaba en festas. Os peregrinos descendían en mandas rebuldeiras pola rúa de San Pedro abaixo, camiño da catedral. E por fin chegaron *Susán* e os seus pais á Praza do Obradoiro chea de xente a reverter.

Había unha fileira longuísima para entrar no templo e os pais de *Susán* preferiron agardar un anaco mentres descansaban á sombra, sentados nas escaleiras da Praza da Quintana. A nena abriu a mochila para coller unha botelliña de auga e botar un grolo, pero esqueceu pechala. Cando foi gardar de novo a botella encontrouse coa sorpresa de que Galiña non estaba. No seu lugar laiaba un pitiño amarelo orfo de nai e pai.

A rapaza non entendía o que estaba a pasar. ¿Acaso a galiña encollera de repente? ¿Que era o que estaba a suceder? ¡Ou! Todo aquelo era moi, moi estraño. Certamente que tiña oído que Santiago era unha cidade máxica e que Galicia estaba infestada de meigas, pero ela era unha rapaza de dez anos que navegaba por Internet, e bastante lista como para non facer caso desas andrómenas. Pero agora a cousa cambiaba; naquela cidade pasaban cousas paranormais e ela tiña na man unha proba

evidente... ¡E piaba! A non ser que a súa mochila de goretex que lle puxeran por Papá Noel actuase como unha máquina do tempo que retornara a galiña á súa infancia.

–¡Oh lalá! ¡Que guai!

Mentres a nena maquinaba os sete maquinares, Galiña e Lagarturo xa descansaban ó agocho dun posto de quincallas ó pé da catedral.

–Dáme un non sei qué deixar así a *Susán* –dixo Galiña. Cando menos tróuxonos ata aquí ben descansados e mantidos. Nunca saberei o que pretendía; non era coma a outra rapaza do coche...

–¡Dácheme boa ansia! Máis o sinto por Pitiño.

–Tamén eu o boto a faltar. Digo eu que coidarán ben del. Cando menos estará máis seguro que connosco...

–¡Meu carrouchiño! Se xa me coñecía e dicíame tío e todo.

–¡Pío! –dixo Galiña-. ¡Dicía pío, non tío!

–Ti o que tes é unha envexa que non te lambes.

–¡Non tal!

–¡Si tal!

–¡Non tal!

–¡Si tal! ¡Tumba e corre, que a que se pica allos come!

–¡A ti, cando che dá por poñerte repugnante...! –dixo Galiña.

Pasaba da media noite. Na Praza do Obradoiro esmorecían os últimos ecos dos fogos de lucería da festa en honor do Santo. Unha morea de xente serpeaba polas ruelas da cidade vella deixando a praza solitaria e magnífica. Só a lúa no ceo era muda testemuña do vagar silandeiro dunha galiña desplumada e dun lagarto rabelo. Comezou a chuviscar, pouca cousa, o xusto para que o empedrado da praza refulxise en brillos de ouro e prata.

–Igual choven estreliñas pequenas –dixo Galiña–; por eso brillan as pedras desta maneira.

–Por chover podían chover moscas –respondeu Lagarturo malhumorado e cheo de frío–. Dígoo por ter un detalle co meu estómago, que xa o levo todo mirrado e pegado ó espiñazo de chupar as regalicias da *Susán*.

–A min gustábanme –dixo Galiña–. Estaban ricas aquelas cousas.

–Pois que che aproveite coma o alcacén ós cans. ¡Onde estea un bo moscón que se quite o chiculate!

Á fin deixáronse de lerias. Precisaban dos folgos para subir a escalinata da catedral. Lagarturo atallaba polas paredes arriba, pero a Galiña non lle resultaba nada fácil superar aqueles chanzos tan altos coas súas patiñas miúdas.

Cando chegaron arriba, detivéronse ante o enorme portón que lles franqueaba o paso. Parecía que estaba achegado. Miráronse un ó outro antes de decidirse a entrar, e xusto nese intre, unha gárgola chuspiu sobre eles unha manta de auga como quen envorca un xerro. Os dous quedaron enchoupados, chorreando auga por todas as partes. A gárgola sorriu con malicia, sabedora de que acababa de facer unha trasnada. Lagarturo refungou todo aborrecido:

–¡Mala chispa te coma! Eramos poucos...

3. Referencias bibliográficas

Agrelo Costas, María Eulalia, Isabel **Mociño González** e Marta **Neira Rodríguez** (2008), "Las antologías en la literatura infantil y juvenil gallega como instrumentos didácticos en la enseñanza", en *Tabanque*: *Revista pedagógica*, n.º 21, pp. 139-160.

Equipo Glifo (1998), *Diccionario de termos literarios*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Vol. I (A-D), 585 pp. Tamén se pode consultar na páxina web http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord., 2008), *Docencia, Investigación y Crítica de LIJ en el Marco Ibérico. Informe 2004-2007*, Cuenca: LIJMI/ Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil (CEPLI)-Universidad de Castilla-La-Mancha, 68 pp. Tamén se pode consultar na páxina web http://www.usc.es/lijmi/ (Apartado "Publicacións en Liña").

_____ (coord., 1996-2009), *Informe de literatura 1995-2008*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. CD-ROM e www.cirp.es (apartado recursos).

____ (2005), "Literatura infantil y juvenil y canonización", en Mª Carmen Utanda Higueras, Pedro C. Cerrillo Torremocha e Jaime García Padrino (coords.), *Literatura infantil y educación literaria*, Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 185-194.

____ e Mª Jesús **Agra Pardiñas** (compiladoras, 2010), *Itinerario de lecturas. De camiño a Compostela pola LIX*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura/ELOS (Asociación Galego Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil) /LIJMI (Red Temática de Investigación "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano").